PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 96

Sesión plenaria
18 de decembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1.

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 (09/PL-000010 doc. núm. 39155)
Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 396, do 12.12.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente comunica que se manteñen para a sesión plenaria as emendas dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea. (Páx. 6.)

Presentación do ditame da comisión: *Sr. presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Losada Álvarez) (S).* (Páx. 6.)

Debate conxunto dos estados de gastos

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso defender as emendas mantidas: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 8.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 15.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 24.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 33.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 41.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 43.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 47.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 51.)

Debate do articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 55.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 59.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 65.) *e Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 68.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais grupos: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 73.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 75.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 77.) *e Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 79.)

Votación do Ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

Votación dos estados de gastos

Votación dos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais

O señor presidente comunica que o G. P. dos Socialistas de Galicia solicitou a votación separada das seguintes emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda número 12 presentada aos orzamentos da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), da número 25 á sección 06 (Consellería de Facenda), da número 48 á sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria, da número 300 á sección 14 (Consellería do Medio Rural) e das emendas números 147 á 149, 161 á 164, 166, 167, 175, 176, 187 á 189, 197 á 199,208 e 209 ao Servizo Galego de Saúde, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *Rexeitadas por 19 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 82.)

O señor presidente comunica que o G. P. do Bloque Nacionalista Galego solicitou a votación separada das seguintes emendas do seu propio grupo.

Votación das emendas números 148, 150, 151 e 152, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, aos orzamentos do Servizo Galego de Saúde: *Rexeitadas por 20 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 82.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentadas aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais, agás as xa votadas: *Rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia presentadas aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais: *Rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

O señor presidente comunica que o G. P. dos Socialistas de Galicia solicitou a votación separada, das seguintes emendas do G. P. de En Marea.

Votación das emendas do G. P. de En Marea números 176 á 216 aos orzamentos da sección 10 (Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional), da número 362 á sección 14 (Consellería do Medio Rural) e das números 258 á 273 ao Servizo Galego de Saúde: *Rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Votación conxunta das emendas do G. P. de En Marea presentadas aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais, agás as xa votadas: *Rexeitadas por 19 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 84.)

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais: *Aprobados por 38 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Votación do texto articulado do ditame

O señor presidente comunica que se vai proceder á votación conxunta das emendas presentadas ao texto articulado do ditame por cada un dos grupos parlamentarios.

Votación conxunta das emendas 1 á 35, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao texto articulado do ditame: *Rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación conxunta das emendas 1 á 4, 6 á 8, 10 á 13, 16 á 47 e 49 á 79, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao texto articulado do ditame: *Rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación conxunta das emendas número 1 á 41 e da 43 á 52, do G. P. de En Marea, ao texto articulado do ditame: *Rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación do texto articulado do ditame: *Aprobado por 38 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Remata a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión co punto único, que é o Debate e votación do ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

O señor PRESIDENTE: Mantéñense para o Pleno as emendas dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, Socialista e Grupo Parlamentario de En Marea.

O esquema do debate será a presentación do ditame, despois o debate conxunto dos estados de gastos e o debate do articulado e, posteriormente, serán as votacións.

Comezamos, polo tanto, coa presentación do ditame da Comisión. Para iso ten a palabra o presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, don Abel Fermín Losada Álvarez.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Losada Álvarez): Grazas, presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro.

Presentación do ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

O Proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 19 de outubro de 2018. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 19 de outubro de 2018, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento*.

As emendas á totalidade foron cualificadas o 12 de novembro de 2018. Os grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego formularon emendas de devolución global dos orzamentos xerais e dos orzamentos das seccións, así como emendas non devolutivas que transferían créditos entre aplicacións de diferentes seccións ou modificaban a contía total dos estados de ingresos e gastos. Todas as emendas foron desbotadas na sesión do Pleno do 19 de novembro de 2018.

As emendas parciais que se detallan a continuación foron cualificadas o 23 de novembro de 2018. Grupo Parlamentario Popular de Galicia: emendas ao articulado, 3; emendas aos estados numéricos, 4; total, 7. Grupo Parlamentario de En Marea: emendas ao articulado, 52; emendas aos estados numéricos, 380; total, 432. Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: emendas ao articulado, 79; emendas aos estados numéricos, 546; total, 625. E Grupo

Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: emendas ao articulado, 35; emendas aos estados numéricos, 342; total, 377. Isto fai un conxunto de emendas ao articulado de 169 e de emendas aos estados numéricos de 1.272; o que supón 1.441 emendas no seu conxunto.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do 26 de novembro de 2018 designou os seguintes ponentes. Grupo Parlamentario Popular de Galicia: don Pedro Puy Fraga, titular; don Miguel Ángel Tellado Filgueira, suplente. Grupo Parlamentario de En Marea: don José Manuel Lago Peñas, titular; don Antón Sánchez García, suplente. Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: don Abel Losada Álvarez, titular; dona Begoña Rodríguez Rumbo, suplente. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: dona Noa Presas Bergantiños, titular; dona Olaia Rodil Fernández, suplente.

A sesión da ponencia tivo lugar o 27 de novembro de 2018. e nela rematouse o informe que contén as recomendacións que lle fixo a Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. Tamén recomendou a aprobación das emendas número 1, 9, 14 e 15 do Grupo Parlamentario dos Socialistas; unha emenda transaccional coa número 48 deste mesmo grupo parlamentario; e unha emenda transaccional elaborada coa emenda número 42 do Grupo Parlamentario de En Marea. A número 5 do Grupo Parlamentario Socialista foi retirada por ter un contido coincidente coa letra m) do artigo 7.

En relación coas restantes emendas, a Ponencia, por maioría, recomendoulle á Comisión o rexeitamento das presentadas ao articulado polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

As emendas aos estados de gastos presentadas por estes grupos quedaron pendentes para Comisión.

A Comisión, reunida os días 7, 10 e 11 de decembro de 2018, aprobou por maioría o informe emitido pola Ponencia e rexeitou as emendas presentadas aos estados de gastos polos grupos parlamentarios da oposición. O número de emendas mantidas para este Pleno é o seguinte. Grupo Parlamentario de En Marea: emendas ao articulado, 51; emendas aos estados numéricos, 380; un total de 431 emendas. Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: emendas ao articulado, 73; emendas aos estados numéricos, 546; un total de 619 emendas. E emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: emendas ao articulado, 35; emendas aos estados numéricos, 342; un total de 377 emendas. Polo tanto, neste Pleno imos debater un conxunto de 159 emendas ao articulado e 1.268 emendas aos estados numéricos, o que fai un total de 1.427 emendas, que son as que quedan pendentes de tramitación.

O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos, constituídos polos estados de ingresos, de gastos e financeiros. O orzamento total consolidado do sector público autonómico ascende a 11.544.351.293 euros.

O texto articulado consta dunha exposición de motivos, seguida de 62 artigos agrupados en 6 títulos, 19 disposicións adicionais, 2 disposicións transitorias, 3 disposicións derradeiras e 7 anexos.

O título I refírese á aprobación dos orzamentos e ao réxime de modificación de créditos. O título II regula os gastos de persoal. O título III é o referido ás operacións de endebedamento e ás garantías. O título IV regula a xestión orzamentaria. O título V está dedicado ao financiamento das corporacións locais. O título VI é o referido ás normas tributarias, que inclúe un único precepto en relación cos criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico, xa que a meirande parte da regulación tributaria se contén no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que proximamente se vai tramitar en Pleno. Finalmente, determínase o prazo de vixencia da futura lei, así como a súa data de entrada en vigor.

Moitas grazas.

Debate conxunto dos estados de gastos

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Pasamos, polo tanto, ao debate conxunto dos estados de gastos.

Comezamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Para iso ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas e moi bo día.

Permítanme que as miñas primeiras palabras sexan para lembrar a Laura Luelmo, para dicir que hoxe todas somos Laura, e tamén para reivindicar o dereito das mulleres a poder correr sen medo e non a ter que correr por medo. *(Aplausos.)*

Creo que hoxe estamos vivindo un día que nos volve deixar moi claro como a solución aos problemas que temos as mulleres non é, desde logo, dicirnos que non podemos ir soas pola rúa ou que temos que escondernos, senón que a solución é ensinarlles a eses que son monstros a que non o sexan, e até que isto non se faga, non haberá solución, señorías.

Entrando xa no debate do tema que hoxe nos ocupa, que é o debate final destes orzamentos, lembraba o que diciamos aquí hai unhas semanas, cando se iniciaba a tramitación desta lei. Dicía eu, en nome do BNG, que estes orzamentos eran un pouco como o día da marmota: estamos sempre cos mesmos titulares, coas mesmas promesas, pero tamén estamos sempre no día da marmota en como se tramitan estes orzamentos, porque —fíxense— vemos que o Partido Popular non ten absolutamente ningún interese nin en dialogar coa oposición nin en acoller ningunha das súas emendas, realmente non teñen ningún interese por facer propósito de emenda.

E como lle pasaba ao protagonista desta película, se non se recoñecen os erros, se non hai vontade de cambiar, o grave é que van seguir condenando aos galegos e galegas a vivir neste día da marmota con paro, con precariedade, con servizos públicos recortados, cun problema gravísimo de emigración xuvenil no noso país. En definitiva, vemos como vostedes están erre que erre condenando os galegos e galegas con políticas antisociais, que non atenden os

problemas da xente e que ademais nos colocan en moi mala posición á hora de enfrontar retos de futuro importantes, como situarnos na cabeza da innovación ou acabar coa precariedade, que tantos problemas está xerando no noso país.

Polo tanto, vemos como converten nunha especie de decorado o Parlamento de Galiza, onde non escoitan absolutamente nin unha soa proposta da oposición. Pero tamén queda espido un retrato que é o retrato dun grupo parlamentario e dun goberno instalados na soberbia política e que non aceptan nin unha soa emenda para mellorar estes orzamentos, e, efectivamente, isto implica que nós temos que manter o noso voto contrario a este Proxecto de orzamentos porque son antisociais e sen futuro para este país; uns orzamentos que nos deixan unha Galiza en precario, con salarios e pensións baixas mentres se está disparando o prezo do gas, o prezo da electricidade e o prezo da luz; uns orzamentos antisociais que ademais continúan con recortes e privatizacións nos servizos públicos, nomeadamente na sanidade en atención primaria, recortes que tanto sufrimento levan causado; e uns orzamentos que no único que medran é en seguir endebedando a este país.

Vemos que hai un ciclo económico que cambia pero a Xunta de Galiza segue endebedando cada vez máis a Galiza; e o que nos deixan é unha herdanza que serán outros quen a teñan que pagar, na que nos triplicaron a débeda e a sitúan no seu máximo histórico, que son 15.000 millóns de euros; insisto, unha débeda que outros e outras terán que pagar.

Polo tanto, vemos como estes orzamentos deixan claro que o Goberno de Feijóo é parte do problema e non é parte da solución, e que ademais temos un presidente acomplexado que non confía en Galiza.

Fronte a estes orzamentos, nós, primeiro, presentamos unha emenda á totalidade, unha emenda transversal, na que queriamos modificar contías importantes de gasto; non aceptaron nada. Neste trámite de emendas parciais rexistramos case 350 emendas que o que pretendían era poñer nos orzamentos algunhas das demandas que hoxe hai na sociedade galega, pero o Partido Popular instalouse no «non», e así vemos un Partido Popular que vota non a un Plan de mellora de atención primaria; a que contratemos máis médicos, médicas, pediatras e enfermeiros; a que fagamos un plan de choque contra as listas de espera.

O PP tamén vai votar non para acabar co espolio da electricidade e contra a pobreza enerxética. Vota non a que avancemos cara a unha tarifa galega que acabe cos abusos e privilexios das eléctricas e que nos permita que, por exemplo, os traballadores e traballadoras de Alcoa ou Ferroatlántica non teñan que *(Aplausos.)* pasar este Nadal co corazón nun puño.

O Partido Popular tamén vota non a poñer en marcha un novo modelo produtivo que aposte pola innovación, por pechar ciclos, por emprego de calidade.

O PP tamén vai votar non a aumentar as bolsas de estudo, vai votar non a máis escolas infantís públicas para que realmente a conciliación non sexa algo que quede en mans das familias.

O PP vota non a subir o complemento das pensións non contributivas, que leva dez anos conxelado. Esas pensións tan baixas que fan que moita xente teña que sobrevivir cunhas cantidades absolutamente miserentas.

O PP vota tamén non a que incrementemos máis fondos e recursos para loitar contra a violencia de xénero, e está claro, señorías, que con boas palabras non se vai acabar coa violencia machista.

Son 350 non que nos demostran ata que punto o Partido Popular está encastelado nesa soberbia política que baleira de contido o verdadeiro significado da democracia e do Parlamento galego. Isto, efectivamente, non é unha novidade, levámolo vendo ano tras ano no Debate dos orzamentos, pero tamén o vemos no que está pasando no Parlamento estes días, que temos a un Partido Popular que debe pensar que, como ten maioría, o Parlamento é seu e que poden utilizar isto como a súa leira particular. E chegan a tal ousadía que pretenden vetar o uso dunha sala pública que sempre utilizamos os grupos da oposición para que se lles dea voz ás persoas que sufriron nun primeiro plano os recortes da sanidade pública. *(Aplausos.)* Ese é o seu respecto pola democracia e polos cidadáns. *(Aplausos.)*

Efectivamente, nós queremos empezar este debate falando do que está pasando na sanidade. Os orzamentos que remitiu o Goberno son un espello clarísimo de cal é o programa de demolición da sanidade pública que ten o Partido Popular. A proposta escondida que nos traían estes orzamentos era cargarse a pediatría de Atención Primaria. Como non son capaces de solucionar este problema, querían cargarse un dereito que teñen os nenos e nenas a ter unha atención sanitaria de calidade.

Efectivamente, cando se descubriu a sanidade que traían estes orzamentos, vostedes tiveron que rectificar porque saíu todo o mundo en tromba en contra do auténtico disparate que querían facer. E nós ao que os invitamos é a que sigan rectificando, porque vostedes, cando rectifican, acertan. Invitámolos a que rectifiquen porque hai moitísimos problemas na sanidade pública que necesitan solución; problemas que pode que non queiran escoitar, pero que realmente están aí.

Temos a cen mil galegos e galegas que non toman os medicamentos que necesitan porque non poden pagalos. Temos a moita xente que non pode acceder á saúde bucodental porque non ten recursos para facerlles fronte a eses gastos e tampouco se cobren na sanidade pública. Temos as listas de espera disparadas, porque as listas de espera subiron e hai miles de persoas que están esperando e que non aparecen nesas listas que publican vostedes, están escondidas nos caixóns. Provocaron vostedes tal desastre que houbo tres folgas nestes días na sanidade e nada máis e nada menos que a dimisión de vinte e dous xefes de área na zona de Vigo. Desde logo, conseguiron vostedes poñer a todo o mundo de acordo en que a súa política sanitaria é un desastre e que está poñendo en risco a saúde das persoas.

Evidentemente, isto ten unha responsabilidade, que é a política sanitaria do PP. E este desmantelamento da sanidade pública ten un instrumento, e son precisamente os orzamentos. Por iso nós o que lles pedimos é que rectifiquen esta política e que polo menos tomen en consideración algunhas das emendas que lles facemos; emendas, por exemplo, como con-

tratar máis persoal, porque é falso que neste país non haxa médicos e médicas para ser contratados en Atención Primaria.

Hai pouco tempo houbo unha OPE, había creo que 241 prazas para médicos ou médicas de Atención Primaria e presentáronse mil persoas. ¿Como é que vostedes, despois disto, nos poden dicir que non hai persoal sanitario? O que non hai son ganas do Partido Popular para contratar a máis médicos e médicas e darlles estabilidade laboral e unhas condicións de traballo dignas. Iso é o que falta na Xunta de Galiza. *(Aplausos.)*

Polo tanto, rectifiquen e apoien as emendas do BNG que reclaman máis persoal, plan de choque contra as listas de espera, ampliar a carteira de servizos, por exemplo, á saúde bucodental ou encetar un debate absolutamente necesario como é o rescate do Hospital de Vigo, porque non pode ser que condenen a área máis poboada de todo Galiza a ter unha atención sanitaria deficiente e privatizada.

Pero a sanidade, que é un espello clarísimo do desastre que están creando as políticas do Partido Popular, non é o único aspecto no que vostedes están errando e no que é necesario que haxa rectificacións. Nós temos claro que, para poder solucionar un problema, o primeiro que teñen que facer é recoñecelo. E unha grave dificultade que temos é que neste debate dos orzamentos hai unha certa parte de engano, porque os orzamentos non deixan de ser unha previsión, e tan importante como ver o que se prevé nos orzamentos é logo ver cal é a realidade da súa execución. E o certo é que aquí vemos como o Partido Popular non está executando os orzamentos que presenta no Parlamento de Galiza e ademais está facendo deixación de funcións naqueles ámbitos en que, desde o punto de vista do emprego, sería máis importante que a Xunta estimulara a súa actividade. Aí temos, por exemplo, como chegamos a 30 de setembro, que son os últimos datos oficiais de execución orzamentaria, e vemos como Medio Rural só executou o 37,9 %, Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o 37,9 %, a Consellería do Mar o 34,5 % e, en pleno problema desde o punto de vista económico, vemos como a Consellería de Economía, Emprego e Industria, que tiña que ser o motor da creación de emprego e da estimulación económica no noso país, está no 25,7 % de execución. Efectivamente, isto forma parte desta posverdade que vostedes instalan en todo o que fan.

Din que é o goberno que máis inviste, pero logo vemos como é un goberno incapaz —si, si, incapaz— de executar os orzamentos que presenta. E onde menos inviste é precisamente naqueles elementos que serían clave á hora de estimular o tecido produtivo. Cando vemos a execución por capítulos, volvemos ver como investimentos reais e transferencias de capital teñen unha execución do 36,5 e do 30,7; é dicir, unha execución baixísima a 30 de setembro. E seguimos vendo como esa é a tónica xeral dos orzamentos da Xunta, nos que son incapaces de desenvolver realmente nin sequera o proxecto que vostedes presentan, e en temas como a economía e o emprego é onde vostedes teñen un menor grao de execución. E iso pasa tamén porque, efectivamente, este goberno prefire non investir porque así pode presentar unhas contas públicas que logo di que son as máis saneadas.

Efectivamente, a execución é importante porque é o retrato real do que vostedes fan neste país, que non é nin tan sequera o que presentan con propaganda, con grandes titulares,

neste Parlamento. E unha das cuestións que a nós nos preocupa é que nun país onde se está despoboando o noso medio rural, onde temos unha caída moi importante da actividade no ámbito rural en todo o relacionado coas actividades agrarias, o Goberno non estimula ningún tipo de actividade real neste ámbito nin tampouco é capaz de poñernos á cabeza en aspectos que xa son claves neste momento, como é o da innovación. Eu xa sei que isto lles molesta moito, pero é que vostedes son un goberno innovicida, porque conseguiron algo que non é fácil, que é facer desaparecer a metade das empresas innovadoras que había no noso país e ademais situar a Galiza no vagón de cola da innovación.

Esta é a realidade que temos, e vostedes, ademais, neste ámbito fan trampas. Por exemplo, no ano 2017 anunciaron con todo bombo e prato que ían incrementar o investimento en I+D+i, pero a realidade é que ese mesmo ano o que fixeron foi retirar 24,5 millóns de euros á innovación e non son capaces nin de investir o que tiñan previsto. E neste ano no que estamos volvemos ver como despois de que se nos anunciara que ían incrementar moitísimo o apoio á innovación —non imos entrar en que non pode ser innovación construír un edificio, que estean desviando fondos para construír un edificio é todo un delirio—, cando imos á execución dos programas que teñen que ver coa innovación, vemos como o Plan galego de investigación, innovación e crecemento só está executado o 23,5, a investigación universitaria o 13,5, e o apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade e innovación só ten executado o 14,4. É dicir, que estamos ante un goberno que non ten ningún proxecto e que nin sequera é capaz de ser o estímulo que neste momento necesitaría o noso país, ademais, nun momento clave.

Vemos, polo tanto, como non hai nin vontade de executar nin tampouco unha proposta clara, desde o punto de vista económico, que teña unha estratexia autocentrada no noso país. E fronte a este desleixo, nós o que propoñemos nas nosas emendas é un cambio nese sentido, e facemos propostas para que realmente se destinen máis fondos para innovación, para que acabemos coa precariedade dos investigadores e investigadoras, para que neste país teñamos instrumentos que nos permitan captar e reter talento. Hai exemplos que están funcionando moi cerca de nós, e xa sei que a vostedes lles molesta, pero o ICREA ou o Ikerbasque son modelos de como apostar pola innovación. Fagámolo tamén desde Galiza, inspirándonos naquilo que funciona ben e realmente facendo unha aposta estratéxica por un sector que vai ser clave.

Pero non só chega coa innovación. Nós temos un sector agrario con moita potencialidade; hai que pechar ciclos produtivos e isto non está na súa axenda. Vostedes a única axenda que teñen é seguir inzando o noso país de eucaliptos, todo ao servizo da política de Ence e sen dar un horizonte de esperanza ante os retos que temos por diante. Porque, efectivamente, no noso rural e no noso monte hai moito futuro se se cambian as políticas que se están facendo neste momento e se aposta por un modelo ben diferente. E facer isto é clave, porque non vai haber ningunha política activa de emprego real se non se pon este país a producir. Nós pensamos que esta é unha das cuestións básicas.

E aquí temos outra diferenza importante respecto da diagnose que fai o Partido Popular. O Partido Popular, que vive instalado non sei se nos mundos de Yupi, pero si nesa realidade virtual na que nos di que vivimos no mellor dos mundos posibles, nega que sexa un problema

que emigraran 270.000 persoas nunha década; nega tamén que teñamos un problema grave de precariedade; e nega que hai unha dificultade evidente e un problema moi grave cando está medrando a economía, está medrando a riqueza, pero realmente non hai unha recuperación real do emprego. E aquí temos unha taxa de ocupación que, desde logo, é moi preocupante. Temos hoxe, ademais, un descenso da ocupación que se produce sobre todo entre a xente moza: estamos falando de 151.600 mozos e mozas menos ocupadas que antes da chegada de Feijóo á Xunta. E hai tamén un problema moi grave de precariedade, que afecta moito á mocidade pero que tamén afecta moito ao emprego das mulleres.

Aquí vemos que vostedes non teñen ningunha alternativa real. Efectivamente, hai cousas que non dependen do Goberno galego. Non depende do Goberno galego derrogar a reforma laboral. Sen embargo, vostedes estiveron sempre en contra. Pero si hai outras que dependen directamente da Xunta de Galiza, e iso ten que ver co emprego público, e o certo é que o Goberno de Feijóo foi unha máquina de destruír emprego público. Segundo os propios datos que nos dá a Xunta de Galiza nas súas memorias oficiais, destruíron emprego público e ademais precarizaron cada vez máis as condicións laborais. Nós pensamos que isto é un erro porque o sector público ten que ser o motor de que tipo de emprego se crea nun país, e a realidade é que a Xunta, en vez de crear emprego, destruíno e, en vez de apostar pola estabilidade, apostou pola precariedade. Nós propoñémoslles en diversas emendas en todo o articulado que se recupere emprego público: que se recupere profesorado; que se recupere persoal sanitario; que se recupere tamén e que se faga unha aposta estratéxica pola dependencia, onde se podería estar xerando moito emprego; que haxa unha aposta polas escolas infantís; é dicir, que a Xunta de Galiza utilice todos os recursos económicos que ten para poñer en marcha unha aposta moi potente desde o punto de vista dos servizos públicos que tamén significaría crear emprego de calidade. E sabe vostede, ademais, que isto incide dunha maneira directa na creación de emprego feminino porque neste tipo de probas nas oposicións as que máis acceden, maioritariamente, son as mulleres, polo tanto, aí a Xunta podería ter unha acción moi importante. Pero vemos que ese non é o camiño e que nin tan sequera aspiran a recuperar todo o emprego que se perdeu ao longo destes anos.

Hai outros ámbitos que para nós son importantes porque son estratéxicos para un país, e un deles, evidentemente, é a educación. Canto maior investimento público hai en educación, máis progreso e máis igualdade social imos ter no noso país. A realidade é que hoxe temos unha Galiza na que se inviste un 2 % menos en educación que hai dez anos. Ese é o balanzo de Feijóo. Recortaron 2.000 millóns de euros na pública, mentres destinaban, nestes dez anos, exactamente esa cantidade á educación privada. ¿E onde centraron os recortes? Pois basicamente na universidade e no ensino obrigatorio; é aí onde centraron os recortes máis importantes. E o que están facendo é xogando co futuro dun país e xogando co futuro de xeracións enteiras dos galegos e das galegas.

Nese sentido, miren, señorías, nós, desde o BNG, respectamos profundamente as convicción relixiosas de todas as persoas, pero é evidente que algo falla cando este goberno destina 22 millóns de euros a profesorado de relixión pero só 3 millóns de euros a bolsas de axuda ao estudo. Algo falla cando persisten en concertos educativos con centros que segregan aos nenos e nenas; prefiren vostedes seguir a onda do Opus Dei, que a onda da igualdade. Algo falla... *(Aplausos.) (Murmurios.)* Algo falla... —creo que deberían de escoitar— ...cando todos

os reitores das universidades públicas están dicindo que non pode ser que se continúe cun plan de financiamento que os condena a ter menos investimento que a media do Estado e moitísimo menos que a media europea, e así, desde logo, é moi difícil poder facer todo o que darían de si as universidades galegas. Nós o que propoñemos é unha aposta estratéxica pola educación, recuperando profesorado, incrementando tamén recursos para a universidade, que non pode seguir coartada, atada de mans, por un plan de financiamento que se negociou en plena crise; apostar por un maior financiamento nas bolsas para que ningunha persoa deste país deixe de acceder aos seus estudos universitarios por falta de recursos; e apostando tamén por facer da educación pública, no ámbito obrigatorio, realmente unha educación gratuíta, e para iso necesítanse máis comedores escolares e a gratuidade do material escolar.

Evidentemente, estas son as apostas de futuro nun ámbito clave, pero non é o único aspecto no que debemos preocuparnos. Somos un país que ten un nivel de envellecemento moi forte, cun número de persoas dependentes tamén moi alto, e a realidade —porque o din as propias estatísticas oficiais da Xunta— é que os servizos que temos para a dependencia son insuficientes para atender a demanda que hai.

Datos oficiais do Instituto Galego de Estatística dinnos que hai 30.000 dependentes que precisan axuda no fogar pero que non a teñen; 14.000 que precisan transporte adaptado e non o teñen; 12.300 persoas que piden ir a un centro de día e non o teñen; 9.935 persoas que non reciben a prestación de dependencia a pesar de ter dereito a ela; e que no noso país hai que esperar unha media de dous anos para poder acceder a unha residencia pública, e están vostedes fóra da lei, porque o que di a lei é que, como máximo, unha persoa podería esperar nove meses. Ante esta situación, a única proposta que vostedes poñen sobre a mesa é prometernos sete residencias nas cidades galegas que levan anos prometendo, cunha dotación orzamentaria de 3 millóns de euros. Con estes recursos é imposible iniciar ningunha residencia, e o que nós propoñemos é que como mínimo se duplique esta partida, para que non haxa tanta propaganda e empecemos a ver un pouco máis os feitos.

Vou rematando con dous aspectos que, dende o noso punto de vista, son tamén moi importante e que están moi maltratados nestes orzamentos.

O primeiro ten que ver coa lingua galega. Este goberno ten máis recursos que anteriores gobernos do PP, por exemplo, de Manuel Fraga, e Fraga non é unha referencia para nós en absoluto, non sei si o é para vostedes. En todo caso, estes orzamentos destinan a metade do que Fraga destinaba ás políticas de normalización lingüística. E eu non sei, seguramente a algúns lles parece ben, a nós parécenos mal, porque cremos que os galegos e galegas que lles dan as costas á nosa lingua propia o que están é desprezando este país.

Estamos nun momento no que a lingua galega ten problemas importantes, algúns deles causados pola Xunta de Galiza con ese decreto da vergoña que o único que pretende é que non se poida coñecer en igualdade de condicións a lingua galega. Nós queremos que se derrogue ese decreto, pero hai moitas máis cousas que podería estar facendo a Xunta de Galiza e non fai.

A Xunta de Galiza podería poñer en marcha medidas de normalización lingüística entre a mocidade e non o fai; nós dámoslle a oportunidade nestas emendas. A Xunta de Galiza po-

dería apoiar a presenza do galego con normalidade na prensa escrita, os medios en galego. Hoxe hai menos prensa en galego que no franquismo, ¡fíxense vostedes que auténtica barbaridade o que están facendo co noso idioma! Pedimos que haxa axudas para que os medios en galego poidan avanzar, teñan unha maior audiencia.

E, dende logo, poderiamos avanzar tamén no ámbito da xustiza, onde o galego é basicamente unha lingua proscrita, porque agora mesmo é imposible utilizalo con algúns dos programas informáticos que se instalaron.

Nós o que queremos é que se cambie toda esta realidade e que haxa un apoio a nosa lingua. Porque ademais é unha obriga que vostedes teñen, que establece o propio Estatuto de autonomía, e non creo que poidan estarse enchendo a boca con que son grandes defensores do Estatuto e logo na práctica incumprilo, como están facendo vostedes coa lingua galega.

Por último, para nós é importante que haxa unha prioridade clara pola igualdade e unha prioridade clara para loitar contra a violencia de xénero. Intentamos nas emendas transversais que dedicásemos un de cada cen euros da Xunta a loitar contra un dos principais problemas que ten este país, que afecta ao 52 % da poboación, e vostedes votaron non.

Traemos máis emendas para que se poña en marcha unha unidade para implementar as políticas de violencia de xénero no ámbito da xustiza, que estamos vendo que hai moitos problemas. Agardamos que non voten non.

Tamén traemos emendas para incrementar os recursos que reciben as mulleres vítimas de violencia machista. De verdade que pensamos que este é un tema no que sería importante que houbera algún acordo neste sentido.

E remato dicíndolle ao Partido Popular que estamos nun trámite que vostedes están convertendo nun paripé con esa soberbia política que lles dá ter maioría absoluta. Que os galegos e galegas merecen que neste Parlamento esteamos a altura, que recoñezamos os problemas que hai e, sobre todo, que empecen a ver solucións nestes orzamentos.

Teñen oportunidade de rectificar políticas que están causando sufrimento: na sanidade, na educación, nas persoas dependentes, nas persoas paradas. Esta sería, desde logo, a mellor contribución que vostedes poderían facer neste momento. Seguramente prefiren teimar en pensar que vostedes teñen razón, aínda que aí fóra haxa moitísima xente pasándoo mal.

Pola nosa parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día a todos.

Este debate, efectivamente, é un debate que ten un punto de repetición excesiva e de inutilidade, porque despois de tanto tempo destinado a discutir e debater neste Parlamento sobre os orzamentos para o próximo ano, ao final facemos un círculo e volvemos outra vez ao principio, é un esforzo inútil o destes dous meses, e xa se sabe que os esforzos inútiles provocan algo de melancolía.

Sen embargo, eu creo que tamén é unha oportunidade para facer algunhas reflexións necesarias. Eu vou intentar estruturar as miñas reflexións sobre tres aspectos.

En primeiro lugar, esa especie de política do inevitable que nos traslada a Xunta de Galicia. Facemos estas cousas, facemos estas políticas, poñemos en marcha estas políticas porque non hai alternativa, porque non hai opción. Unha variante é: miren vostedes como nas outras comunidades autónomas están facendo cousas moi parecidas, e, polo tanto, non nos deixan máis do que nos ofrece o propio contexto, a propia realidade.

En segundo lugar, a política triunfalista, que tamén en parte depende desa comparativa con outras comunidades, pero que moitas veces ten unha versión máis específica, máis castiza e máis galega, como dicir: isto estámolo facendo ben, somos os mellores nisto. Eu creo que hai bastante propaganda, e trátase de desvelar o que está oculto detrás.

E logo unha oportunidade tamén, a última seguramente, para que nos expliquen aquilo que durante estes dous meses non foron capaces de verbalizar, por exemplo, en relación coa rebaixa do imposto de patrimonio. Poder saber que é o que está detrás, por que fan isto. Eu creo que os cidadáns ben merecen unha resposta a estas cousas.

O resumo é que imos votar que non. Imos votar que non porque este orzamento, na nosa opinión, non traslada a recuperación da actividade económica ao coidado da xente que máis o precisa. Non traslada os rendementos da recuperación económica a reforzar os servizos básicos. Nós tamén falaremos moito da sanidade a continuación. *(Aplausos.)*

Non prepara o futuro nin en termos de investimentos. Xa dixemos hai un mes e pico que reducía a formación bruta de capital autónomo en relación co ano pasado. Non prepara tampouco o futuro en termos humanos. Segue apostando polas mesmas políticas de atención ás cuestións demográficas que levan provocando nos últimos dez anos unha caída continuada da poboación.

Non contribúe a xerar emprego de calidade, nin en cantidade suficiente nin coa calidade suficiente. Polo tanto, é un crecemento económico que está socialmente descompensado. Polo tanto, isto non pode ter o noso voto favorable.

Empecemos, entón, de forma un pouco máis demorada, a explicar algunhas cousas polos servizos públicos básicos, en concreto pola sanidade.

Eu supoño que aquí podemos falar sen censura, señor presidente, sobre as cuestións de sanidade. *(Aplausos.)* Onte tamén o fixeron algunhas das persoas que nós propuxemos que viñeran a esta comisión de investigación e que a maioría absoluta do Partido Popular impediu

que viñeran. O problema desta comisión de investigación é que só veñen aqueles que quere o Partido Popular que veñan, e isto non pode ser. E esas persoas fixeron unha descrición moi acaía, moi precisa, moi desde o coñecemento, desde a proximidade e desde o corazón, das dificultades que ten a sanidade pública neste país. Unha visión particular, porque deben complementala as outras, pero, en todo caso, unha visión con moito coñecemento de causa, con moito coñecemento preciso do que estaba pasando.

Vostedes falan da política sanitaria como unha política inevitable; unha política que hai que facer si ou si, porque non hai máis opcións, e sen embargo iso non é certo. Non é un problema só de recursos, non é un problema só de disposición de médicos, é un problema tamén de decisións organizativas que foron tomadas con total autonomía pola Xunta de Galicia e que, ao final, comprometen o que se está facendo na sanidade.

Cando vostedes suprimen as xerencias da atención primaria e constitúen as EOXI, esa é unha decisión que ninguén lles obriga a tomar. Cando vostedes obrigaron aos médicos a xubilarse aos 65 anos en vez de aos 70 nun momento en que —xustamente por efectos dos recortes— non se podía contratar a máis profesionais, estaban tomando unha decisión que ninguén lles obrigaba a tomar, por poñer dous exemplos, entre moitos outros posibles.

E iso é o que pasa, esas cousas teñen consecuencias. A primeira consecuencia, a primeira, é que a sanidade, despois dunha década de recortes, despois dunha década de axustes, despois dunha década de toma de decisións inaceptables, se converte nunha ola a presión que pouco a pouco vai chegando a un punto de ebulición e está empezando a facer saltar polos aires esa tapa que lle poñía por riba o Partido Popular e toda estratexia mediática para evitar que os problemas sanitarios da poboación, que son moitos, chegasen non só a este Parlamento, senón ás primeiras páxinas dos periódicos e aos titulares dos medios de comunicación.

Os profesionais están fartos, e os profesionais están advertindo coas súas mobilizacións que o que está por vir pode ser moito peor. A cidadanía estánolo dicindo tamén. Se vostedes len con atención os barómetros sanitarios, que deberían facelo, máis alá de constatar que a xente está contenta coa sanidade pública que temos, porque é unha sanidade de certa calidade, saben que está empeorando e que os problemas son maiores do que se din, e está aparecendo neses sondeos unha avaliación negativa do que está pasando nestes momentos na sanidade pública, que non é un problema dos profesionais, é un problema da xestión dos medios que fan os directivos desa sanidade.

E persisten nesas políticas, esa sería xa unha razón básica para non poder apoiar estes orzamentos da Xunta de Galicia. Persisten nas política sanitarias equivocadas, nas políticas que impulsan o malestar nos orzamentos de 2019.

Non é unha prioridade orzamentaria, xa o dixemos aquí. Os créditos para a sanidade evolucionan por debaixo do que o fai o conxunto do orzamento, polo tanto, non é unha prioridade orzamentaria. Evolucionan por debaixo do que fai o PIB en termos nominais. Redúcese o gasto sanitario en termos de PIB nos orzamentos de 2019. Non hai prioridades, podería facerse máis. Nós propuxemos destinar cen millóns adicionais á atención sanitaria. Cen millóns non é moito, pero cen millóns permiten contratar entre 2.000 e 2.200 profesionais.

¿Como cambiarían as cousas nos centros de saúde deste país se a metade deses profesionais se destinaran a eses centros de saúde? *(Aplausos.)* Pois iso é posible facelo, é unha decisión política que vostedes adoptan non facer isto.

A atención primaria, sen dúbida, ten sido nestes anos a grande esquecida do sistema, a cincenta do sistema sanitario. Demos datos nalgún debate recente. Hai 190 millóns de euros menos, en termos correntes, dos que había no ano 2009 en atención primaria. Hai 1.250 profesionais menos en atención primaria, de acordo cos datos do propio orzamento, do que había no ano 2009. Iso é o que nos din os datos. Pero, fíxese, iso no é quizais o máis importante, o máis importante son as prácticas que nos contaban onte, que aparecen reflectidas nos medios e que nos conta todo o mundo cando un vai polo país e escoita o que din os profesionais ou os pacientes.

Cóntannos que cando unha persoa colle vacacións non é substituída, que cando hai unha baixa non hai substitutos, e moitas veces isto o que provoca é que, alí onde hai tres médicos, acabe habendo dous que teñen que atender o mesmo número de cartillas, e, por tanto —dicíanos onte unha persoa con todo o coñecemento—, chegou a ter picos nos que atendía cento vinte e tantos pacientes nunha xornada. Cento vinte e tantos pacientes, cando o que se está dicindo como referencia máxima son cincuenta, e nese mesmo centro de saúde todos os médicos, todos os seus compañeiros, estaban atendendo a máis de cen nun día normal, sen ningunha emerxencia, o único que ocorría é que había vacacións.

Pois isto está pasando na sanidade pública deste país, e un vai a Vedra, ou vaia aquí ao lado, ao centro de saúde que está a escasos metros do Parlamento, en Santiago, e comproba que iso é o que está pasando. A atención primaria se converteu na cincenta do sistema, e como resultado, aqueles que non son ben atendidos nos centros de saúde acaban nos PAC, e acaban contaminando os PAC, que en vez de ser aqueles que atenden as urxencias extrahospitalarias, teñen que converterse nun dispositivo adicional de atención básica para aqueles pacientes que chegan alí con doenzas, con problemas que merecerían ser atendidos doutra maneira, a baixo custo, nos centros de saúde. E se se acaban contaminando os PAC, isto acaba chegando tamén á parte de arriba do sistema, que, por certo, foi mellor tratada nestes anos que a atención primaria; sen botar foguetes, pero foi mellor tratada nestes anos.

Por tanto, a atención primaria merecería unha atención especial nestes orzamentos. ¿E que descubrimos? Descubrimos que, se vemos os datos dos propios orzamentos 2018-2019, vai haber 58 profesionais menos en atención primaria o ano que vén, por tanto, segue producíndose o axuste en atención primaria nesta situación, e esa é a gran mensaxe que lles están lanzando vostedes a todos os profesionais, que están reclamando máis atención, máis dotación, máis recursos, para poder organizarse mellor e prestar, aos pacientes que así o demandan, a atención de calidade que eses profesionais queren facer e que os nosos cidadáns exixen.

A precariedade converteuse no sistema de xestión básico desta situación. Onte daban unha cifra nesta reunión que é unha cifra demoledora. Dicían que entre o 30 % e o 40 % daqueles que están prestando servizos na sanidade como profesionais teñen un contrato precario, un contrato eventual, ¡entre o 30 % e o 40 %! Pois ben, eu fun ver os datos do IGE, señor con-

selleiro. Vostede pode darlle á cabeza, pero os datos do IGE do 2017 din que son o 31 % *(Aplausos.)*, ¡o 31 %! Os datos do IGE, o Instituto Galego de Estatística, Xunta de Galicia. Por tanto, entre o 30 % e o 40 %, como dicían estas persoas.

Entre o 30 % e o 40 %, o 31 % ou como vostede queira, é absolutamente excesivo, por moitos motivos, pero, entre outros, porque os esforzos dos directivos están centrados en garantir que se preste unha mínima atención con esa cantidade de persoal que está movéndose dun lado a outro, facendo contratos que ás veces nun mes, ou en dous meses, superan os vinte contratos. Esta é unha situación absolutamente inaceptable en termos de xestión, e ten que parar.

Esta acaba sendo a forma de xestionar un sistema de baixo custo, porque ese é o problema. Todas estas medidas autónomas das que eu falei son medidas que teñen como obxectivo non reforzar a calidade da atención, non reforzar a extensión da atención, senón reducir o custo de funcionamento do sistema. Isto ten un límite, e a este límite chegamos xa, señor conselleiro. E vostede sábeo ben porque foi tamén responsable da xestión de recursos humanos no sistema sanitario.

E, por último, a área de Vigo acaba converténdose nun burato negro. Todos sabemos, vostedes tamén, que en termos comparativos a área sanitaria de Vigo ten a peor calidade de asistencia sanitaria en toda Galicia, e non é un problema dos profesionais, é un problema da xestión do sistema. Pero, ao mesmo tempo, temos un flamante hospital que ten un sobrecusto enorme, porque un hospital que debería de custar 325 millóns de euros vai custar tres veces máis; un sobrecusto anual de arredor de vinte millóns de euros. ¿Sabe canto significa isto en termos de atención na área sanitaria de Vigo? Pois vinte millóns de euros serían aproximadamente 800 profesionais, algo menos. Dá igual, o que vostede me diga; uns centos de profesionais adicionais para a área sanitaria de Vigo que lle darían unha volta enteira a esta situación.

Señor conselleiro, cambiar as políticas sanitarias é unha absoluta necesidade, e vostedes están obrigados a facelo porque non van ser capaces de soportar a situación. E non polo que diga a oposición, polo que están facendo os profesionais, que están no límite pola percepción que teñen os cidadáns, e porque vostedes, que son sensibles aos efectos electorais destas cousas, van ter que reaccionar.

A min dinme os periodistas: ¿non pedides a dimisión do conselleiro? O conselleiro nesta situación tería que dimitir, pero iso non resolve as cousas. A nós parécenos moito máis razoable cambiar as políticas, e estariamos contentos se cambiaramos as políticas sanitarias e lle deramos, por exemplo, o necesario reforzamento á atención primaria na dirección que estamos dicindo. Seguramente o conselleiro no é o máis adecuado para facelo, pero non é el o responsable, o responsable está sentado á súa dereita e ben presume do seu coñecemento en materia sanitaria, aínda que agora non está, o responsable é o señor presidente da Xunta. *(Aplausos.)* Hai que cambiar as políticas sanitarias, isto é imprescindible.

E existen alternativas, ¡claro que si! A curto prazo hai que centrarse nos recursos humanos; un plan de persoal ambicioso, que permita reducir substancialmente a precariedade. Nós cremos que hai que reducir entre tres mil e catro mil empregos eventuais nos próximos catro

anos; isto é posible e ten un custo moi limitado. Isto reduciría a precariedade nun 50 % ou nun 60 % na sanidade pública.

En segundo lugar, hai que incrementar a oferta neta de prazas. E vostedes dirán: non hai profesionais. Non, moitos dos profesionais marcharon, en primeiro lugar, porque, debido ás condicións de extrema precariedade, inestabilidade e baixos salarios de Galicia, buscaron a vida noutros lugares. Por tanto, hai que mellorar a situación para que poidan regresar, para que poidan volver e prestar servizo no seu país, e moitos estarían de acordo.

En segundo lugar, despois de dez anos de goberno non se pode dicir que non hai profesionais. Os profesionais créanse, planifícanse, e aquí houbo un erro de planificación manifesto, se esa é a situación que vostedes din. Erro de planificación que, por certo, nós no seu momento xa combatemos. Demos a batalla no ano 2009 e 2010 para que aumentaran as prazas nas facultades de Medicina, e vostedes primeiro dixeron que si e despois volvéronas a recortar. Por tanto, se non hai profesionais sanitarios, algunha responsabilidade tamén terán.

A atención primaria autónoma é prioritaria, aumento das prazas, redución da precariedade, e a partir de aí, fomentemos un diálogo social coas organizacións de profesionais, cos sindicatos, con todos aqueles que teñen algo que dicir sobre a sanidade pública, para planificar adecuadamente o futuro.

¡Claro que hai que enfrontarse aos retos que ten o sistema sanitario! Hai que enfrontarse aos retos do avellentamento, hai que saber como controlar o cambio tecnolóxico, hai que utilizar a tecnoloxía para mellorar a atención. Todas estas son cuestións que deben de estar no debate, pero non é posible facer este debate mentres teñamos a ola a presión en que hoxe está convertida a sanidade. Polo tanto, primeiro normalicemos a situación, e a continuación fagamos isto.

En segundo lugar, emprego. Esta é a segunda gran preocupación dos cidadáns. Un futuro próspero e un futuro adecuado para Galicia só é posible, só podemos facer un país viable, se facemos unha base humana e laboral moito máis sólida da que temos hoxe. E sólida quere dicir, en extensión, máis xente empregada, pero tamén quere dicir en condicións mellores, con menos precariedade e con mellores salarios. A cantidade e a calidade do emprego é unha fenda gravísima no crecemento económico galego, en relación co español, que está comprometendo o noso futuro e que está sacrificando a situación de moita xente hoxe, no presente.

Creamos emprego a menos ritmo que en España, señor conselleiro. É innegable isto absolutamente. En termos EPA, no último trimestre hai 90.000 empregos menos, se crecera o emprego ao mesmo ritmo que en España, tendo como referencia o ano 2009. Pero é que na recuperación imos tamén peor, pois 90.000 emprego menos significa case incrementar nun 10 % a situación que temos, significaría darlle a oportunidade a miles de persoas que non a teñen nestes momentos porque están desempregadas ou porque se buscaron a vida fóra.

Pero é que se facemos ese mesmo cómputo —e é moito mellor facelo así, señor conselleiro— non en termos de empregos, senón en termos de horas traballadas, esta é a situación que temos. Estes son os datos oficiais. En 2007 ou 2008 estabamos por riba de 2.300 millóns de

horas traballadas, e hoxe estamos por debaixo dos 2.000 millóns. Estamos no 83 % das horas traballadas do ano 2007 e 2008, señor conselleiro, ¡o 83 %! ¡Para a recuperación aínda nos queda un treito moi longo! E ese é o gran déficit que temos en relación coa economía española, que está nunha posición moito mellor en termos de emprego.

Pero o problema non é só cuantitativo, o problema é tamén cualitativo, o problema é a precariedade e os baixos salarios. Como en España, nove de cada dez contratos firmados son temporais. O emprego temporal medra na recuperación a un ritmo tres veces superior ao indefinido en Galicia. Un de cada dous empregos creados é temporal. E para as mulleres, peor; e aquí temos unha grave mostra do nesgo que hai en termos de xénero.

Como lle dixen aquí hai pouco ao presidente da Xunta, todo o emprego creado para os menores de trinta anos, todo, na recuperación, é un emprego temporal; e todo o emprego público creado dende o 2014 é temporal. Esta é a situación.

¿E que dicir dos salarios? Recentemente se publicaba que o 70 % do novo emprego para os mozos ten unha remuneración de menos de 1.000 euros. E entre os 18 e os 25 anos, as máis de oitenta mil persoas que están contratadas no ano 2017 teñen de media anual 6.500 euros de salario, e houbo unha redución dende o ano 2008 dun 25 %.

Esta é a situación, e sobre esta situación pedímoslle á nosa mocidade non só que se esforce para estudar, senón que ademais constrúa un futuro, teña fillos e resolva os nosos problemas demográficos. É entendible que, pese a esas declaracións altisonantes que se fan desde o mundo político, dende o mundo do goberno, a xente teña en conta a súa situación e non adopte este tipo de decisións. Porque queren ter fillos, pero teñen a metade dos que queren porque non poden permitirse o luxo de facer ese esforzo.

¿Isto é inevitable, señor conselleiro? Pregúntollo, ¿isto é inevitable? ¿Poderían facerse outras cousas? O Goberno de Pedro Sánchez está intentando facer outras cousas, está intentando facer outras cousas. O Plan de emprego xuvenil recentemente aprobado é unha aposta. O salario mínimo interprofesional, subíndoo a 900 euros, é outra aposta.

Estas son cuestións discutibles nalgúns aspectos polo seu ritmo, discutibles polos seus efectos, pero que indican unha vontade de transformar as condicións de traballo, as condicións de contratación, as condicións laborais da mocidade, e de crear emprego.

Nós apostamos porque aquí en Galicia tamén se poden facer as cousas doutra maneira. Vostedes poden impulsar o diálogo social con cláusulas sociais que reduzan o emprego precario en todas aquelas contratacións que están arredor da Xunta de Galicia e que afectan a un número moi importante de empregos, sobre todo femininos, pero non só. Poden facer unha oferta de emprego público moito máis ambiciosa do que fan hoxe en termos de redución da precariedade interna, consolidando moitos contratos que son eventuais e pasándoos a emprego fixo. E poden colaborar de forma máis importante cos esforzos que se fan desde o Goberno central.

Vostede ríase do esforzo do Goberno central, pero despois, á hora de facer o orzamento, como vostede sabe, aumentaron en 25 millóns as cantidades aportadas desde o Estado, fi-

nanciadas desde o Estado, para políticas de emprego. ¿Pódeme dicir que pasa coas cantidades asignadas da Xunta de Galicia? Porque, dos datos que nós temos, a Xunta de Galicia reduce 8 millóns os fondos para emprego. Esa é a súa aportación: reduce 8 millóns os fondos para emprego, mentres as aportacións do Estado que consigna no seu orzamento soben 25 millóns —e aínda abanea a cabeza, como se vostede estivera en posesión da verdade—. Esa é a situación, señor conselleiro.

¿E que pasa en termos de desigualdade? Imos seguir repasando algunhas cousas.

O avance na desigualdade social nos últimos anos en Galicia, en España e no mundo é unha evidencia. O outro día o presidente da Xunta intentaba cuestionar isto, facendo de Galicia unha excepción en todo o mundo occidental. Era moito máis fácil asumir que é así, saber que hai forzas de fondo que producen este resultado, porque esa asunción de que as forzas do mercado van nesa dirección lévanos a políticas máis eficaces, máis intelixentes, máis audaces, para intentar contrarrestar eses efectos e para paliar as súas consecuencias. Cando nin sequera se asume esta evidencia, pois temos un serio problema.

En Galicia a desigualdade social aumenta. Os propietarios melloraron fronte aos asalariados; os perceptores de altos salarios melloraron fronte a aqueles que teñen salarios máis baixos, os traballadores precarios; e a deterioración salarial e as condicións de vida concéntranse na mocidade. Estes son os datos da realidade, non poden obviarse, non deben obviarse, porque é o que nos din as estatísticas que fan os institutos oficiais e que nós consultamos. E segue habendo demasiados fogares que teñen unha situación de carencia material severa.

O presidente da Xunta cuestionaba o outro día que eu utilizara o índice 80/20. Non tiña tempo naquel momento para explicarllo. Por dúas razóns: porque este é un índice no que existe información para o conxunto das comunidades autónomas, pero, en segundo lugar, tamén, porque expresa mellor que calquera outro índice a polarización que se está introducindo na nosa sociedade, e esa polarización é a que debe preocuparnos. A polarización significa que os percentís máis baixos en termos de renda están indo a peor e os máis altos están indo substancialmente a mellor. Ese índice aumentouse substancialmente nos últimos anos, señor conselleiro, e, fronte a iso, hai que preguntarse cal é a súa resposta.

Eu a que vexo no orzamento é unha resposta absolutamente inadecuada, porque é unha resposta que o que fai, en termos de fiscalidade, é reducirlles a fiscalidade a aqueles que máis teñen, reducir un 20 % as tarifas do imposto de patrimonio. E vou repetir os datos para que se entenda ben que se está facendo con isto. Son aproximadamente sete mil galegos os que pagan este imposto, o 2,7 % do total, que teñen un patrimonio neto de 5,5 millóns de euros, con datos de España pero que posiblemente sirvan para Galicia. Sabe vostede que o percentil 25 —é dicir, o máis baixo—, o patrimonio neto das persoas que están neste percentil é negativo. ¿Por que? Porque teñen máis débedas que activos. Pois ben, a estas persoas vostede non lles di nada en termos fiscais neste orzamento. E ás persoas que teñen 5,5 millóns de euros de patrimonio neto dilles que lles rebaixa o imposto de patrimonio nun 20 %, 2.000 euros por cabeza; pero a algunhas persoas moito máis, a aquelas que están no máis alto da escala. E ten que explicar por que. E non me diga que Zapatero fixo non sei que; si, seguramente hai moitas cuestións en termos de fiscalidade que son discutibles. Pero temos que

discutir agora esa decisión, que vostede toma agora, despois de ter pactado con nós hai uns anos que subía o imposto de patrimonio. Agora non pacta baixalo. Explíqueo tamén.

Non podemos asumir un orzamento que reduce un 20 % as tarifas do imposto de patrimonio, porque isto significa beneficiar aqueles que máis teñen. Se fora en Francia, ao señor Feijóo estaríanlle dicindo que é o presidente dos ricos, ou dos máis ricos, porque esa é unha denominación moi francesa: das grandes fortunas. En todo caso, con esta decisión vostedes están avanzando substancialmente nese camiño.

¿E por que fan isto? Señor conselleiro, a política tributaria de impulso ao investimento ten outras partidas no orzamento, e eu estiven vendo cales son estas partidas. Porque impulsar o investimento parécenos razoable. Nós queremos crecer, non como a media española, senón un pouco máis. Nós queremos evitar que se expulse o aforro e queremos que se invista aquí.

Pero —fíxese— o investimento no mercado alternativo bursátil para vostede ten un custo fiscal de 3.000 euros; en adquisición de novas sociedades, 76.000; creación ou aplicación de novas empresas, 50.000 euros; redución do imposto de doazóns para adquisición de explotacións agrarias, 4.000 euros. Todas estas medidas xuntas para impulsar o investimento en Galicia teñen un impacto total de 133.000 euros, pero é que a redución do imposto de patrimonio significa máis de 10 millóns. Aínda que aplicaramos só un 30 % da redución do imposto de patrimonio, e non facéndoa, eses recursos para reforzar as políticas de captación de investimentos, de impulso do investimento en Galicia, multiplicariamos por 3.000 os seus datos, un 3.000 % os seus datos. Esa é a política que a nós nos gustaría facer e esa é a política que vostedes non están dispostos a considerar. E ese é un problema de fondo.

Estou esgotando o tempo. Tiña outras cousas previstas pero quizais me estendín demasiado en sanidade. Voulle resumir por que nós imos votar «non» a este orzamento. Porque non reforza suficientemente as partidas designadas a servizos sociais básicos. Porque desatende a atención primaria, en sanidade especificamente. Porque carece de respostas novas para o emprego, en cantidade e en calidade, en xeral e particularmente para a situación da mocidade. Porque non fai os cambios necesarios na política de promoción económica, séguenos condenando á ineficacia nesta política. Porque non permite cumprir as promesas xa feitas en materia de política social; antes citábanse as residencias. Porque reduce as partidas en infraestruturas, poñendo máis lonxe a conexión eficiente interna de Galicia. Porque fai depender a necesaria capitalización dos fondos externos e reduce o compromiso autónomo investidor da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Porque renuncia a ingresos necesarios para unha orde fiscal máis sólida. Porque rebaixa a carga fiscal para os máis afortunados e introduce incentivos que son mera propaganda. Porque as boas noticias veñen de fóra —como explicamos o outro día—, en igualdade, en emprego, en vivenda, en atención á dependencia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Porque a austeridade está ausente e o despilfarro, oculto.

Por todas estas razóns, imos votar «non» a este orzamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as súas emendas, ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bo día, señorías.

Permítanme tamén que en nome de En Marea as miñas primeiras palabras sexan para repudiar o crime machista de Laura Luelmo, algo que, por suposto, rexeitamos co conxunto da sociedade. E aproveitamos precisamente que coincide este debate orzamentario para comezar falando deste tema.

Reclamamos, reivindicamos a superación da afirmación da simple igualdade formal entre todas as persoas, entre mulleres e homes, porque é unha proclamación que a día de hoxe —e xa desde hai máis dun século— descubrimos que estaba baleira de contido como proclamación formal, que era papel mollado como proclamación formal se non ía acompañada de políticas reais —é dicir, con orzamento respaldando esas afirmacións políticas— que fixesen que esa proclamación de igualdade no papel fose unha relación de igualdade na práctica e na sociedade.

Estamos falando da transformación social, da transformación do pensamento, da transformación das accións, da transformación dos comportamentos cidadáns, que é do que realmente tratan as situacións de igualdade material; algo que proclama o noso Estatuto de autonomía no artigo 4 cando di que os poderes públicos promoverán as circunstancias e as condicións para que as declaracións de igualdade e de liberdade sexan reais e efectivas nos individuos, nos cidadáns, nas cidadás e nos grupos nos que se insertan. Non hai políticas de igualdade se non hai orzamentos de igualdade, non hai políticas sociais se non hai orzamentos sociais.

Por esa razón, nós queriamos comezar reivindicando un esforzo na transformación que se producirá —ou non— por medio da aprobación dos orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2019, en xeral, para todos os problemas da cidadanía e, moi singularmente, para os que atinxen á igualdade entre mulleres e homes.

Vemos, non obstante, con zozobra que isto non vai ser así, porque estamos vivindo nos termos plantexados pola maioría popular dun orzamento que avanza —e xa o levamos denunciando durante os últimos anos— a existencia dunha nova fase dos recortes, onde o orzamento medra menos que o crecemento económico. E por iso nós cualificámolos desde o primeiro momento como uns orzamentos restritivos, que crecen por debaixo da previsión do orzamento da economía e que, polo tanto, impiden que a recuperación económica chegue ás capas sociais máis desfavorecidas.

Hai dez anos o orzamento público tiña un peso aproximado do 20 % do produto interior bruto da economía de Galicia e hoxe é inferior ao 15 %. Isto significa que os orzamentos da Xunta de Galicia perden poder de transformación social, de redistribución da renda e riqueza. Porque antes da riqueza do país un 20 % entraba na saca común do público, que despois se redistribuía con criterios máis ou menos de interese público en función de quen fose o goberno de turno, pero polo menos entraba nesa quenda de posibilidade de redistribución con criterios de equidade e con criterios de xustiza social.

Pois ben, temos agora mesmo consolidada unha nova fase de recortes onde o orzamento público medra menos que o que o fai a economía e que, polo tanto, impide á maioría popular neste caso e a coloca nunha situación voluntaria de evitar a redistribución da renda e riqueza por medio da acción orzamentaria.

Nós non cremos nesta forma de elaborar e de concibir os orzamentos. Nós concibimos como única alternativa posible o incremento do orzamento social para respaldar as políticas sociais, porque non hai Estado social sen orzamento social, non hai autonomía de benestar sen orzamento de benestar. As contas públicas, que son as que aprobamos nestes debates, son o respaldo real das políticas sociais.

Por iso nós formulamos unha alternativa política, hoxe baseada nunha alternativa económica, con 379 emendas que prevén actuar sobre máis de 565 millóns de euros. Están constrinxidas xa polo propio debate das emendas parciais, pero que, unidas ao noso plan plurianual a cinco anos —xa rexeitado polo Partido Popular na súa emenda de totalidade—, prevían —e iso era o que buscabamos— recuperar o nivel de investimento social existente no ano 2009, onde o peso do público achegaba o 20 % do produto interior bruto, para recuperar 2.000 millóns de euros nun plan quinquenal de todo ese investimento perdido.

Queremos denunciar tamén, como cuestión previa, a imposibilidade de ter un debate real entre as forzas políticas para efectos de sacar adiante os orzamentos de 2019, que nos veñen xa prefixados sen ningunha marxe de negociación. Levamos dous meses —como acaban de denunciar tamén os demais grupos políticos da oposición— cunha tramitación orzamentaria onde non puidemos negociar nin unha soa das emendas que presentamos, nin de totalidade nin de emendas parciais. Un debate que, polo tanto, queda oco de contido, porque non temos unha posibilidade real de incidir como oposición nos orzamentos que presenta a Xunta de Galicia e que aprobará hoxe a súa maioría parlamentaria, sen posibilidade de que coa oposición chegásemos a acordos, porque son impedidos polo formato de debate e pola falta de vontade política de chegar a acordos. Unha falta de vontade política que se manifesta na totalidade do orzamento, pero que tamén ten un reflexo partida por partida, análise de consellería por consellería.

Queriamos comezar, precisamente falando de partidas concretas e falando de consellerías concretas, pola situación da sanidade pública no noso país. En efecto, o Goberno ten hoxe a posibilidade de mudar a dramática situación que vive a sanidade pública de Galicia. Dicimos desde En Marea habitualmente que queremos pasar dos números ás persoas, e hoxe no debate orzamentario é o momento ideal para que se teña en conta as persoas á hora de facer os números. Se se pensa nas persoas, as contas saen.

Existe neste momento —como saben— un malestar xeneralizado e crecente coa xestión da sanidade pública, fondamente afectada polos recortes de gasto que implican recortes de dereitos, de esperanza de vida e de saúde, e, ademais, fondamente afectada pola privatización, que deriva recursos ao peto duns poucos para acadar un beneficio que podería estar investido na saúde da xente e non no beneficio empresarial. Cada vez que se derivan fondos a un hospital privado, ese hospital privado quere obter un beneficio, un lucro empresarial. Ese lucro empresarial, se o hospital fose público, estaría destinado a facer políticas públicas en materia de saúde. ¿Por que temos que compartir os recursos públicos para que as empresas privadas fagan negocio á nosa custa? Nós pensamos que todos os recursos públicos deben de estar ao servizo da sanidade pública.

O lamentable estado da sobrecarga asistencial e a precariedade laboral que padece a atención primaria en Galicia, o incumprimento sistemático da lei —da lei, señorías— aprobada pola propia Xunta de Galicia, pola súa propia normativa da Consellería en materia de mínimos de contratación nos puntos de atención continuada, do que é mostra bochornosa e vergoñenta colectivamente o acontecido na Estrada este verán, ou o caos de xestión do público e a imposibilidade de xestión da miseria —que motivou a dimisión en bloque dos xefes de servizo da Área de Vigo—, implican e indican, desde logo neste debate, a necesidade de mudar esta situación con algunhas emendas, que terían a oportunidade de aprobar, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Recentemente, na véspera da dimisión do 80 % das xefaturas de servizo da atención primaria da Área de Vigo, a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, sobre a situación precisamente da atención primaria, emitiu un comunicado onde sinalaba a falta de vontade política de solucionar uns problemas estruturais que requirían un financiamento axeitado para o noso sistema de saúde, e indicaba concretamente que, ante a situación de deterioración progresiva da atención primaria e as medidas preocupantes e mesmo posiblemente ilegais que veñen de adoptar —din— os nosos directivos, como é contratar médicos en formación para suplir deficiencias de plantilla, a xunta directiva desa asociación facía varias consideracións. Reproduzo algunha delas, porque teñen contido económico e inciden directamente no debate que hoxe teriamos que estar tendo aquí e que non dará lugar a unha rectificación da posición do Partido Popular, porque rectificar non é o verbo que máis lle gusta.

Di esta asociación: temos que repetir alto e claro o evidente: o gran problema da atención primaria é a falta de financiamento, unha falta de financiamento que inclúe persoal, infraestruturas, falta de mantemento, proxectos, funxibles... Di: e, a pesar de repetilo, a nosa Administración sempre negou esta evidencia. Tivo que acudir —sinala— unha catedrática de Economía da Saúde á comisión parlamentaria para poñelo de novo sobre a mesa. A porcentaxe de gasto en atención primaria no conxunto do Estado é un paupérrimo 14 %, cando os expertos defenden un 25 %, e en Galicia estamos dous puntos por debaixo, un 12 %. E o peor é que neses anos de crise aumentou o gasto hospitalario e diminuíu un 2 % o gasto en atención primaria.

Resulta desmoralizante —quéixanse os profesionais— escoitar dos nosos directivos as propostas para solucionar o colapso da atención primaria. Pensan que todo se arranxa cun simple cambio de axenda, pensan que non hai que ter en conta a evolución da poboación, a

cronicidade ou o envellecemento e que non podemos seguir co discurso dos mil cincocentos doentes por médico. Isto é unha visión simplista. O que debemos estudar é a carga de morbilidade e poñer os recursos en función desta, poñer os recursos en función das necesidades, señorías.

Remata ese comunicado: estamos dispostos a colaborar sempre e cando haxa un compromiso explícito e asinado dun aumento de financiamento da atención primaria. Estamos fartas e fartos de escoitar medidas e ocorrencias sen apoio presupostario. Estamos no momento do compromiso, o compromiso coa sanidade pública é agora, non durante todo o ano cando se fan afirmacións baleiras de contido orzamentario; é agora, que é posible respaldalas co ámbito orzamentario.

Nos hospitais, cando se fan programas de calquera tipo, sempre se acompaña de recursos humanos e económicos. Din: somos médicos de atención primaria, non de segunda, que defendemos que non somos a porta do sistema, somos o sistema mesmo, o sistema sanitario. Se non se comprende o papel central dos médicos e médicas de atención primaria como garante da sostibilidade, seguiremos cavando a fosa do sistema. Non estamos xa en tempos de comisións, estamos en tempos de decisións.

Isto é o que lles din os profesionais e as profesionais de atención primaria. Unha mensaxe reforzada posteriormente pola dimisión do 80 % das xefaturas de servizo da Área Sanitaria de Vigo, denunciando como puntos principais, no que ten que ver tamén con este debate orzamentario, en primeiro lugar, a sobrecarga asistencial á que están sometidos, o que conleva unha deterioración da atención aos pacientes, con repercusión na saúde. Dino os médicos e médicas, dío o persoal sanitario: a precarización das condicións de servizo de atención á poboación paciente crea problemas de saúde.

En segundo lugar, a falta de previsión de falta de recambio profesional, que era xa evidente desde hai anos en especialidades como a medicina de familia e a pediatría. A pediatría, señorías. Unha sociedade que non coida dos seus menores, que non coida da xente máis vulnerable, que non coida da xente que acaba de nacer, non é unha sociedade digna de chamarse sociedade democrática e sociedade avanzada, non o é, non o somos, e este é o escenario no que nos coloca o Goberno no día a día.

En terceiro lugar, a dificultade de acceso á atención hospitalaria dos pacientes que así o necesitan despois de seren atendidos na atención primaria.

Cuarto, a denuncia que fan de que os centros de atención primaria non contan desde hai anos con plans estables de reposición de material nin de incorporación de nova aparataxe.

E, finalmente, a ausencia de contratos eventuais estables e as condicións de traballo deplorables para os novos profesionais na sanidade pública, que dan lugar a que as xefaturas de servizo, o conxunto do persoal sanitario que hoxe en día ocupa postos de responsabilidade, postos de traballo ordinarios en toda a sanidade pública, non queiran ser cómplices, e cómplices xa por un día máis, desta deterioración.

Esta é a situación, esta é a realidade, expresada polos propios profesionais e polas propias profesionais, que non piden para si mesmos, que piden para o conxunto de mellora do servizo público. Pero, claro, á maioría popular nada disto lle interesa. Non queren nin oír falar do tema. E cando dicimos que non queren nin oír falar do tema, estamos falando —si, evidentemente— de que, exercendo a máis férrea mordaza, o Partido Popular vetou a presenza nesta Cámara dos testemuños máis incómodos da verdade que ocasionan os recortes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Cales son eses testemuños incómodos? O das persoas que o sofren, o das persoas que padecen os recortes na sanidade pública que vostedes ocasionan. Non querían vostedes escoitar as voces da angustia, da desesperanza, da tristura, do sufrimento por unhas políticas socialmente inxustas e de consecuencias dramáticas. Por iso vetaron vostedes os familiares do falecido na Estrada. É un cargo de conciencia que teñen sobre as súas políticas sanitarias, que só ve números e non ve persoas. Para vostedes foron 300 euros, para vostedes aquela tarde foron 300 euros; para a xente normal, para a xente enferma, foi unha vida humana. Así que, por favor, recapaciten. Pensen como persoas e non como autómatas dos recortes, pensen como persoas e non como caixas rexistradoras.

Pero nesa comisión tampouco vostedes querían escoitar a xente que ten moito que dicir, como son os profesionais, o colectivo de profesionais sanitarios e sanitarias, que «en pé de guerra» non se están defendendo a si mesmos, non están pedindo para si mesmos, senón que están pedindo para o que é de todos e de todas: unha sanidade pública de acceso equitativo e universal, que non exclúa a ninguén e, sobre todo, que non condene á enfermidade a quen non poida pagar a sanidade privada.

A pesar da súa actitude, que mesmo nos pechou —nunha situación inaudita na historia deste Parlamento, para vergoña propia e allea—, fisicamente, a porta, o acceso á sala F, que habitualmente se empregou para actividades dos grupos parlamentarios e mesmo roldas de prensa conxuntas, a pesar disto —digo—, a verdade sen mordazas entrou no Parlamento. Malia os intentos de secuestrar a palabra efectuados pola Presidencia negando os recursos dispoñibles nesta Cámara, a palabra foi voz libre para quen quixo escoitar. E escoitamos, si, escoitamos.

Máis alá da denuncia da familia da vítima, que con emoción expresou a falta de empatía e comprensión, a falta de humanidade coa que a familia foi tratada polos representantes do Partido Popular, que non foron quen de ter unha soa palabra de apoio pola morte de José Manuel, máis alá diso —digo—, porque iso supoñemos que non lles interesa, escoitamos un desexo, un desexo das vítimas dos recortes, e é que o desexo foi que ninguén teña que volver pasar polo que pasamos nós, que ninguén teña que volver pasar polo que pasaron eles. Viñeron aquí e non pediron para eles, viñeron aquí pedir por todos os demais, para o conxunto da cidadanía, que está hoxe aínda en condicións de sufrir a mesma situación.

Igual que escoitamos do colectivo dos «PAC en pé de guerra» admitir a profesionalidade do sistema sanitario público e a necesidade de dotalo de máis e mellores recursos, cunha expresión tamén ben elocuente: non queremos que morra ninguén baixo a nosa responsabilidade, queremos facer ben o noso traballo, se nos deixan. Así o resumiu Eduardo Díaz na súa comparecencia.

Pois ben, señorías, as nosas emendas 258 e 259 poderían incrementar, xa mesmo, en 12 millóns de euros a capacidade da sanidade galega para contratar persoal sanitario de atención primaria, nunhas condicións dignas que se merecen, para empezar a paliar o problema e cumprir coa propia lei vixente en materia de número de equipos sanitarios dispoñibles nos PAC do noso país; dotacións orzamentarias para cumprir coa lei vixente.

Está na súa man, señorías, rectificar o rumbo. Está na súa man escoitar as profesionais sanitarias, os pacientes, a sociedade civil. Están vostedes equivocados, e á vista está, os resultados están aí, o sufrimento da xente está aí, ese é o resultado da súa equivocación. Pero están a tempo de rectificar, non para todo o mundo, non para José Manuel, pero si para que non volva haber máis casos como o da Estrada. Non son números, señorías, son persoas. Non son 300 euros, señorías, foi unha vida humana. E preguntámoslles: se fose a vida dos seus seres queridos, ¿non desexarían rebobinar para volver facer as cousas doutra maneira? Esa é a pregunta que queremos facerlles hoxe.

A nosa aposta por unha sanidade pública non se restrinxe soamente a esta situación que acabamos de denunciar, senón que abrangue tamén —e por iso facemos as melloras que podemos dentro da marxe que nos dá esta fase da tramitación do orzamento— melloras en hospitais e centros de atención primaria continuada, a demanda de novas ambulancias medicalizadas en todas as áreas para atender correctamente as necesidades que ten a nosa poboación, a recuperación para o público do hospital de Vigo. Dixémolo claramente: nós non queremos beneficios empresariais a custa da nosa saúde, nós non queremos negocio duns poucos a custa do prexuízo da maioría. Nós non queremos que os dereitos fundamentais queden vulnerados para que uns poucos fagan negocio. Por iso queremos recuperar para o público xestións privadas que están producindo beneficio a custa dos orzamentos de todas as galegas e de todos os galegos. E, por suposto, os cartos da sanidade onde teñen que estar: en recursos para persoal sanitario e en recursos humanos; por iso reducimos os orzamentos para os capeláns nos hospitais galegos, por suposto que si.

Dentro do curso orzamentario, no resto das consellerías a nosa guía estratéxica foi unha vez máis a defensa de dereitos sociais e dotalos de respaldo económico para garantir o exercicio de dereitos fundamentais e garantir o exercicio pleno da igualdade.

Comezando polas emendas á Vicepresidencia, instamos á acción integral contra a violencia de xénero mediante un incremento da partida. Entendemos que as partidas destinadas son insuficientes no ámbito de campañas, no ámbito de publicidade institucional, no ámbito de campañas con incidencia no conxunto da poboación. O ámbito educativo, a guerra cultural, a guerra educativa que ten que librarse fronte á violencia machista non se desenvolve unicamente nas escolas; iso prodúcese con relación á poboación escolar. Pero no conxunto da sociedade, a que non está escolarizada nestes momentos, é necesario incidir nela. É necesario que esa batalla educativa, que esa guerra cultural para acabar co patriarcado se produza no conxunto da sociedade. Para iso son necesarias dotacións orzamentarias con maiores partidas para acadar a igualdade e a concienciación sobre a igualdade real.

É necesaria tamén a obtención de máis recursos inmediatos para situacións de violencia. Estamos falando da mellor dotación e da ampliación da rede de casas de acollida polo noso

país. É necesario transmitir ás mulleres que sofren a violencia que van ter unha saída inmediata do ámbito de violencia e que ese ámbito se vai producir cerca do lugar onde estaban residindo, se é que así o desexan, para poder facer a súa vida normal fóra do fogar onde estaban sufrindo os malos tratos.

Pero tamén reclamamos a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero. Unha das causas estruturais da violencia patriarcal é a dependencia económica, e temos que acadar, de forma real, de forma efectiva e de forma que se perciba socialmente, que as mulleres que denuncian situacións de violencia van ter un respaldo económico. Por iso falamos da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia. Por iso é necesario facer un esforzo real para que esta proclamación no papel da igualdade sexa real en termos económicos.

En materia de emprego público reclamamos tamén e dotamos orzamentariamente a formación da Escola Galega de Administración Pública en materias de igualdade, de discapacidade, de equidade social e de igualdade de trato. É necesario, para acadar unha maior eficiencia dos recursos dispoñibles, que o noso funcionariado teña unha maior formación, unha mellor formación tamén en materia de administración dos recursos, en materia de igualdade.

Materia de formación que non restrinximos á igualdade. Por iso reclamamos tamén unha formación específica en materia de loita contra a corrupción, para a detección precoz de prácticas corruptas e para a capacidade dunha maior reacción administrativa previa á acción penal que poida prever as conductas e as prácticas corruptas dentro da propia administración pública.

Dentro tamén do ámbito de Vicepresidencia existiu outro debate durante este outono con ocasión da conmemoración do ano da vaga de lumes que tivo lugar no mes de outubro de 2017, e vimos que, tras ese ano, non se implementaron nin sequera as trinta medidas —e así foi recoñecido polo propio presidente da Xunta de Galicia nesta bancada— propostas para superar a situación. Precisamente moitas das medidas que non foron implementadas precisaban dun respaldo económico que non se produciu ao longo deste último ano. Por iso propoñemos accións de prevención e de protección fronte aos incendios. Queremos que haxa simulacros reais entre a poboación para atender as situacións de emerxencia fronte aos lumes, queremos o sinalamento de vías seguras e queremos a posta en marcha de plans de autoprotección, non soamente nos espazos rurais máis ameazados polas masas forestais incontroladas, senón tamén nos espazos urbanos.

Tamén a adquisición de material de emerxencias e fronte aos incendios, que non foron dotados durante este ano, nin os GES nin os concellos, para poder asistir con medidas de seguridade básicas en caso de lumes. A creación das famosas brigadas de investigación forestal, que foi unha das medidas estrela e que non foron dotadas orzamentariamente nin no 2017 nin no 2018 e, polo que se ve, tamén nos orzamentos agora, no 2019. Tamén a publicitación dos consorcios provinciais contra os incendios forestais, para recuperar unhas condicións laborais dignas para o conxunto dos traballadores e tamén para a unificación do Servizo de Loita contra os Incendios Forestais.

Tamén dentro desta consellería, en materia de cooperación e solidariedade, queremos aumentar a partida orzamentaria para a Coordinadora Galega de ONG. Temos unha responsa-

bilidade específica como mundo supostamente desenvolvido, ou, efectivamente, desenvolvido, pero que é desenvolvido a custa da depredación dos recursos naturais e que impide o desenvolvemento normal ás sociedades ás que explotamos. É necesario que nós colaboremos para evitar ou paliar esta situación de desigualdade creada polo noso propio sistema debido ao noso sistema económico. Polo tanto, pensamos que é necesario tamén facer un esforzo nese sentido.

En materia de formación en igualdade, tamén reclamamos convenios de fomento e información e sensibilización sobre a igualdade e diversidade afectivo-sexual. É unha realidade que sempre estivo aí e que é necesario visibilizar. Igual que o deporte, que debe de ser visibilizado en igualdade e ser fomentado en igualdade, as prácticas para o apoio ás federacións deportivas de fomento do deporte feminino, para poder realmente practicar o deporte en igualdade.

Tamén para o uso do galego na Administración de xustiza. Hai máis dun ano, hai ano e medio, aprobamos unha proposición non de lei, por unanimidade, onde reclamabamos un sistema informático, unha aplicación informática que fixese real o mandato estatutario de vivir con igualdade lingüística entre o galego e o castelán. Isto é competencia da Xunta de Galicia e o programa é propiedade da Xunta de Galicia. Pois ben, desde aquela ata hoxe non houbo un só euro dedicado a cumprir con este compromiso acadado politicamente. Por iso introducimos tamén unha partida orzamentaria neste sentido.

No ámbito da Consellería de Presidencia, reclamamos a reapertura —e respaldámolo orzamentariamente— das sedes da CRTVG en Ferrol, Pontevedra e Burela, e queremos aproveitar esta ocasión para denunciar a situación que sofre a Corporación da Radiotelevisión de Galicia cunha dirección que utiliza o medio para que sexa o órgano de expresión do Partido Popular e non o órgano de expresión independente da realidade social do noso país. Queremos aproveitar para denunciar tamén aquí, unha vez máis, a necesidade do desenvolvemento do propio estatuto dos profesionais da Radiotelevisión de Galicia, a necesidade de creación dun consello de redacción de informativos independente que reflicta a pluralidade social, a pluralidade ideolóxica, que reflicta a realidade do que está pasando no país e para que sexa contado polos medios públicos de forma veraz e independente, como establece o artigo 20 da propia Constitución española.

Reclamamos, en liña co que fan os traballadores e as traballadoras, que levan máis de trinta semanas facendo «a fin da manipulación, a recuperación da función de servizo público e, ademais, o incremento da función propia». E rexeitamos as prácticas soberbias, que é o único que recibimos do presidente da Xunta de Galicia cando se lle pregunta por este tema, como fixo a semana pasada ante a pregunta dunha persoa nunha rolda de prensa tras o Consello da Xunta.

Demografía e retorno da emigración. Poderiamos poñer aquí moitos datos, unha vez máis discutir sobre eles, pero case lles facemos unha proposta: vaian estes días aos aeroportos galegos e aos aeroportos do norte de Portugal e vexan o que alí sucede. Vexan os mozos e mozas que veñen a Galicia para pasar —os que poden e as que poden— as súas festas, as festas de Nadal. Vexan as caras emocionadas e ilusionadas dos familiares que van recibilos e volvan a eses mes-

mos aeroportos na primeira semana de xaneiro, volvan ver esas mesmas persoas, esas mesmas caras collendo os avións para marcharen aos lugares de destino, fóra do seus país, fóra da súa familia, fóra da súa xente, porque non teñen oportunidades de vida na súa propia terra.

Iso é o que ocasionaron as súas políticas, que expulsaron xente moza ao longo de todo o seu período de goberno; máis de duascentas mil persoas de menos de 35 anos que fixeron as maletas expulsadas, porque non tiñan oportunidades na súa propia terra. Están alí os aeroportos para que o vexan, están as estacións de autobuses para que poidan vostedes velas.

E por esta razón é polo que nós facemos unha proposta dun plan de emerxencia de retorno da xente emigrada e un plan de emerxencia de retornados. Queremos que se faga efectivo o mandato estatutario do artigo 4.2 do Estatuto de autonomía, que recoñece o dereito dos galegos e das galegas a vivir e traballar na súa propia terra. ¿É tanto pedir facer iso e dotalo orzamentariamente? Vese que si.

En materia de solidariedade e cohesión social, recollido tamén dentro das medidas de impulso demográfico que se están facendo agora mesmo desde o Observatorio, tanxencialmente con relación a isto, a necesidade de integración social das persoas refuxiadas e a necesidade de cumprir cos nosos compromisos a nivel europeo de acollida das persoas refuxiadas. É un deber político, pero é un deber ético tamén, porque veñen fuxindo para salvar a vida, simplemente, veñen fuxindo dunha guerra que ocasionamos nós, co noso sistema económico e co noso sistema de vida, e o menos que podemos facer é darlles un acubillo e integralos socialmente, por certo, para beneficio tamén propio, porque necesitamos de toda esa xente nova, de toda esa xente que pode vir nos movementos migratorios, para soster tamén aquí o noso propio modo de vida.

Dentro tamén desta consellería, facemos dúas reclamacións adicionais. En primeiro lugar, un plan de universalización da banda ancha rural. Se esta é a lexislatura do rural e non do exterminio do rural, como despois referirei no ámbito da Consellería do Medio Rural, tamén temos a posibilidade de crear realmente condicións para poder vivir e traballar no propio espazo rural, algo que hoxe en día non se pode facer. Non se pode facer en moitos ámbitos, porque é impensable elaborar ou desenvolver un proxecto empresarial, un proxecto laboral, sen ter un acceso a unha internet de calidade mínima cunha banda de ancha mínima no medio rural. Non é posible facer os grandes enunciados de teletraballo se non hai unhas mínimas condicións de comunicación acordes co século XXI. Non é posible emprender no medio rural se non existen unhas posibilidades mínimas de comunicación neste sentido. E iso é algo que depende tamén de todas e de todos vostedes.

Tamén, finalmente, reclamamos que se fagan efectivas as axudas aos afectados pola explosión de Paramos, en Tui, que a Xunta rectifique unha vez máis a súa torpeza de simplemente axudar á reparación das vivendas nas que vive a xente, un máximo do 75 % do seu valor. Eles non foron responsables da explosión e non teñen por que cargar coas consecuencias da explosión. E, polo tanto, deben de recibir unha indemnización polo 100 % do valor da vivenda, e non do 75 %. Non teñen por que cargar con esoutro 25 %. Iso é inxusto e, polo tanto, é compromiso noso e é consecuencia da nosa visión de xustiza social acadar o 100 % do valor das vivendas tanto en primeira como en segunda residencia.

En materia da Consellería de Facenda, pensamos que é necesario emprender un plan de loita contra a fraude fiscal, sobre todo orientado ás grandes fortunas. Xa se dixo aquí —e xa desde En Marea dixémolo en numerosas ocasións— que a modificación do imposto sobre o patrimonio beneficia os grandes patrimonios, beneficia as grandes fortunas, supón un regalo fiscal inxustificado aos patrimonios de máis de seis millóns de euros, de máis de corenta mil euros ao ano. Entendemos que non está xustificado e, lonxe diso, o que temos que facer é investigar e prever a fraude fiscal contra as grandes fortunas. E por iso facemos unha proposta programática acompañada dunha proposta orzamentaria unida ao plan de inspección de pisos turísticos.

Quédanme varios aspectos, aos que me referirei despois con ocasión da quenda de réplica, pero simplemente neste momento, para pechar esta primeira intervención, lamentar a posición do Partido Popular do seu voto en contra, do seu voto en contra en contra destas emendas, porque particularmente na sanidade, pero en xeral no conxunto dos servizos públicos e defensa de dereitos sociais que plantexamos, sitúa o Partido Popular —entendemos nós— fóra do compromiso real —non do formal, do real— coa igualdade entre mulleres e homes, fóra da atención sanitaria equitativa universal áxil e de calidade, fóra da educación en igualdade para toda a poboación, fóra do emprego digno, fóra da innovación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica, fóra da lingua e fóra da cultura...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si, vou rematando—, fóra do rural e fóra da cidade. Sitúa o Partido Popular fóra dos problemas da xente e, polo tanto, fóra das solucións aos problemas da xente. E por esta razón desde En Marea votaremos «non», votaremos «non» aos seus orzamentos, porque entendemos que os seus orzamentos non coidan da xente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as súas emendas, ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moi bos días.

Señorías, señor presidente.

Coa convocatoria do pleno de hoxe e a posterior votación que celebraremos, Galicia contará cos seus orzamentos para o ano 2019. Nós consideramos que isto, en si mesmo, é unha boa nova, porque é un sinal de estabilidade política, de confianza, unha mensaxe para os actores económicos de confianza, en definitiva tamén, unha mensaxe de normalidade democrática.

Ao longo deste último mes temos insistido en que nós apoiamos estes orzamentos fundamentalmente porque veñen con cinco características que quero lembrar.

En primeiro lugar, incrementan o gasto non financeiro en 363 millóns de euros; é dicir, que crecen un 3,8 % os gastos non financeiros, achegándose ao máximo permitido no teito de gasto, 9.850 millóns de euros, o que implica que desde 2014, que foi cando tocamos chan na crise, os gastos non financeiros teñen medrado en 1.452 millóns de euros.

En segundo lugar, porque isto se fai cun comportamento sobre o endebedamento que neste exercicio é practicamente testemuñal. Deste xeito, a Xunta, como saben, ten conseguido que Galicia, que estaba á par da media das comunidades autónomas en endebedamento en relación co PIB, xa amosa no terceiro trimestre unha distancia considerable coa media, porque se ten endebedado na crise moito menos que o resto das administracións territoriais, e, ademais, faino cumprindo a regra de gasto, unha das escasísimas comunidades autónomas que así o fixeron, e, desde logo, se fose un exemplo seguido polos demais, a situación do conxunto de España hoxe poderiamos dicir que é moito mellor, tendo en conta que os niveis de endebedamento todos os informes internacionais din que son unha das ameazas que se cernen sobre a economía española.

A terceira característica é que esa suba de gasto é, fundamentalmente, como todo o orzamento, en gasto social. Os orzamentos que hoxe aprobaremos teñen un 80 % de gasto social, sumando sanidade, educación, política social e acción social que se desenvolve desde as consellerías. É a porcentaxe máis alta dos orzamentos da Comunidade Autónoma neste ámbito.

En cuarto lugar, porque hai investimento, concretamente 1.650 millóns de euros, pero o salientable é que o 55 % dese investimento, 918 millóns de euros, son a consecuencia de aforro bruto, é dicir, da diferenza entre os ingresos correntes e os gastos correntes. Iso implica que estamos cun crecemento do investimento por riba da media do orzamento, do 5,2 % con relación ao ano pasado, e, ao mesmo tempo, minorizando a presión fiscal, este ano levemente, en relación con algúns tributos —despois falarei no segundo turno sobre o tema do imposto do patrimonio—, pero, en todo caso, cunhas rebaixas fiscais que se manteñen ao longo do tempo, que estamos a ver que permiten incrementar, fundamentalmente, o consumo, porque van referidas ás persoas que teñen rendas máis baixas e, polo tanto, reforzar o crecemento, así como o aforro.

Isto é posible porque o PIB de Galicia está evolucionando moi favorablemente. No terceiro PIB medrou a un ritmo anual do 2,6, fronte ao 2,5 de España. Mantemos un diferencial de crecemento de 4 décimas con respecto á media da OCDE e de 6 décimas con respecto á Unión Europea. E este crecemento, que é o que anima o consumo, está ademais baseado nas exportacións, que avanzaron un 3,7 no trimestre, pero no que vai de ano xa vai nun 7,6. O Barómetro de exportacións do Foro Económico de Galicia salientou no terceiro trimestre que é sobresaínte o resultado exportador de Galicia. Está baseado no investimento. Nas cifras oficiais o que máis medra dos compoñentes do PIB é precisamente a formación bruta de capital, que crece case un 7 % —un 6,9 %—, e que, ademais, é equilibrado, porque afecta todos os sectores da economía.

Con iso estase conseguindo crear emprego. Os últimos datos publicados, a inicios deste mes, falan dun descenso do paro do 8,98, 16.800 persoas menos que hai un ano; en España baixou o 6,37; a diferenza, obviamente, está na poboación activa e o descenso que hai en xeral na

poboación activa en Galicia como consecuencia da pirámide demográfica. E, ademais, nestes momentos —un dato que creo que cómpre salientar—, hoxe hai moitos aínda que buscan emprego, 170.000 persoas en Galicia, pero son 10.000 menos das que había no ano 2008, en que eran 180.000.

Evidentemente, a Seguridade Social incrementou en 20.714 cotizantes; estamos por riba do millón de cotizantes. A contratación indefinida medrou un 20,94 %, e a temporal, un 4,1 %, segundo os últimos datos coñecidos; a tempo completo, un 5 %, e a parcial, un 3 %. E onte mesmo fíxose público un informe da Randstad, con datos do Servizo de Emprego estatal, que di que os contratos temporais convertidos a indefinidos presentan entre xaneiro e outubro deste ano o maior aumento desde o ano 2009. En Galicia a ratio de conversións de contratos temporais en indefinidos é do 43,9 %, maior que na media de España, facendo ver que, efectivamente, a temporalidade acaba converténdose na ponte que leva á estabilidade.

Evidentemente, xa sei que o señor Leiceaga dixo que somos triunfalistas. Non somos triunfalistas, queda moito por facer, pero o que si creo que é xusto recoñecer é que a economía vai por un camiño desde logo moi diferente ao que atravesou hai varios anos o noso país. *(Aplausos.)*

Como é natural, esta mellora económica estase a traducir sobre todo na mellora do mercado laboral, estase a trasladar ás familias. Tamén estes días coñecemos os datos que o IGE presentou no seu estudo sobre salarios, que analiza as retribucións no último ano, no ano 2017. O salario medio anual medrou en Galicia un 1,92 %, e a media en España foi o 1,78 %, e o das mulleres un 2,49 %, mentres que o dos homes, un 1,76 %. Queda moito por facer no que é a converxencia de salarios coa media española, e especialmente dentro de Galicia na converxencia de salarios entre homes e mulleres, pero o que si é certo é que as cifras nos din que imos polo bo camiño.

É certo tamén que descendeu o peso dos salarios no PIB, en total, porque ten que ver co número de persoas que están traballando no conxunto do país, que son menos que as que había antes da crise, e tamén ten que ver coa composición do PIB daquela época, que estaba baseado —e de aí vén a maior bolsa de desemprego— nun sector que era o da construción.

Pero, dito todo isto, ó certo é que a economía mellora, que se traslada ás familias, non só nos salarios senón tamén —como xa dixen no debate de totalidade— no número de fogares que chegan con dificultades a fin de mes, que descendeu un 10 % o ano pasado; na taxa de risco de pobreza, que se reduciu nun 2,8 % en 2017; ou no 40 % de persoas que caeron de estar en situación de carencia material severa, que era o 4,1 % no 2016, ao 2,4 % no 2017.

En definitiva, nós entendemos que estes son uns orzamentos axeitados. Son continuístas porque as cousas están mellorando. Desde logo, fronte ás apocalípticas predicións que nos facía a oposición nestes debates en anos pasados, están mellorando as cousas, tanto en termos relativos na situación que ten Galicia como en termos comparativos, como amosa sobre todo o dato de que estamos no punto máis alto de converxencia en PIB per cápita coa media española.

Pois chegamos a este punto tras un mes de debates, no debate de aprobación dos orzamentos. Eu quero lembrar que debater é discutir un tema presentando opcións diferentes, achegar razóns contra o que alguén pensa, contra o parecer doutras persoas, e nós abordamos este debate con esa mentalidade, que é xenuinamente e desde o punto de vista filosófico liberal, de escoitar o que se nos dicía e a partir de aí actuar, certamente unha actitude que non tivo a oposición cando estaba criticando os orzamentos antes de que foran presentados nesta Cámara, simplemente o día que os aprobou o Consello da Xunta.

Nós alegamos razóns, desde logo non prexulgamos intencións, non consideramos que ninguén desta Cámara sexa sádico ou queira empeorar as cousas, e sempre estamos dispostos a corrixir e aceptar emendas e corrixir aquilo que estea mal.

En definitiva, que nin este é un Parlamento que funciona como decorado, como se dixo esta mañá, nin que esteamos no día da marmota, nin que sexa un debate inútil, nin que sexa un debate prefixado, cousa que por outra parte é habitual en todos os parlamentos, dado que a iniciativa de presentación dos orzamentos, como todos sabemos, corresponde, en todos os réximes parlamentarios, ao Goberno.

Nós entendemos que foi un debate útil, e vou dicir por que. En primeiro lugar, porque aceptamos emendas. Hoxe dise que nunca aceptamos emendas e acábase de dicir que no 2013 aceptamos unha emenda tan relevante como subir o 20 % do imposto do patrimonio, e neste debate tamén aceptamos emendas. Ao PSOE, por exemplo, para distinguir no articulado entre os beneficios fiscais, autonómicos e estatais, para facer ampliables os gastos da Tarxeta Benvida ou para fixar con precisión a data de repartición da liquidación definitiva do fondo adicional para os concellos. Á Marea, efectivamente, a petición que nos fan —que facilita o traballo parlamentario— de que a información das modificacións orzamentarias se remita por vía informática e non en papel. Evidentemente, ao Bloque non lle aceptamos ningunha, o cal non quere dicir que non aceptaramos ningunha emenda da oposición neste debate.

Máis alá das emendas, tamén foi útil, aínda que vostedes ás veces non se decatan, non só polas emendas que aceptamos, senón polo que as súas críticas e os seus comentarios nos levaron no conxunto do proceso de tramitación destas leis —a orzamentaria e a de acompañamento— a impulsar emendas do noso propio grupo. Nós escoitamos os pediatras, e o grupo solicitou a emenda de supresión dun artigo que pretendía resolver un problema que ten a sanidade en relación coa atención pediátrica. Nós escoitamos sospeitas de pelotazos en Mos, e nós emendamos para evitar e deixar claro que ese tipo de cousas non eran as que este grupo pretendía.

Polo tanto, a súa crítica tamén é útil, aínda que non aceptemos emendas, porque nós escoitamos, razoamos e, cando escoitamos algo razoable, o que facemos é tamén incorporalo ás nosas emendas. *(Aplausos.)*

Non obstante —isto igual á oposición non lle gusta tanto—, para o que foi máis útil este debate, desde o punto de vista do grupo da maioría, é que, sobre todo, o que nos permitiu foi reafirmarnos nas nosas convicción e reafirmarnos na opinión que temos de que este orzamento é positivo. E non porque non haxa alternativa. Efectivamente, hai alternativas. O

que pasa é que esas alternativas, como agora pasarei a comentar, non só non nos parecen convenientes, senón que, razoadamente, cremos que contribuirían a estropear o proceso de recuperación económica e social que está a vivir Galicia.

E quero recordar, cando se fala de que a maioría aproba unha Lei de orzamentos pese a que se incorporan emendas e pese a que hai debates e se alegan razóns, que a democracia non é cando se fai o que nunha Cámara de setenta e cinco demandan seis. A democracia son unhas regras, o respecto ás regras que garanten que as decisións as toma a maioría respectando os dereitos da minoría. E, ademais, nesta Cámara, quero lembrar, cando se di que non se pode falar segundo de que temas, que o 80 % dos debates que hai neste pleno son a iniciativa da oposición e que é, por tanto, a oposición a que fixa as prioridades de debate no Parlamento de Galicia.

E agora paso a explicarme sobre por que nos reafirmaron na convicción de que estes orzamentos, posiblemente mellorables, son desde logo moito mellores que os que presenta a alternativa.

Eu sei que o proceso de emendas é complexo, eu sei que do que se trata é de lanzar mensaxes, eu sei que moitas veces iso leva a fallos técnicos —que foron recordados polo conselleiro na súa intervención o día do debate das emendas parciais pero tamén ao longo do proceso de debate na comisión—, eu sei que hai moitas que non se poden explicar, que hai que rexeitar tecnicamente, porque afectan fondos finalistas, que, polo tanto, non se poden minorar, porque teñen que empregarse no uso para o que é recibida esa cifra por parte da Xunta.

Eu sei que vostedes seguen intentando reducir o número de altos cargos pese a que esta administración conta cun 30 % de gasto menor en gabinete e un 40 % menos en altos cargos con relación ao Goberno bipartito. Eu o que quero é centrarme nas grandes liñas orzamentarias que se deducen das emendas da oposición.

Porque hai que distinguir, antes de facer outras disquisicións, entre o que é o equilibrio económico duns orzamentos do que é o equilibrio contable. O equilibrio económico pode querer dicir que un orzamento estea en equilibrio —ingresos igual a gastos; polo tanto, non hai que endebedarse—, cara a iso camiña a Xunta; pode ter superávit, é dicir, que xera aforro, capacidade de amortización de débeda por exemplo, ou en déficit, o que implica que ten que endebedarse para poder cumprir os gastos que están previstos. Pero, previamente, hai outro, que é o equilibrio contable. É que, con independencia de que nos financiemos con débeda ou sen débeda, as contas teñen que dar uns ingresos que permitan facer os gastos que están no orzamento.

Todo o contrario é enganar e crear ilusións financeiras. Cando se di que se vai gastar máis nunha cuestión e ao mesmo tempo non se di de onde se van sacar os cartos, ao final non se pode gastar, porque, ademais, como sabemos, estamos nun contorno no que o recurso ao déficit sobrevido non é posible, e non é posible, entre outras cousas, porque todo o país estivo de acordo no seu momento en integrar a área euro.

Polo tanto, permítanme que o fundamental, polo que as súas emendas tiveron escaso éxito, é que nos encontramos cunha repetición de falta de ingresos e pintar ingresos, literalmente,

co fin de xustificar gastos seguramente moi ben intencionados e xeralmente dirixidos a dicir que nós non temos vontade de gastar en segundo que cousas. Ese é para nós o principal problema que teñen as súas emendas, que sobreestiman ingresos e subestiman gastos, e insisto: o que leva iso é a enganar a cidadanía cando se lle di que se pode gastar nalgunhas cousas cando non hai recursos para gastar niso.

No ano 2008, vostedes, por exemplo, no Goberno bipartito, orzaron de ingresos indirectos 456 millóns de euros, de ingresos indirectos da propia Xunta, para o ano 2009, cando no ano 2008 —e os orzamentos apróbanse a final de ano— o peche daba 409 millóns de euros; ao final houbo un desvío do 11 % no ano 2009; porque orzar en medio da crise que vai haber máis accións que suscitan o pago de impostos indirectos con relación ao que hai no ano 2008, onde a crise aínda non golpeara de todo, é unha forma de pintar ingresos que despois non chegan ás arcas autonómicas. Ou, por exemplo, puxeron 26 millóns de euros nas libranzas por coidador, cando o gasto real foi superior aos 40 millóns de euros. E, cando se producen estas cousas, o que hai é un burato que hai que cubrir reducindo o gasto noutros lados ou, simplemente, deixando a deber. E fíxense en que estou falando dos orzamentos aprobados e non estou falando das liquidacións negativas.

Nun debate que tivemos nesta Cámara, nos orzamentos do ano 2009, ademais de suscitar unha devolución de 1.600 millóns de euros como consecuencia de liquidacións negativas sobre o realmente recadado a través dos impostos estatais, cando nós nos atopamos con ese documento orzamentario, ao final había un desvío de arredor de 1.100 ou 1.200 millóns adicionais, como consecuencia de que había 485 millóns de euros de gastos que estaban subvalorados e, en cambio, se prevían ingresos por 650 millóns de euros que non eran reais.

Isto non é novo; é máis, segue producíndose. Orzamentos pactados —aí están, no limbo— entre o Partido Socialista e Podemos para o conxunto do Estado no ano 2019. ¿Que di a Comisión Europea? Que non cadran as contas, que hai preocupación pola desviación, que está vencellada fundamentalmente á suba do salario mínimo por riba do pactado cos axentes sociais e que pode baleirar o mercado de traballo, especialmente dos máis xoves, pola revisión á alza das pensións e pola previsión de recadación de ingresos de impostos que non se sabe o que van recadar, que é o mesmo por certo que sostén a Airef. A Airef pensa que as previsións do Goberno con figuras impositivas novas que non van recadar o previsto fan necesario que haxa axustes para cumprir o obxectivo do déficit pactado con Bruxelas do 1,8 %. E tamén se fai referencia por parte da Airef. Ao salario mínimo engádelle o problema das cotizacións, que todos sabemos que é un imposto sobre o traballo e que, polo tanto, reduce a cantidade de traballo que se oferta no mercado. En definitiva, alude á falla de credibilidade.

En resumo, de acordo coa Airef, un burato de 3.660 millóns de euros, ou 0,3 puntos de déficit adicional, ou simplemente: dicir que se vai gastar cando se sabe que non hai recursos para gastar. E iso é, literalmente, xerar falsas expectativas, xerar ilusións financeiras, ou, na linguaxe máis coloquial, enganar a cidadanía.

Pois ben, o que pasou no 2009, o que pasa en Madrid nestes momentos, é o que se traduce das súas emendas. Reproducen exactamente ese modelo de ingresos inflados, gastos que

non se van poder materializar e crear falsas expectativas e ilusións, ao xeito dos vendedores de crecepelo. Hai multitude de exemplos, pero permítanme destacar os máis salientable.

O primeiro, a Marea. A Marea presentou unha emenda —que, loxicamente, os letrados da Cámara rexeitaron por ir contra o *nefando* artigo 135 da Constitución— que sacaba 20 millóns de euros da amortización da débeda. É dicir, xusto no momento en que a Xunta sae aos mercados a financiarse, xusto no momento en que unha emenda do Partido Socialista nos pide que incrementemos a débeda, o que nos propón a Marea é que non devolvamos a débeda que hai que amortizar este ano en 20 millóns de euros. ¿Por que? Antes falaban de auditoría, antes falaban de débeda inxusta; non, agora simplemente non se pagan 20 millóns de euros e fóra. Ben, realmente isto, por moito que vostedes presenten a emenda coa mellor intención, pois nós non o podemos apoiar.

O Partido Socialista pídenos que nos endebedemos en 132 millóns, eu xa dixen no debate de admisión a trámite que curiosamente o ano pasado non nos pedían que nos endebedaramos nesta cifra, e o que pedían era que o completásemos con ingresos do sistema de financiamento autonómico. Efectivamente, aquí houbo un cambio importante na posición que tiveron os grupos da oposición, é o paso dos variables recursos que aporta o sistema segundo o grupo e o ano. ¿Nós como o facemos? Pois o Estado comunica cales van ser as entregas á conta, inclúense nos orzamentos e ademais faise unha previsión en función de como vai a recadación no exercicio correspondente.

O PSOE antes de que o señor Sánchez asumira a condición de presidente pedíanos no ano 2017 que lle pediramos 60 millóns máis do sistema de financiamento autonómico; no ano 2018, 40; e este ano, 0. En cambio, despois de Sánchez o que nos piden é que aceptemos que Galicia se endebede por bastante máis.

Antes de Sánchez a marea máis modesta pedía 250 millóns de euros ao sistema de financiamento autonómico —fóra de todo principio razoable de consideración do que nos ía dar un sistema que está aprobado e cuxas características son coñecidas— e este ano pídenos uns modestos 213 millóns de euros.

Eu non sei como se resolve esta cuestión dos variables ingresos do financiamento autonómico, e humildemente nós cremos nas transferencias que nos vai dar o Estado; que esperamos —pese ao voto en contra do Partido Socialista no Congreso e á abstención de Podemos— que inclúan doce meses do IVE, porque o Estado neste ámbito non se amosaba tan xeneroso como coa capacidade de endebedamento e deixábanos sen ingresar unha mensualidade que corresponde a Galicia pola recadación territorializada do IVE no noso país.

Un terceiro exemplo, os ingresos tributarios. Na comisión tivemos un interesante debate sobre a servilleta de Laffer o portavoz de En Marea e mais eu. E como en comisión a verdade é que a maioría case non pode falar, aí si que estamos silenciados, dannos cinco minutos despois de escoitar trinta e cinco ou corenta minutos de defensa de emendas, pois como nos dan cinco minutos para posicionarnos e non puiden aproveitar moito, e vou aproveitar algún minuto para facer unha referencia. Vostede sabe —porque eu llo dixen— que coincido con vostede en que a servilleta na que Laffer pinta a súa curva a facenda pública moderna tena

tirado á papeleira, eu estou de acordo. Pero eu o que lle pediría é que pensase que do mesmo xeito que non é verdade que todas as baixadas de impostos se autofinancian e pode dar lugar a un déficit, que pense tamén que non todas as subas de impostos se traducen automaticamente nun incremento proporcional da recadación, porque iso tamén é certo.

E desde o punto de vista da facenda sabemos todos que hai efectos desincentivadores, que cando un grava moito traballo redúcese a cantidade traballada, que hai o que se chama o exceso de gravame, que son perdas de utilidade para o conxunto da sociedade; que hai outros factores que fan que cando un sobe os impostos a recadación non suba proporcionalmente ao que un sobe o imposto. É o mesmo que a curva de Laffer só que ao revés. Pero vostedes critican a curva de Laffer e non asumen a segunda parte da consecuencia de tirar ao lixo a servilleta de Laffer.

Isto, ¿a que nos leva? Lévanos a que vostedes nos presentan unha serie de tributos e aventuran recadacións posibles, algunhas moi chamativas: impostos sobre os embalses. Por certo, eufemisticamente díxose que isto era a fiscalidade do século XXI, estas figuras que vou mencionar agora. Parece que un IRPF, un IVE, un imposto de sociedades non son fiscalidade moderna, iso é do século pasado, e a moderna fiscalidade son impostos sobre os embalses. O PSOE pensa recadar 6 millóns de euros; En Marea, 50; e o BNG, 0 —porque non o presenta—.

Bebidas azucradas: PSOE, 0; En Marea, un modesto medio millón de euros; e o BNG, 11 millóns de euros. Eu mirei canto se consome de bebidas azucradas en Galicia de acordo cunha información atopada —non sei se moi fiable—, estamos falando de 87 millóns de litros de bebidas azucradas. Iso quere dicir que un litro de coca-cola subiría de prezo 8 euros, e a pregunta que eu me fago é, ¿se sobe 8 euros a botella de bebida edulcorada a xente vai seguir consumindo a bebida edulcorada? É aí onde poden ver que unha suba de impostos non se traduce automaticamente nunha suba da recadación. O máis probable —se lle meten por litro de refresco 8 euros de imposto— é que en Galicia, efectivamente, todos bebésemos auga, como moito con gas. *(Aplausos.)*

Vivendas baleiras: PSOE, 0; En Marea, 2 millóns de euros; BNG, 36. Supeficies comerciais: PSOE, este ano 6 millóns de euros, o ano pasado 18; En Marea, 4; e o BNG, 30 millóns de euros.

Ben, evidentemente, con estas previsións de ingresos é moi difícil aceptar unha emenda, porque certamente todo iso que vostedes din que van gastar impoñendo esta tributación adicional, como as propias cifras que acabo de ler e os comentarios que lle fixen a algunha delas, demostran que ao final vostedes pintan ingresos que non van ter e están prometendo gastos que non van poder realizar porque non vai haber eses ingresos.

Hai máis exemplos, neste caso de subvaloración dos gastos, igual que ocorreu no ano 2009. Unha crítica habitual na Comisión 2ª que escoitan os compañeiros que van a esa comisión é que non se fan obras, que non se fan saneamentos, que non se fan reparacións nas infraestruturas viarias galegas...

Pero se analizamos as emendas á Consellería de Infraestruturas e a Augas vemos que En Marea lle quere reducir 40 millóns de euros e o Bloque 70; é dicir, o 20 % do total. Entón

podemos prometer reparacións, podemos prometer novas obras, pero dificilmente se vai poder facer iso reducindo, respectivamente, en 40 e 70 millóns de euros as obras. Pódese facer máis eficientemente con menos, pero obras é difícil facer máis con menos recursos.

Señorías, así non se poden aceptar moitas das emendas, ese é o motivo polo que o debate foi útil, e a nós reafirmounos na conveniencia de aprobar estes orzamentos. Insisto, dan estabilidade, dan confianza e reforzan as políticas sociais e o investimento da economía produtiva. E, en resumo, porque o seu proceso de emendas —permítanme unha reflexión, ou un recordo, ou unha anécdota que rula pola miña familia desde hai moitos menos— se asemella ao que lle pasou a un vello da parroquia de Rioaveso, na Terra Cha, que anunciou en vésperas dun San Ramón quería ir á feira mercar algunhas cousas. Inmediatamente os seus conveciños de Rioaveso empezaron a pedirlle: un roupa, outro zocos, outros algún sacho —algún instrumento de labranza—; e ao final chegou un neno cun patacón e díxolle que quería ter un pito, o vello recolleu o patacón e díxolle ao neno: ti pitarás. Con estes orzamentos a Xunta pitará, Galicia pitará; coas súas emendas, desgraciadamente, Galicia non chifraría nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Antes de continuar coa rolda dos grupos quixera saudar as integrantes da Fundación Juan Soñador, que son mulleres das catro provincias galegas que nos visitan hoxe con motivo do Día internacional do emigrante. Benvidas ao Parlamento. Encantado de telas aquí.

E agora continuamos, si, coa rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Pois moi ben, case boa tarde agora mesmo.

Hoxe o señor Puy foi, a verdade, moi abstracto, tívose que ir moito polas ramas porque, efectivamente, tiña un papel complicado. E houbo un asunto ao que vexo que non lle prestou moita atención, e é o que ten que ver coa sanidade. Imaxino que porque vostede cre que o conselleiro de Sanidade o está facendo de maneira extraordinaria, creo que foi o cualificativo que usou despois de que dimitiran vinte xefes de servizos en pediatría. Creo que define con claridade cal é o seu papel neste debate.

E o único que nos dixo foi que o PP escoitaba os pediatras. Claro, señor Puy, se escoitaran os pediatras nunca chegaría ese intento de supresión da atención pediátrica en atención primaria. *(Aplausos.)* Se escoitaran non terían logo que vir rectificar esa falta de escoita que ten este goberno. Porque se rectifican é porque se enfrontaron a tal lea que teñen montada na sanidade pública e porque había acusacións que me imaxino que, polo menos, os farían pensar. E é que nada máis e nada menos que estaban xogando coa atención dos nenos e das nenas deste país.

E nós o que lles dicimos é que se o PP está por escoitar, que sigan escoitando. Que sigan escoitando o persoal de Urxencias do CHUS, que escoiten a familia da persoa que faleceu no

PAC da Estrada. Porque creo que lles molestou moitísimo que viñera a este Parlamento, tanto que puxeron en marcha unha medida absolutamente antidemocrática, como impedir que se utilizara unha instalación do Parlamento que sempre usan os grupos. *(Aplausos.)*

Está claro, señor Puy, que a vostede só lle gusta escoitar cando lles dan a razón, *(Aplausos.)* e cando non: censura, veto e intentar manipular os medios de comunicación públicos deste país, que é ao que se dedica o Partido Popular.

Entón, claro, aquí utilízanse uns argumentos que a verdade é que son —non sei— dunha falta de credibilidade absoluta. Claro, o primeiro é que só hai un orzamento posible, e é o que presenta o PP. Aquí estamos nunha especie de deuses do olimpo celta encarnados en conselleiros e conselleiras e deputados e deputadas do PP que atoparon a pedra filosofal pola que sempre teñen razón en todo. Claro, deben durmir de marabilla polas noites e erguerse esplendidamente cada día.

Pero, en fin, hai que ter moita fe e moito fanatismo para ser capaces de dicir iso. Porque claro que son posibles outros orzamentos, e claro que é posible ter máis ingresos. A Xunta, para empezar, tería máis ingresos se en vez de asinar un sistema de financiamento que nos discrimina apostaran vostedes por defender os intereses deste país. *(Aplausos.)* Que decidamos os galegos e as galegas sobre os nosos impostos, *(Aplausos.)* e non Madrid, que xa vemos como fai: reparte pensando sempre nese centralismo madrileño.

Pero nestas emendas que nós presentamos no inicio da tramitación deste parlamento, ¡claro que se poden ter máis impostos! O que pasa é que vostedes non queren gravar as rendas do capital. Claro, por iso non queren un imposto de grandes superficies que se podería utilizar para paliar a grave crise que vive o pequeno e mediano comercio. Claro que poderiamos poñer un imposto de bebidas azucradas, que é unha medida de saúde pública, un problema importantísimo; pero vén aquí facer un cálculo absolutamente fóra da realidade.

Claro que poderiamos ter un imposto para que a banca, as grandes financeiras, o gran capital, que ten moitas vivendas baleiras neste país, gravaramos esas vivendas que teñen eses fondos voitre ou que ten a gran banca, e tiveramos un retorno para este país; e estariamos tamén axilizando a posta desas vivendas no mercado. Ou claro que podería poñer outro tipo de fiscalidade tamén no IRPF, aínda que teñamos unha capacidade moi pequena para incrementar as rendas máis altas ou que tributan no noso país. Porque o certo é que todas as reformas que se fixeron nos últimos anos —e que o Partido Popular é responsable dunha parte moi importante delas— van na dirección contraria: sablear as rendas máis baixas dos traballadores e das traballadoras, e cada vez menos impostos para as grandes rendas e o gran capital. *(Aplausos.)* Ese é o deseño que vostedes teñen, e ademais un deseño dunha Galiza dependente, que, efectivamente, desde o BNG non compartimos.

E o segundo grande argumento que utilizou o Partido Popular é que estamos moi ben, as cousas marchan magnificamente, aquí non hai ningún problema: non hai 270.000 persoas que emigraron, non temos case unha de cada dez persoas en risco de pobreza, non hai un problema de precariedade cando a maior parte do emprego que se está xerando é emprego precario para unha xente nova que se formou e logo ve como neste sistema non ten oportunidades.

Vostedes negan os problemas que hai na dependencia, xa nin nomeou ese tema. Efectivamente, Galiza está de marabilla.

E vénnos dicir, máis ou menos, que contratar máis médicos e médicas estropea o proceso. Vénnos dicir que mellorar a atención primaria deste país estropea o proceso. Vénnos dicir que un plan de mellora da atención primaria estropea o proceso. Nós preguntámonos, ¿que proceso estropea, o de desmantelamento e privatización da sanidade pública, señor Puy? ¿Ese é o proceso que lles estropean as emendas do BNG? Pois, efectivamente, nós claro que defendemos unha sanidade pública con máis persoal, porque hai médicos, se se queren contratar. Nós claro que defendemos acabar coa precariedade dos PAC, porque é absolutamente inhumano o que lles están facendo aos traballadores e traballadoras dese servizo *(Aplausos.)*. Relatárono onte, o seu grupo estaba invitado a participar e a poder escoitar como se lle quebraba a voz a unha persoa que se levanta cada día para facer ben o seu traballo e o que recibe por parte da Administración é precariedade, castigo e máis castigo, e por riba o veto do Partido Popular.

Preguntámonos, señor Puy, ¿estropéase o proceso que se lle destinen 30 millóns de euros máis ás universidades públicas? ¿Que proceso estropea? ¿Que estropea que haxa máis escolas infantís neste país? ¿Que estropea que apoiemos a recuperación das terras queimadas, que apoiemos que se planten especies autóctonas e madeiras de calidade no noso país? ¿Que é o que estropea?

Realmente, ao que estamos asistindo é a un debate no que o Partido Popular vén aquí dicirnos que hai unha única verdade, co seu pensamento único, negando, ademais, que había aportacións importantes e valiosas. ¿Ou vostede non cre que unha persoa que recibe unha pensión non contributiva merece que se suba o complemento da Xunta que leva dez anos conxelado? Cando estamos vendo como esas persoas van ter que gastar máis na luz, na auga, no prezo da comida, en vestir, en ter que pagar máis medicamentos que hai dez anos, e aquí vénse coa soberbia de dicir que nada diso serve para nada. O que non serve é seguir instalados nunha política de que como temos maioría absoluta mandamos e dá absolutamente igual o que propoñan, os problemas que se traian e as propostas en positivo para avanzar neste país.

Que lástima, señores e señoras do Partido Popular, porque neste debate vostedes van sacar a adiante o orzamento, pero quen perde é Galiza e as súas maiorías sociais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Saudamos agora os alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria do colexio Montemogos, de Beluso (Bueu), e os seus profesores tamén. Benvidos ao Parlamento.

Agora o Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día de novo.

Efectivamente, nós cremos que hai unha versión triunfalista, unha versión demasiado edulcorada ou cor de rosa da situación de Galicia que nos pinta o Partido Popular e que condiciona o seu orzamento.

Eu non vou entrar na discusión sobre a situación do ano 2009; en todo caso, señor Puy, como vostede ben sabe, para o ano 2009 as contas que presenta a Xunta cerraron con superávit ese ano, entón non parece o mellor exemplo. *(Aplausos.)* E, como vostede ben sabe, nas cifras que nós diciamos que se podía incrementar a débeda en anos anteriores non é só que fora autorizada polo Consello de Política Fiscal e Financeira, é que se vostede vai á liquidación, ou primeiro ás modificacións do orzamento e despois á liquidación, verá como na Consellería de Facenda utilizou esa décima adicional que nós queriamos orzar na liquidación para acabar pechando os ingresos. Polo tanto, algo habería de posibilidade no que nós plantexabamos.

¿E por que falamos de triunfalismo? Vostedes presumen de que Galicia medra aproximadamente de media como a economía española. Está ben, é unha evolución —digamos— razoable, non é desdeñable ter esa referencia española de que está crecendo a taxas no contexto europeo relativamente elevadas.

Pero mire, esta é a evolución do PIB de Galicia en termos constantes, e resulta que aínda estamos por debaixo da referencia do ano 2007 e 2008, aínda nos queda camiño por percorrer. Primeiro, polo tanto, non sexamos tan triunfalistas cando levamos dez anos e aínda non volvemos ao punto de partida, simplemente reflexionemos sobre isto.

E, en segundo lugar, estes son os factores de crecemento. Entre o ano 2002 e o ano 2008 crecemos non só porque aumenta a produtividade do traballo, senón porque aumentan, ademais, as horas traballadas en relación coa poboación de Galicia. É dicir, hai un crecemento extensivo e hai un crecemento intensivo, o cal parece razoable.

A partir do ano 2008 cae de forma moi substancial o número de horas traballadas e aumenta como consecuencia a produtividade do traballo. Isto de que aumente a produtividade do traballo é positivo: elimínanse sectores de baixos salarios, elimínanse empresas que nunha caída da demanda non son capaces de competir e hai ese incremento.

Pero fíxense vostedes que desde o fondo do pozo en que estabamos nos anos 2013 e 2014 o incremento das horas traballadas é moi limitado. Porque isto é máis ou menos o incremento das horas traballadas, porque a poboación practicamente non experimentou cambios. O cal quere dicir que unha vez que se produciu o axuste, estamos xa nun momento en que cara ao futuro hai incertezas sobre o que vai pasar con ese incremento da produtividade, da produtividade do traballo. ¿Por que razón? Porque posiblemente —eu espero que non, que sexamos capaces de superalo—, hai moitos países que caen no que se chama a *middle income trap*, ou sexa, a trampa dos ingresos medios, e dá a impresión de que Galicia pode estar niso. E entón temos que facer todo o posible para evitalo. E, ¿iso como se fai? Faise investindo en I+D+i, sendo capaces de ter empresas máis sólidas, máis capaces de estar atentas ao que fan os mercados, máis competitivas e, por suposto, cunha forza de traballo moito máis eficiente e mellor formada.

E nós cremos que aí o orzamento da Xunta peca por defecto, que non está facendo isto. Ás veces presupóstao, ás veces nas previsións iniciais está, pero cando chegamos ao final do proceso —como antes indicaba— vemos que está moi lonxe de cumprir os mínimos obxectivos: en política industrial, en formación, en innovación, en infraestruturas...

Falamos neste trimestre nós do Plan Move bastante aquí, e o Plan Move, que era un deseño con problemas pero que daba un horizonte razoable de evolución da conexión interna en Galicia, está moi lonxe de ser completado.

E dicimos triunfalismo, tamén, porque este é o PIB per cápita de Galicia. O señor Puy dicía que estamos no mellor nivel da converxencia. Pero fíxense que o PIB per cápita en termos constantes do último ano aínda está por debaixo do dos anos 2007 e 2008.

Imos poder converxer porque en España lle vai peor, non converxemos con Europa, pero aínda estamos por debaixo en termos constantes do que pasaba no ano 2008. E hai unha cuestión moito máis seria aínda que isto. ¿Por que converxemos en termos de PIB con España? Pois basicamente converxemos porque a nosa dinámica poboacional é moito máis débil ou regresiva. Se tiveramos o mesmo crecemento da poboación que en España estariamos aínda hoxe no ano 2000, estariamos no ano 2000. Por tanto, crecemos porque a poboación é regresiva.

Aquilo que todos dicimos que é un problema, que é a dinámica demográfica tan pouco activa, resulta que cando o aplicamos, por exemplo, a isto, é o que nos permite sacar peito. Entón, claro, que algo tan negativo e tan criticado nos permita sacar peito aquí indica que tamén vostedes teñen algunha contradición.

E na cuestión demográfica, que é un asunto de país moi importante a medio prazo, eu non vexo tampouco que vostedes teñan grandes novidades neste orzamento.

Xa falamos antes de emprego, pero o futuro elemento central é a política de vivenda. E a política de vivenda, máis alá dos fondos que transmite tamén o Estado, xa me dirán vostedes onde está neste orzamento. ¿Sabe cantas vivendas plantexan vostedes que se van incrementar no parque público no ano 2019? Tres.

Na situación que temos no mercado da vivenda en xeral en España e en concreto en Galicia é un límite, unha barreira para a emancipación dos xóvenes, é unha barreira para poder ter un futuro autónomo fóra do fogar, que se está atrasando a idade de marcha do fogar non só por isto, tamén por outros motivos, pois esa é a política de vivenda que fan. E se imos á execución dos programas de vivenda, está por debaixo do 41 % nos últimos anos.

Ben, esta é a súa política, entón, claro, se en demografía queremos ter boas noticias, pero resulta que no mercado laboral non funciona e que na política de vivenda temos estas previsións e estes resultados, dificilmente imos poder convencer os nosos xóvenes de que tomen a decisión de ter fillos e ter futuro.

Xa sei que as cifras da demografía se poden ver de moitas maneiras. Nós cremos que en termos de crecemento vexetativo hai que actuar sobre esa base, é dicir, sobre a base de cambiar

as condicións para que a xente poida ter os fillos que quere ter, e iso é importante facelo e non vemos nos orzamentos boas medidas para isto.

E en termos de saldos migratorios sabemos que hai un saldo migratorio internacional que está nos últimos anos traendo xente a Galicia, e que isto depende, sobre todo, da situación nas economías de orixe —basicamente en Venezuela e noutros países—, que están aportando a Galicia máis xente da que sae; pero en termos interrexionais, é dicir, o que pasa co resto de España, Galicia ten un saldo negativo, e isto tamén nos preocupa porque posiblemente haxa un sesgo onde os que se marchan de Galicia son aqueles que teñen máis recursos, máis capacidades e máis oportunidades. E isto acaba tamén empobrecéndonos. Sen ser un asunto dunha dimensión cuantitativa enorme, si é un asunto cualitativamente moi importante.

Nós cremos que hai que modificar tamén a política demográfica e que hai que facelo combinando un cambio relevante nas condicións de vida da mocidade, emprego e vivenda co fomento dunha inmigración ordenada. Hoxe, que é o Día internacional das migracións, posiblemente sexa un bo día para falar disto, e non vemos un reflexo no orzamento.

E falaba o señor Puy tamén do asunto —digamos— da austeridade ben entendida, é dicir, da austeridade aplicada ao propio sector público. E dinos que houbo un esforzo de redución dos altos cargos. Benvido sexa, pero posiblemente se poida ir un pouco máis alá. A comparación cos anos 2009 e 2010 non é boa. Todos sabemos que cambiou non só o clima social, senón a forma de enfrontarnos todos a estas cousas. Entón, pódese ir un pouco máis alá, pero nós cremos que hai que facer un esforzo en dous ámbitos específicos, que paso a detallar.

Un primeiro ámbito sería a contratación de persoal eventual. Vemos que hai unha diferenza grande entre unhas consellerías e outras que non se explica máis que polo proceso de recomposición da estrutura orgánica da Xunta de Galicia. E isto pódese delimitar de forma moi clara, establecendo criterios obxectivos sobre o persoal eventual e o seu gasto por consellerías, e facendo que todas teñan un tratamento máis ou menos homoxéneo.

E, en segundo lugar, cremos tamén que se pode actuar sobre os investimentos inmateriais. Nós non cremos que haxa que eliminar todo o investimento inmaterial.

Primeira reflexión, se queremos saber canto se gasta neste aspecto no conxunto do orzamento da Xunta, no orzamento consolidado, non hai ningunha cifra, non hai ningunha posibilidade de sabelo, non se dá esta información; primeiro problema.

E segundo problema, se tomamos só o orzamento da Administración xeral, os investimentos inmateriais están en 180 millóns de euros, que é unha porcentaxe moi alta do esforzo de investimento da Xunta. Simplemente con reducir isto nun 25 %, cousa que é factible, dispoñeriamos de 40 millóns de euros adicionais para gastar en investimentos produtivos, que non teñen que ser necesariamente estradas. Pode ser en I+D+i, en reforzar o plan de financiamento das universidades ou en fomentar unha política de vivenda máis activa e máis adecuada. Isto é posible, estes son cambios posibles nos orzamentos que non afectan para nada os grandes equilibrios e que plantexarían unha visión diferente do que hai que facer.

Por último, a cuestión de igualdade. Miren, hai un reforzo orzamentario notable, está ben, insuficiente na nosa opinión, pero que está ben. Moi centrado en combater a violencia de xénero, o cal está moi ben e hoxe posiblemente sexa tamén un momento moi adecuado para insistir nisto. Pero dos 8 millóns adicionais, 8 e pico millóns adicionais que medran estas partidas, practicamente 7 proceden de achegas da Administración xeral do Estado. Polo tanto, o esforzo da Xunta de Galicia, o esforzo autónomo, que é o que nós lles reclamamos, está moi por detrás do que fai a propia Administración. Unha achega similar da Xunta de Galicia para reforzar a prevención, para reforzar a atención ás vítimas, permitiríanos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...ver con máis tranquilidade e con máis optimismo este orzamento.

E por certo, tamén temos oportunidade de facer paritarios os consellos de administración das empresas da Xunta de Galicia se vostedes aprobaran unha emenda que non están dispostos, cousa que non están dispostos a facer. *(Aplausos.)* Todo isto faría un orzamento, desde logo, para nós moito máis acaído.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Acabamos de escoitar o Partido Popular dicir que retiraran unha determinada proposta en relación cos pediatras porque estaban escoitando as súas reivindicacións, e o que lles pedimos en primeiro lugar —xa retomando o tema de sanidade—, nesta réplica, é que sigan escoitando, que poñan a orella e, polo tanto, que presten atención ao que lles está demandando o conxunto da comunidade sanitaria do noso país. Acábanlles de dimitir máis do 80 % das xefaturas de servizo da área sanitaria de Vigo. Poñan a orella aí e escoiten o que lles teñen que dicir.

O que lles teñen que dicir é que necesitan financiar, xustamente tanto a nivel de persoal como de recursos existentes, a atención primaria, fáganlles caso e, polo tanto, acollan as nosas emendas nese sentido. Sigan escoitando e poñan a orella ao persoal do CHUS —do hospital aquí de Santiago—, que hoxe mesmo se estaba mobilizando —tamén un día máis— reivindicando condicións laborais xustas e dotacións de medios para poder facer ben o seu traballo. Sigan escoitando, poñan a orella ás demandas que sobre a pediatría hai no conxunto do país, en Mondariz, en Cangas, en Cuntis; é dicir, son numerosas localidades, son as cidades, é o conxunto do territorio que se queixa de que non hai médicos especializados suficientes para atender o colectivo máis vulnerable do noso país, que son os nenos e nenas.

Escóitenos, poñan a orella. Escoiten tamén o persoal dos PAC en pé de guerra, que é o conxunto do persoal sanitario que leva reclamando máis medios para que o seu servizo funcione con dignidade; non piden para eles, piden para todas e para todos nós.

Hai un segundo elemento de carácter político de primeira orde que nos acaban de afear, que é a aplicación do artigo 135 da Constitución como clave para vetarnos un debate sobre 20 millóns de euros. Pois si, nós reclamamos un debate sobre política, e reclamamos poder decidir e poder debater aquí —aínda que vostedes despois nos derroten coa súa maioría— a onde queremos destinar os nosos recursos.

Nós pensamos que os bancos poden esperar, pero que as necesidades sociais non. Entón, claro, iso é unha decisión política, de contido económico, pero política. Para nós a nosa prioridade é utilizar eses recursos para atender as necesidades sociais, e dicimos: os nosos menores primeiro que os bancos, as mulleres vítimas de violencia primeiro que os bancos, os máis maiores primeiro que os bancos, os emigrados e as emigradas primeiro que os bancos.

Vostedes din que non. Bueno, pois veñamos aquí e discutámolo. Non nos veten ese discurso, non nos veten a posibilidade. Ademais, con toda seguridade, como acabarían vostedes votando e sacarían adiante a súa proposta, ¿que medo hai a ese debate? Nós pensamos que non debe de habelo. Nós, desde logo, representamos aquí unha alternativa política e unha alternativa económica onde tamén poñemos en cuestión iso. Non sabemos que dificultade debería de haber para que se puidera sacar este debate en termos políticos nesta cámara.

Das sombras de dúbida que cerniu o representante do Partido Popular sobre o que chamou a fiscalidade do século XXI, nós, efectivamente, pivotamos sobre dúas ideas básicas: en primeiro lugar, hai que buscar a riqueza alá onde exista, e, en segundo lugar, hai que utilizar tamén os recursos públicos, neste caso tamén os recursos fiscais, para obter determinadas finalidades, a algunhas das cales se referiu moi ben o propio representante do Partido Popular.

En relación cos embalses, pois si, nós reclamamos que como contrapartida desa xeración de riqueza con base no esquilmado no seu territorio, teñamos unha compensación que teña ese carácter tributario. Onde hai auga, non hai viño; onde hai auga, non hai prados; onde hai auga, non hai vacas. E, polo tanto, nós reclamamos unha fiscalidade diferente para aquelas empresas que teñen especial incidencia no conxunto do noso territorio e que como custo de oportunidade nos impiden ter outro tipo de desenvolvemento económico.

Reclamamos tamén outra fiscalidade, si, para as medidas azucradas. Están falando de que se houbese un imposto se bebería menos bebida azucrada, menos Coca-cola. Si, evidentemente, beberíase menos, e iso é unha das finalidades que se busca con este imposto, non soamente recadar, senón que cambien determinadas decisións de consumo. ¿Por que? Porque nós entendemos que redundaría nunha mellora da saúde pública. Diminuirían os casos de diabetes, de obesidade infantil, de ictus, de determinadas cardiopatías. Si, son efectos que tería ese tipo de política fiscal, tamén, como efecto colateral necesario.

En canto ás grandes superficies, pregúntelles ao pequeno e mediano comercio, pregúntelles ao comercio local se están interesados ou non en que como manifestación específica da riqueza teñan tamén esa conversación de carácter económico.

En definitiva, gobernar pensando no territorio, pensando na saúde pública e pensando no tecido produtivo do noso país, ou gobernar para Iberdrola, gobernar para Coca-cola e gobernar para Carrefour. Bueno, pois hai que decidirse. Nós decidímonos polo pequeno comercio, decidímonos polo tecido propio, decidímonos pola saúde pública e decidímonos polo territorio. Ben, cadaquén débese de posicionar.

Sobre o imposto especificamente sobre o patrimonio, nós pensamos que isto é unha cuestión que como patrimonio é ineludible. O patrimonio está aí e, polo tanto, como manifestación específica de riqueza está aí; polo tanto, non hai ningunha necesidade de baixalo. Pola contra, moitas necesidades sociais para mantelo, porque significa a obtención de recursos públicos para facer xustiza social, para redistribuír de quen máis ten a quen máis o necesita. Non hai ningunha razón para baixalo, nin unha, nin a primeira, pola contra, estase mantendo aquí un regalo fiscal, para aqueles patrimonios superiores a 6 millóns de euros, de máis de 40.000 euros ao ano. ¿Que xustificación hai para baixar ese imposto? Ningunha.

E non nos veñan co que fan outras comunidades autónomas. A necesidade e a realidade social galega é esta, e necesitamos eses recursos para facer políticas sociais; polo tanto, non queremos que os retiren.

Hai un risco, a evasión, seguramente poderán dicir que o especificaban tamén como unha das consecuencias; neste caso non habería esa consecuencia porque non estamos falando de subilo, estamos falando de mantelo. Pero é que, ademais, para evitar iso, no ámbito da Consellería de Facenda tamén incluímos un plan de inspección para evitar a fraude fiscal no caso das grandes fortunas, porque estaremos de acordo en que a partir de 6 millóns de euros de patrimonio estamos ante unha gran fortuna, ¿ou parécelles a vostedes normal iso? Pois entendemos nós que non, e vendo a cantidade de poboación á que lle afecta esa dádiva fiscal, entendemos que non é así.

Por acabar de referirme a tres ou catro puntos que antes me quedaron por comentar en materia de ordenación do territorio. Nós queremos insistir moito na necesidade de dotar orzamentariamente as áreas metropolitanas do seu necesario desenvolvemento; estamos falando non soamente do desenvolvemento dunha área de gobernanza democrática, desas áreas, senón tamén da mellora da eficiencia dos servizos. Estamos falando da necesidade de que servizos que xa se prestan mancomunadamente entre varios concellos se poidan afianzar en todas as áreas metropolitanas, tanto en Vigo como na Coruña.

Nós defendemos aquí a creación de espazos colaborativos e espazos mancomunados en servizos esenciais, a creación de empresas eléctricas de carácter público, de carácter municipal ou de carácter comarcal, ao xeito de como se fixo na Área Metropolitana de Barcelona, para mellorar tamén a mobilidade dentro da propia área metropolitana. Tamén nos serven como exemplo os transportes metropolitanos de Barcelona, que é un dos casos paradigmáticos no Estado, onde si se poden xestionar ben dende o ámbito público e, ademais, xerar beneficios

que reverten na implantación de novos servizos que redundan para o público e non, polo tanto, para o beneficio empresarial privado; que melloraría a accesibilidade, que melloraría a mobilidade. Tamén o desenvolvemento das áreas metropolitanas como paso previo para unha sostibilidade ambiental dentro da área e do conxunto do país e tamén, desde logo, para crear novas oportunidades de emprego.

Tamén temos unha partida específica para o programa de construción de vivenda pública. Nós facémonos eco de datos que son alarmantes: o incremento do prezo do alugueiro nas cidades galegas no último ano entre un 10 e un 16 % —só no último ano entre un 10 e un 16 %—; o incremento dos desafiuzamentos constatados polo Consello Xeral do Poder Xudicial no último ano en Galicia, pois mentres que no conxunto do Estado baixan, aquí seguen subindo os desafiuzamentos, nomeadamente por imposibilidade de pago do alugueiro; e, polo tanto, a necesidade de facer políticas públicas que teñan un respaldo orzamentario, que é o que aquí vimos propoñer.

Hai unha falta de execución, xa se constatou, xa o dixemos noutros debates dos orzamentos xa cativos en materia de rehabilitación de vivenda e da posta a disposición de vivenda pública; polo tanto, nós queremos cambiar todo isto.

En materia de emprego, sendo un problema que é dos máis acuciantes para o conxunto da poboación, nós facemos varias propostas que son todas desatendidas pola súa negativa. Facemos a proposta dun plan de choque contra a precariedade laboral. Máis da metade dos traballadores e traballadoras galegas son precarios, ben por ter un contrato precario, mal remunerado, por ter un contrato a tempo parcial ou por ter un contrato temporal; polo tanto, nós pensamos que hai que atender esas situacións.

Falamos tamén dun plan contra a fenda salarial de xénero existente hoxe en día no noso país: 29 % de diferenza salarial entre mulleres e homes. Un plan de emprego para parados de longa duración. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, no terceiro trimestre do ano 2009 había 40.000 parados de longa duración e hoxe soben dos 60.000.

Tamén un plan de loita contra a pobreza enerxética. Queremos un financiamento real, un financiamento dotado economicamente da tarifa social e enerxética para Galicia, que xa presentamos aquí no seu momento como iniciativa, e un plan de mellora da eficiencia enerxética nos fogares máis necesitados.

Queremos aproveitar tamén este momento para denunciar o que xa fixemos aquí nos últimos meses: un grupo, un segmento social grandísimo de familias que estaban nas tarifas de último recurso e que, polo cambio do sistema, van quedar expulsadas completamente dese ámbito, dos 230.000 fogares a 60.000 actualmente.

Nós reclamamos —e vostedes negáronse a que a houbese— pedir unha moratoria na implantación do novo sistema, a que houbese unha información desde o ámbito público e que houbese un investimento da carga da proba en relación co cambio da tarifa, e, desde logo, un papel activo do Instituto Galego de Consumo e da Competencia.

Nós agora apoiamos orzamentariamente todas estas propostas e esperariamos de vostedes unha actitude diferente á que están tendo.

Remato referíndome ao ámbito educativo. Nós utilizamos os nosos recursos e queremos facer as modificacións orzamentarias para mellorar os centros públicos, que teñen necesidades, nalgúns casos, acuciantes. O incremento do profesorado, o profesorado de apoio e o plan de recuperación da gratuidade dos libros de texto, ademais de plans específicos de ensino rural e de programas de eficiencia enerxética nos centros. Obtemos estes recursos, fundamentalmente, da redución dos concertos educativos ou ben da supresión do profesorado de relixión.

Nós entendemos que estas medidas, ás que vostedes se opoñen hoxe, son as medidas que solucionarían unha parte moi importante dos problemas que ten o noso país, porque se se quere facer unha política orzamentaria diferente para unha política social diferente, se hai vontade, si que é posible facela.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas.

Quero empezar agradecéndolle á señora Pontón que dixera que eu tiven un discurso filosófico. Nada me prace máis que oír que facer unha denuncia clara de que o problema que temos para aceptar emendas é que vostedes pintan ingresos e prometen gastos que non van poder cubrir porque teñen ingresos pintados... que digan que isto é filosofía a min éncheme de satisfacción e orgullo. *(Aplausos.)*

Mire, esa forma de orzar que coñecemos do pasado e que levou a Galicia a ter moitos máis problemas dos que se puideron coñecer, incluso, son os que, por exemplo, xustificou que o Goberno de Mariano Rajoy, nunha das decisións mellor adoptadas para combater a crise, tivera que dotar un plan de pago a provedores por valor de 75.000 millóns de euros para pagar a 292.515 provedores, dos cales o 47 % eran pequenas e medianas empresas que prestaron servizos á Administración, que non cobraban e que ían pechar e destruír emprego. Iso é o resultado de pintar ingresos que non ocorren e prometer gastos —e incluso facelos—, por moi benintencionados que sexan, que non se poden facer.

Eu non sei se é filosófico dicir que se vai subir oito euros o litro de Coca-cola ou é defender os intereses da Coca-cola. O que si é certo é que para iso é mellor prohibilo. Non entro no fondo de se hai que prohibir as bebidas azucradas ou reducir o seu consumo, o caso é que vostedes pintan 11 millóns de ingresos e atribúenlles gastos, e se poñen un imposto que recada 11 millóns de euros, previsiblemente o máis probable é que non recaden nada. Iso é o que quero dicir, como ve, algo pouco filosófico.

E xa que falamos de bebidas azucradas, eu recomendaríalle que non bebera da gasosa do cupo, porque xa lle teñen dito todos os expertos que, se hai algo co que non cumpre facer experimentos —e de facelos, facelos con gasosa— é co financiamento autonómico que é solidario con Galicia, o cal non é caridade, senón que é xustiza social, redistribución interpersonal e interterritorial da renda que garante a Constitución española de 1978. *(Aplausos.)*

Postverdade. Vostede veu aquí dicir que a Xunta fai menos en I+D+i xusto a semana que se sabe que Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior crecemento do I+D+i no ano 2017, un incremento do 13,3 con respecto ao 2016, cando na media de España o incremento é do 6 %; datos oficiais do INE.

Vostede fálame de postverdade dicindo que nós queremos subirlles a renda ás persoas que menos ganan. Aquí reformouse o tramo do imposto sobre a renda, e o Grupo Socialista, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Popular estaban de acordo na tarifa para o 80 % dos contribuíntes de menor renda en Galicia. Os únicos que querían subir, por certo, a renda aos que recibían menos renda eran, precisamente, os de AGE; é dicir, hoxe Mareas.

Polo tanto, non veña vostede aquí con postverdades porque o que é unha coña é que nos conte mentiras, porque esta tarifa está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*. Polo tanto, non vou dicir máis.

Bolsas de estudantado. O ano 2018 o Bloque cría que facían falta 18 millóns de euros e este ano 3 millóns de euros. Conselleiro, fixemos algo bo, xa non fan falta 18, chega con 3 millóns de euros.

I+D+i, no 2018 pedían 7.892.000, agora piden 3.450; algo bo debemos de facer, xa non fan falta tantos recursos de acordo co Bloque.

Insisto, eu invítoa a unha bebida sen azucre cando queira e falamos dos números, porque isto é pouco filosófico, é simplemente que esa forma de facer os orzamentos leva ao desastre.

O portavoz do Grupo Socialista centrou a súa intervención en sanidade, co cal é unha mágoa que, tendo tantas ganas de falar de sanidade especificamente, non asista á comisión creada para o efecto, onde estamos falando de sanidade durante todos estes días cos representantes sindicais de todos os traballadores, porque están alí todos os sindicatos convocados. E falou de triunfalismo. Home, eu non son triunfalista, o que non vou ser é catastrofista e dicir que as cousas están mal cando, afortunadamente como vostede recoñeceu, as cousas van mellor.

Tamén falou do imposto do patrimonio. Ben, vostede sabe perfectamente, coma min, que no ano 2013, no momento peor da crise, chegamos a un acordo, que eu creo que foi importante, para subir un 20 % a tarifa do imposto do patrimonio. Se vostede ve a xustificación que tivemos entón, era a mesma que se daba en Francia naquel momento, cando se puxo un imposto sobre as grandes fortunas, que era gravar o capital coa finalidade de poder incrementar a recadación nun momento en que o imposto sobre a renda ou o imposto sobre os consumos caían drasticamente.

Certamente, esa xustificación xa caeu, e recuperamos a tarifa estatal; é dicir, recuperamos a mesma tarifa que ten o moi progresista Goberno de Castela A Mancha, que está apoiado —como saben— polo PSOE e por Podemos.

Polo tanto, estamos volvendo á situación previa á crise, que é tamén a que nos atopamos co Partido Socialista gobernando, e ademais faime gracia que se faga unha alusión ao imposto do patrimonio, porque cando se fala dos impostos que gravan o capital non se fala dos impostos de sucesións. Aragón —tamén gobernado polo Partido Socialista e Podemos— resulta que en vez de 400.000 euros de exención teñen 500.000 nas herdanzas das persoas, e Andalucía ten 1 millón de euros; ben é certo que aquí é porque non gobernaron con Podemos, senón que gobernaron con Ciudadanos.

Entón, claro, con estas cuestións, pois permítanme que me remita á comisión de expertos que o portavoz do Partido Socialista ten alabado en relación coa reforma do financiamento autonómico, que dicía que o lóxico —e aí está a clave de por que esta baixada e a volta á tarifa estatal ten sentido—, e o que din os expertos é que se están producindo movementos de persoas que buscan alí onde non tributan. É dicir, votan cos pés na terminoloxía tradicional da facenda do federalismo fiscal. Polo tanto, o que estamos é indo cara á tarifa estatal, e ogallá nalgún momento en relación con este imposto, que efectivamente é controvertido, haxa competencia fiscal, pero o que non haxa e *dumping* fiscal, que é suprimir impostos para atraer os residentes con maior capital; pois ao falar de patrimonio hai que falar de capital, non de renda.

Por outra banda, tamén quero dicir que este ano se baixan un 20 % os tipos do imposto sobre o patrimonio. O ano pasado o PSOE aínda o quería subir para recadar 40 millóns de euros, e este ano, sobre a baixada, só prevé recadar 21 millóns de euros, o cal tamén nos fai pensar que as cifras non están ben feitas.

Certamente, a vontade do señor Sánchez eu non digo que non sexa boa, si discutiría que esa sexa a súa vontade, a de facer estas cousas e non outras, que é aguantar na Presidencia do Goberno, pero, en todo caso, todos os organismos oficiais lle teñen advertido, desde a Unión Europea á Airef, ao Banco de España, que ollo co salario mínimo, porque unha suba desa magnitude nun só exercicio ao que pode levar é a que perdan emprego precisamente os xoves, que son os que se están incorporando ao mercado laboral, e que, polo tanto, adoitan estar nos tramos baixos de retribución.

Certamente, nós cremos en dar oportunidades á xuventude, pero temos moitas dúbidas e máis ben entendemos que pode ser contraditoria a medida que propón o Goberno socialista, e aquí hai nestes orzamentos, como leva habendo dende hai moitos anos, unha forte aposta pola educación e pola formación profesional.

Señor Villares, vostede si que dixo filosofía: os bancos poden esperar, poden esperar, pero tu tamén podes esperar porque o banco che financie a débeda que necesitas para pagar as nóminas. Claro, ese xogo está interesante, é que din: é que non se pagan as nóminas e iso é unha boutade. Iso foi o que lle pasou a Cataluña. En Cataluña os mercados e os bancos dixeron: espere vostede, e o Estado tivo que ir ao socorro e darlle os cartos que pedía coa ga-

rantía do Estado para que puideran pagar nóminas. Polo tanto, iso si que é unha filosofía que, en fin, nos levaría a lugares descoñecidos e certamente non desexables.

Vostede falou varias veces, e tamén o convido a que vaia á Comisión onde están comparecendo moitas persoas que falan con números sobre como vai a evolución da sanidade, e está dicindo que estamos privatizando a sanidade. Tamén dixo que non lamentamos a morte desgraciada dunha persoa no PAC, díxoo alguén, cousa que eu fixen o primeiro día que tiven ocasión e que reitero, obviamente.

Pero, en todo caso, o que si lle quero dicir con respecto á privatización é que desde o ano 2009 os gastos se incrementaron en 92 millóns de euros, un 2,4 %. É certo que isto implica que houbo menos gasto, e que posiblemente se o descartamos houbera menos gasto. Na Comisión algún profesional dixo que non ía a atención sanitaria, senón que se notaba nas nóminas dos profesionais, o cal tamén é unha explicación para certo descontento e certas reivindicacións nun momento en que a economía medra, e por iso se aprobou unha carreira profesional, que vai facer que o ano que vén o 6 % suban as nóminas dos profesionais da sanidade. *(Aplausos.)*

Pero o que no pode dicir é que gastamos máis en sanidade privada. Se viñera á Comisión, escoitaría os representantes da sanidade privada queixarse amargamente porque este goberno lles paga menos que o Goberno bipartito. É que con vostedes, no Goberno bipartito, subiron o 40 % os concertos, e nós témolos practicamente igual, ou lixeiramente menos que no ano 2009. Aquí o único que pide que se lle dea máis á sanidade privada é o alcalde de Vigo, un insigne socialista, que ademais di que hai que darlle o que pida a sanidade privada de Vigo, sen ningún tipo de conversación previa.

Afortunadamente temos un magnífico conselleiro —reitero—, sobre todo para negociar o conflito. Eu coñezo poucas persoas mellores para negociar o conflito, coñecendo o sector, que o actual conselleiro de Sanidade. Hoxe mesmo está reunindose con todos os sindicatos. Vostedes xa sabemos que prefiren reunirse con colectivos e non cos sindicatos, que son os representantes democráticos dos traballadores. *(Protestas.)* É así, é así. Vostedes onte tiveron unha reunión con traballadores, e nós imos ir á comisión oficial e única, polo tanto parlamentaria, sobre a sanidade, e temos alí citados todos os sindicatos, incluída a CIG, señora Pontón. Non sei se vostede virá para saber o que opina a CIG sobre a situación sanitaria, pero sería conveniente, sería conveniente... *(Aplausos.)*

En todo caso, quero lembrar —porque tampouco é cuestión e vén ao pelo— que vostedes nos presentaron unha emenda que quería reducir a partida de Facenda para convocar as eleccións sindicais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Pero, bueno, iso tampouco ten nada que ver cos sindicatos.

Señorías, nós imos votar si aos orzamentos, nós imos votar si ao crecemento, si ao incremento do gasto social, si ao incremento do gasto en I+D+i, si a apoiar as exportacións, si a

apoiar o emprendemento, si a apoiar que os xoves volvan ao rural, si a apoiar que suba o orzamento de igualdade un 7,18 %, si a ser unha das tres comunidades autónomas que mantemos as pensións non contributivas, si a adicar máis recursos a loitar contra a violencia de xénero, si a seguir apoiando o sector naval, si a apoiar o sector turístico, especialmente co grande acontecemento do Xacobeo.

En definitiva, imos votar que si a estes orzamentos porque estamos convencidos de que permitirán, sen triunfalismos, continuar no camiño cara a unha Galicia mellor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Debate do articulado

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Pasamos agora ao debate do articulado, e para iso empezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defender as emendas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todas e a todos.

Ben, agora estamos próximos e próximas á conclusión no día de hoxe de dous meses de tramitación orzamentaria, que o que veñen evidenciar é cal é a verdadeira folla programática do Partido Popular, cal é a verdadeira folla de ruta que agochan detrás das súas palabras. Porque o certo é que o papel aguanta todo, e estes micros tamén, por iso o envoltorio no que se nos presentaron estes orzamentos foi moi bonito en aparencia, pero a realidade —unha vez feita a súa análise detallada nestes dous meses— pois é moi distinta.

Na retórica que acompañou este debate escoitamos, e vimos de facelo ao longo da mañá, que o Partido Popular aposta polo emprego público, que aposta polos servizos básicos, pero nada máis lonxe da realidade. Iso é o que demostran os números, e o que demostra tamén a letra pequena que debatemos agora ao articulado, ese conxunto de normas que demostra cal é a verdadeira axenda do Goberno de Núñez Feijóo.

A axenda dun goberno sen ideas novas, sen proxecto de país, dun goberno estancado, ademais, no desenvolvemento dunha folla de ruta que só obedece ao centralismo e ao neoliberalismo, e que está claramente de costas ás maiorías sociais e claramente a favor dun paulatino abandono do sector público e, sobre todo, dos servizos públicos básicos que parece non ter freo.

É por iso que unha vez máis o Bloque Nacionalista Galego emendou este articulado, esta folla de ruta que sustenta a política económica do Goberno, e que examinándoa vemos como —por moito que as contías globais se acheguen e se sitúen xa en niveis precrise— as deci-

sións políticas que sustentan estes orzamentos non teñen a máis mínima intención de recuperar prioridades que no seu día foran apartadas coa desculpa do ciclo de recesión.

Por iso vemos que os seus titulares din unhas cousas, pero o detalle é outro. Este articulado vén reflectir o continuísmo desa política económica, e, polo tanto, nós rexeitámolo unha vez máis a través, neste caso, de trinta e cinco emendas. Trinta e cinco emendas das cales o Partido Popular, e supoño que ninguén se sorprenderá, non aceptou ningunha. Non quixo atender nin aceptar ningunha que veñen sinalar dúas grandes cuestións: en primeiro lugar, prioridades diferentes ás que marca o partido do Goberno; en segundo lugar, tamén reflectir a existencia dun modelo alternativo que sería posible impulsar, mesmo co limitado marco do que nos temos dotado.

Ao longo destes debates, desde o BNG non deixamos de sinalar esas limitadas balizas que supoñen, primeiro, un marco autonómico insuficiente para desenvolver as nosas capacidades e, segundo, volvemos insistir nun sistema de financiamento inxusto, que supón cada ano —segundo os datos do último exercicio— unha perda de aproximadamente 3.500 millóns de euros para as arcas galegas.

É unha pena que marchara o señor Puy, pero a verdade é que isto si que é gasosa, pero gasosa da mala, caducada desde 2014, e que cada vez nos achega menos. *(Aplausos.)* Hoxe, para 2019, o sistema de financiamento achega o mesmo que hai dez anos, esa é a gasosa da mala que nos teñen aplicado.

Pero aínda así, nós acreditamos que hai marxe para facer unha política distinta, e as nosas emendas reflicten esa aspiración de cambio, cambio para unha alternativa que nos permita avanzar nun proxecto de país definido, unha Galiza de futuro e con futuro, que recupere servizos públicos, e na que a Administración cumpra ese papel de motor para activar a economía do país, a comezar pola propia xeración de emprego e continuando tamén por decisións económicas responsables, que limiten o recurso do endebedamento e das privatizacións, de forma que sexa ese sector público o motor da recuperación.

Centrareime, polo tanto, en dous aspectos que para nós son fundamentais, e que ademais están determinados por este articulado e intimamente ligados entre si. Primeiro o emprego público, e segundo os servizos básicos.

Referireime, en primeiro lugar, de forma conxunta, a unha batería de emendas que teñen en común defender os intereses dos traballadores e traballadoras públicos en xeral. Tanto ao título I, de gastos de persoal, como a varias disposicións adicionais, presentamos propostas diametralmente opostas á liña que está a seguir o Partido Popular, que é lóxico que non acepte; é lóxico, porque o que fan estas emendas é desenmascarar a falacia de que o Partido Popular aposta polo emprego público, algo que repetiron no debate anterior e que vemos en notas de prensa como esta *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento.)* da Consellería de Facenda. Señor Martínez, permítame dicirlle que a verdade é que ben podían presentalas a un premio literario de ficción, porque falan de máis estabilidade no emprego público, de máis funcionarización, e temos que dicir que é radicalmente mentira. É mentira porque nin aumentan o emprego público nin recuperan moitos dos dereitos non só salariais

senón tamén de organización laboral, etc., como os recollidos no V Convenio colectivo, que volven suspender neste articulado e demais.

E os datos falan por si mesmos. Se ollamos a evolución do persoal da Xunta de Galiza e se ollamos os datos da Consellería de Facenda —non do BNG—, ¿que vemos se miramos eses datos? Pois dúas cuestións que nos parecen moi graves. Primeiro, a confirmación de que o Goberno de Núñez Feijóo serviu nestes anos para reducir empregados e empregadas públicos. O persoal ao servizo da Comunidade caeu en case dúas mil persoas, se comparamos xaneiro de 2009 co último dato recente de xullo de 2017; esa é a realidade: dous mil postos menos.

E, segundo —e moi importante—, vemos que, ademais, esta situación non é imputable —ou non só— á recesión económica, senón que é unha folla de ruta premeditada do Partido Popular. Eu xa non vou retroceder a 2009 —iso déixollo ao Partido Popular—, pero é que para 2019 vai descender o número de traballadores e traballadoras funcionarios públicos. E dino os orzamentos, non o digo eu: de 2018 para 2019 vai haber un descenso; esa é a realidade. E cabe preguntarse cal é a explicación, por que acontece isto. E a realidade é que nós o que tiramos de conclusión é que é unha folla de ruta premeditada do Partido Popular, porque ao seu modelo económico non lle interesa ter un sector público forte que non só sirva de estímulo para a igualdade social, senón que tamén sirva de estímulo para que se mire aí a empresa privada e se homologuen dereitos. E a mostra é a temporalidade, e voume deter en explicar isto un pouco.

O certo é que a veces, cando falamos de temporalidade, pois parece que todos e todas inconscientemente pensamos na empresa privada. Pero o certo é que durante estes últimos anos podemos concluír que co señor Núñez Feijóo á fronte a Xunta de Galiza converteuse en campioa da temporalidade. Iso é o que agocha a letra pequena da evolución do emprego público: mentres caeron as cifras do persoal estatutario fixo, funcionario de carreira e persoal laboral fixo, medrou a temporalidade, porque medrou o persoal estatutario temporal, o funcionariado interino e tamén o persoal laboral temporal. Esa é a realidade. En síntese, malia a que o orzamento inicial chega a niveis precrise e iso supón máis recursos, non hai unha aposta polo sector público, en xeral, e pola contratación pública en particular.

E isto ten consecuencias. Ten consecuencias claras no segundo grande aspecto que nos preocupa deste articulado, que son os servizos públicos, porque nin o ensino nin a sanidade nin os demais se poden soster sen persoas, iso é absolutamente imposible. E, polo tanto, vemos que non hai unha aposta por blindar os servizos públicos, como nos venden na súa propaganda. Por iso emendamos, entre outros, o artigo 9, que para nós é o artigo do déficit ou da infamia, ese artigo que está pensado para a obediencia aos ritmos que nos marquen desde o Estado para pagar unha débeda que nós non xeramos; un artigo antisocial e autogoberno, diante do que demandamos que, cando menos, cando menos, se se toman decisións amparadas baixo o equilibro económico-financeiro, que non se apliquen aos servizos públicos básicos. Así si que se blindan e non seguindo a estratexia do Partido Popular, na que deben entender que blindar é botar cemento en centros de saúde e escolas pechándoos.

E, un ano máis —centrándonos no ensino—, suprimimos algúns aspectos que nos parecen preocupantes e que afondan nesta liña. ¡Home!, señor Martínez, eu creo que podemos ter

tempo para debater noutros momentos en que me teña que estar dicindo recorrentemente que non me entero; igual é que a vostede non lle gusta a análise que facemos desde o BNG. *(Aplausos.)* Pero —como xa teño insistido outras veces— un pouquiño de capacidade cognitiva temos, un pouquiño, non tanta como vostedes, pero algo si.

Continuando, referíndonos especificamente á cuestión do ensino, emendamos un ano máis a cuestión do artigo 30, que vén avalar esa progresiva temporalidade que se está a instalar neste servizo público. Tamén insistimos: 2019 terá menos docentes funcionarios que 2018; iso dío a letra dos orzamentos, non o dicimos nós. Tamén emendamos as cuestións que afectan a interinidade. Entendemos que hai que afondar na redución da taxa de interinidade real e non seguir a conformarse con ter máis do dobre do que había hai dez anos. Tamén acollemos unha vez máis emendas que van en contra da privatización deste servizo público, polo que un ano máis emendamos a cuestión dos concertos. Recordemos que este goberno xa os impuxo ata 2023, xa superaron a doutrina Fraga, e entón establécenos por unha duración superior á que exixe a LOMCE e superior tamén á desta propia lexislatura. Deben ter medo de que, efectivamente, en 2020 non seguirán gobernando e, polo tanto, queren deixar todo atado e ben atado.

Pero hai un ámbito, na liña de baleirado dos servizos públicos que está a aplicar o Partido Popular, que é especialmente sensible. Eu sei que non lle gusta ao Partido Popular, pero nós imos insistir tamén aquí na sanidade, porque é un aspecto fundamental ao que afecta este articulado. Povisa e o Hospital Álvaro Cunqueiro deberían ser exemplos que xa falan por si propios para que o Partido Popular aceptara a nosa emenda número 22, que busca poñer freo ás colaboracións público-privadas en todos os ámbitos, en todos. Pero eu quero centrarme sobre todo no sanitario, porque é o paradigma de cal é esa axenda oculta do Partido Popular e de onde imos. Porque o abuso do recurso ás colaboracións público-privadas ten consecuencias: serven para baleirar progresivamente a función de control da nosa Administración e comprometen tamén as nosas decisións económicas e políticas das xeracións vindeiras. E iso non é nin xusto nin responsable.

Vostedes discuten recorrentemente a palabra dos profesionais —dos que queren escoitar, doutros xa nin sequera toman a molestia—, discuten o que din os doentes, discuten o que din as forzas sindicais, o que dicimos os grupos, pero tamén teñen na súa man informes obxectivos, como o do Consello de Contas, que evidencian a perda de carácter público do Sergas. Iso é o que temos que ver con calma, porque a onde estamos indo deixamos unha situación moi delicada na nosa sanidade pública. E feitos como que medrara tres veces máis o gasto concertado que o gasto integramente público evidencian que non é a folla de ruta adecuada. No período 2009-2018 xa alá van 2.000 millóns de euros a concertos con entidades privadas. E a realidade é que, se botamos unha panorámica no servizo sanitario, se miramos por exemplo os servizos de ambulancias, historia clínica electrónica, telecomunicacións, teléfono de cita previa, é obscena a cantidade de servizos que xa están entregados a mans privadas. Eu podería dedicar os quince minutos da miña intervención unicamente a explicar isto. Por iso coa nosa emenda número 22 queremos impedir que esta liña continúe a ser un saco sen fondo. Por iso propoñemos que na vixencia desta lei non se poida recorrer a estes mecanismos para financiar os servizos públicos que son elementais.

Tamén apostamos nese sentido por reforzar a contratación pública, como fixemos durante todo este debate. Hai que anticiparse aos problemas e non provocalos. Iso é tamén o que están a dicir os colectivos profesionais e iso é na dirección contraria do que está a facer o Partido Popular neste articulado. É unha mágoa que non rectificaran —insisto— nesta parte de orzamentos ou do anterior do estado de gastos, como fixeron con algunha cuestión da Lei de acompañamento. Porque deberían rectificar de arriba a abaixo a súa política sanitaria, tamén no referido ao persoal. Quen avisa non é traidor, e o sector leva moito tempo avisando de que nos próximos anos, na próxima década, haberá cando menos un 40 % de xubilacións de persoal médico. Polo tanto, teñen que ir preparándose para ese camiño, porque unha parte importante dos problemas que estamos vendo hoxe veñen dados pola falta de persoal, pero non porque non haxa no noso propio país e arredor del tamén en moitas persoas emigradas persoal formado e con capacidade de integrarse neste sistema, senón porque a política que implementan vostedes en materia de persoal vai na dirección contraria.

Polo tanto, hoxe queremos pedirlles —antes de que se me esgote o tempo— que escoiten un pouco a rúa. Insistimos unha vez máis. Eu recordaba que cando iniciamos este debate, hai case dous meses, eu traía a colación, nunha intervención que tivemos, que precisamente a fin de semana anterior houbera mobilizacións en Moaña, houbera mobilizacións tamén en Rubiá defendendo o mantemento de postos na sanidade pública, e o certo é que esta fin de semana pois volvemos ver moitas outras: en Cambados, en Moaña, etc. E, polo tanto, iso é o reflexo do que está acontecendo neste país, non son casos illados, como lles gustaría dicir a vostedes, senón que é unha cuestión que está a ser un problema social grave e de primeira orde.

A conclusión que estamos a ver é que vostedes miran para outro lado non por soberbia —que tamén—, que pensan que só vostedes teñen razón, non porque estean pouco acostumados a escoitar —que tamén—, senón porque realmente isto obedece a unha folla de ruta calculada. Pero nós temos que dicir, a través destas emendas ao articulado e a través de todo este proceso de debate de orzamentos, que non o imos permitir dándolle o noso aval. Por iso reflectimos nestas emendas que hai alternativa e que cabería deseñar outro modelo de país que o que vostedes nos queren impoñer.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Bos días, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

A verdade é que sinto unha certa envexa do anterior debate cando se discutía —presuntamente polo menos— sobre filosofía. Porque a cualificación sobre o debate que imos ter agora que se fixo por parte do voceiro do Partido Popular na Comisión foi textualmente «emendas basura», que probablemente tamén é unha maneira de entender a filosofía, pero que, desde

logo, non é a maneira de entender a filosofía que o Grupo Socialista —e creo que a esquerda no seu conxunto— pode compartir.

Hoxe publicábanse nos medios de comunicación os datos definitivos dos beneficios do sistema financeiro español no ano 2017: 18.000 millóns de euros, o 1,5 % do produto interior bruto. E onte un conspicuo representante da dereita económica deste país —a pesar do seu nome—, John de Zulueta, presidente do Círculo de Empresarios, deleitábanos cun titular, en fin, deslumbrante. Dicía: «*En España no hay tantos ricos*». E, claro, as contas pois non saen, porque o PIB é o que é, 1,1 billóns de euros, somos un dos tres países da Europa occidental con maior desigualdade, as rendas do traballo perden peso dentro dese PIB fronte ás rendas do capital, a recadación fiscal céntrase nas rendas do traballo e é 8 puntos menor que no conxunto da Unión Europea. Polo tanto, se non hai tantos ricos, ¿onde están os fondos dese produto interior bruto de España?, *(Aplausos.)* ¿onde están? Eu creo que é unha reflexión absolutamente lexítima. Unha reflexión á que, por certo, o Partido Popular —a dereita española no seu conxunto—, desde esa acción política vergonzante que a caracteriza, nunca resposta, nunca resposta para quen goberna nin que intereses defende.

Nós mantemos que defende uns intereses determinados e que goberna pois para algunhas persoas determinadas. Goberna para aqueles que nos diarios da dereita de Madrid aplaudían entusiasticamente as medidas económicas do señor Rajoy e que agora —John de Zulueta, entre eles— critican ferozmente as medidas económicas do Goberno de Pedro Sánchez; polo tanto, gobernan para alguén. E os orzamentos da Xunta de Galicia, salvando as distancias e entendendo as competencias da Autonomía, respostan sen ningunha dúbida a estes intereses estratéxicos da dereita cando goberna.

Eu dicía na Comisión e relataba antes de entrar nas emendas de maneira detallada as cinco liñas de actuación fundamentais que entendemos que un goberno de esquerdas debería de promover á hora de solucionar o que son os problemas económicos, por suposto, pero tamén sociais e redistributivos deste país.

E, evidentemente, coincido nunha cousa co Partido Popular: a primeira maneira de loitar contra a desigualdade é o emprego. Ata aquí coincido. É verdade que a partir de aquí vou discrepar radicalmente. Pero, desde logo, hai que atacar a precariedade laboral e hai que promover emprego de calidade. E, por certo, hai que conseguir salarios dignos para todos. E un incremento do 22 % do salario mínimo interprofesional está por ver que expulse persoas novas non cualificadas do mercado laboral. Pero o que é certo é que dignifica o país e o mercado laboral español, *(Aplausos.)* diga o que diga o Partido Popular, os seus Zing Zangs de Madrid, que a verdade hai que recoñecer que o financiamento empresarial dá de si infinito, porque mire que xorden Zing Zangs de dereitas neste país, e uns e outros, e xornadas día tras día, e ti colles *Expansión* ou *Cinco Días* e é unha auténtica batería constante de creación de pseudociencia, porque é pseudociencia, lexitimando un modelo político e económico determinado.

E, lamentablemente, a min gustaríame que —non sei se vai intervir o señor conselleiro, pero como está así tan interactivo cos voceiros sobre todo da esquerda— nos falara disto, de todas estas cuestións, que nos contara que opina, porque a verdade é que cando sae aquí

nos conta moitos números, que eu podo compartir ou non, pero cóntanos moi pouco sobre que opina destas cuestións.

Polo tanto —insisto—, coincidimos: o primeiro bloque, un traballo de calidade, emprego, e emprego de calidade. E o segundo bloque, e moi relacionado con este —e aquí a dereita xa fraquea un pouco máis—, é unha repartición equitativa da riqueza vía salarios. Claro que me gustaría a min que neste país non fixeran falta as políticas sociais, que redistribuirían en segunda tanda —por dicilo dalgunha maneira— a renda e o benestar dos cidadáns se os salarios o fixeran. Pero o problema é que os salarios non o fan, o problema é que o peso dos salarios do produto interior bruto en España e en Galicia baixa sistematicamente. E o malo é que no período de recuperación posterior ao ano 2014 non se recupera.

Polo tanto, entendemos que a negociación colectiva e unha parte polo menos moi relevante da reforma do señor Rajoy é imprescindible eliminalas, porque —eu sei que non hai milagres en economía nin en política, eu creo que non hai milagres en case nada, excepto na Biblia—, en todo caso, o que é verdade é que axuda, sen ningunha dúbida, a que esta repartición se materialice.

E co terceiro punto —e aquí xa digamos que nos apartamos un pouco máis— trátase de conseguir un sistema recadatorio fiscal que recade máis e que recade dunha forma máis xusta e cunha perspectiva máis redistributiva, e que se carguen máis fiscalmente as rendas do capital e o patrimonio —chamémoslle como lle chamemos, dáme igual se é o patrimonio, se son as sucesións..., en fin, todos entendemos de que estamos falando, eu creo que non fai falta precisar demasiado—, porque o que é certo é que España está 8 puntos por debaixo en termos de presión fiscal que a media da Unión Europea, e, polo tanto, hai alguén que está pagando menos que outros similares en Austria ou na República Federal Alemá. Todo parece indicar que os traballadores non son, pois só quedan outros. A min, ¿non?, o terceiro estado, iso xa rematou. Polo tanto, o sistema é claramente inxusto, hai que melloralo.

E o cuarto punto é froito dos outros dous; é dicir, que, como a riqueza non se reparte vía salarios, porque a negociación é absolutamente asimétrica, e o sistema tributario fraquea, nós entendemos que ese sistema tributario máis xusto é imprescindible para reforzar o Estado do benestar. E aquí poderiamos falar de sanidade, e poderiamos falar da educación, e poderiamos falar de pensións e de dependencia e de seguro de desemprego. Poderiamos falar de todo aquilo que axuda a que a sociedade sexa máis igualitaria para corrixir o que os salarios non conseguen. Eu creo que ata aquí, en fin, estaría bastante ben que todos coincidiramos, pero lamentablemente non é así.

E o quinto punto —e último punto e, desde logo, estou falando das emendas que presentamos, porque as emendas que presentamos se insiren claramente neste pretendido fío argumental— ten que ver con lograr unha sociedade máis igualitaria; por suposto, máis igualitaria entre homes e mulleres. E eu, efectivamente, veño escoitando moito tempo neste Parlamento, e, ademais, escóitoo con satisfacción —teño que dicilo—, a necesidade de que todos os grupos políticos vaiamos xuntos na mesma dirección á hora de loitar contra a violencia de xénero. Preocúpame o coqueteo do Partido Popular con Vox en Andalucía, preocúpame. *(Aplausos.)*

Porque desde logo espero que a partir dese momento este discurso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Preocúpame, ¿que queren que lles diga? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ben, pois vexo que non me preocupa a min só, vexo que non me preocupa a min só, do cal me alegro.

Polo tanto, esa sociedade máis igualitaria en termos de xénero e en termos de clase, porque as clases existen, existen os xéneros e existen as clases —ese é un diagrama de dobre entrada bastante fácil de entender: hai homes pobres e mulleres pobres e homes ricos e mulleres ricas—, esa liña argumental insírese dentro das emendas que nós presentamos, que foron as «emendas basura», as setenta e nove, das cales aceptaron catro —vese que eran as menos lixo das que presentamos, o Partido Popular aceptou catro, transaccionou outra e retiramos unha por un problema técnico noso—, insírense en catro bloques, que responden a este fío argumental.

O primeiro ten que ver co propio contexto macroeconómico, e é fundamentalmente a emenda 32. Trátase de aproveitar a marxe de déficit. Eu creo que é perfectamente lexítimo aproveitala. O señor conselleiro dime que non. Non sei se me di que non é lexítimo ou me di que non sei disto, probablemente me di a segunda cousa, pero eu vou perseverar en todo caso. Eu creo que aproveitar a marxe de déficit é unha cuestión perfectamente defendible, non creo que sexa rupturista, creo que non é colectivismo soviético, non ten nada que ver cos khmers roxos camboxanos, estamos dentro da ortodoxia financeira europea máis absoluta. Polo tanto, non sei moi ben por que non se fai, excepto para que o señor Feijóo poida dicir que é un magnífico xestor. Porque logo é verdade que, á vez que non se aproveita esa marxe de déficit, temos uns problemas de execución orzamentaria fortísimos. Sei que unha parte ten que ver coa periodificación dos fondos que veñen de fóra da propia Administración autonómica e, polo tanto, tamén da xustificación de gasto de axentes externos á propia Xunta, etc. Pero cando, señor conselleiro, se fai unha modificación orzamentaria de 140 millóns de euros o día 31 de decembro de 2017 para pagar débeda, ao que antes dicía de ideoloxía vergonzante temos que engadir unha xestión nefasta, unha xestión nefasta.

O segundo bloque. Nos fondos públicos, eses que deberiamos de recadar cunha política fiscal redistributiva —un anatema marxista de toda a vida, pero a min paréceme tamén perfectamente defendible dende a ortodoxia—, é imprescindible optimizar o uso dos fondos públicos, é imprescindible trasladar esa información ao Parlamento. Hai varios casos concretos, un sobre patrimonio artístico e a necesidade de que, se hai fondos públicos para manter o patrimonio artístico, haxa unha utilización pública —primeiro, gratuíta— moito máis fácil.

O tema do ensino concertado, do que —volvo repetir, para evitar o mantra— non estamos en contra. Entendemos cando se creou e para que. Non estamos a favor de desvirtuar o obxectivo do ensino concertado, que era suplir os déficits do ensino público en determinados momentos, en determinadas zonas. Lamentablemente, agora, que nacen a metade de nenos que hai vinte anos, o problema é menor.

O bloque terceiro ten que ver coa transparencia e o bo goberno, ten que ver co persoal de gabinete, ten que ver co cobro de asistencias dos consellos de administración, ten que ver co que é a imaxe pública. Por exemplo, non é moi recomendable que o señor presidente da Xunta diga no Parlamento que por que o alcalde de Vigo non comprou as bombillas do alumeado navideño en Galicia e as trouxo de Puente Genil. Pois porque había un concurso que gañou unha empresa de Puente Genil. É evidente que este arrebato ultranacionalista do señor Feijóo a min sobrecolleume así por momentos, *(Aplausos.)* pero —volvo repetir— está moi ben, está moi ben facer demagoxia ata cando se respira, pero convén cumprir os contratos e, sobre todo, convén que nos cursos de formación da operación Zeta non haxa intermediarios nin conseguidores de por medio, por isto da calidade democrática. *(Aplausos.)*

Bloque cuarto, servizos públicos. Reforzo da Risga. Hai un problema gravísimo de cronificación da pobreza neste país, gravísimo. Os fogares con todos os seus membros en paro descenderon desde o momento máis alto un 40 %. Pero os fogares sen ingresos, o eslabón máis débil da cadea, descenderon só un 12 %. Están aí, son case 34.000 fogares. Polo tanto, paréceme un insulto, por moito que o orzamento sexa ampliable, que o obxectivo da Risga sexan 10.000 beneficiarios. Paréceme un insulto cando hai 33.800 fogares, segundo a propia EPA —e non invento o dato— *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, sen ingresos na Comunidade Autónoma de Galicia no terceiro trimestre do ano 2018, por moito que nos conten.

Polo tanto, a cronificación da pobreza é un problema. É imprescindible o reforzo da dependencia, cunhas das pensións máis baixas de España e cunha poboación dispersa e con dificultades de acceso aos servizos públicos enormes.

É fundamental a dimensión social do ensino, en termos de gratuidade de libros de texto, en termos de bolsas e axudas. En fin, creo que está case todo dito.

O quinto bloque ten que ver co emprego público. É fundamental que haxa empregados públicos que teñan un nivel salarial e un nivel de estabilidade que permita desenvolver uns servizos públicos que favorezan esa redistribución en segundo nivel da renda e da riqueza. Xa que non o fan directamente os salarios, porque non o fan, que o fagan os servizos públicos, e para iso hai que ter traballadores e traballadoras nos servizos públicos en condicións óptimas.

O bloque sexto, dereitos laborais. Falabamos antes desa perda de peso dos salarios no PIB, que é evidente, é maior en Galicia que no conxunto de España, moito maior que na Unión Europea a 28. En fin, os datos están aí.

A temporalidade —logo falamos moito de demografía—. Temos que a metade dos empregos dos menores de 35 anos son temporais, aqueles que están ocupados, tendo en conta o nivel de ocupación, que xa é baixo.

E logo —xa se falou moito aquí— o tema do Sergas, o tema da sanidade, porque hai que falar, si, do PAC da Estrada e da hepatite C e da dimisión dos xefes de servizo de Atención Primaria en Vigo, claro que hai que falar, ¿como non se vai falar? Só faltaría. É que estamos

falando de redistribución da renda e estamos falando de benestar dos cidadáns. A min resúltame absolutamente inconcibible que alguén poida dicir ou pensar que non hai que falar.

E, da mesma maneira, neste ámbito dos dereitos laborais están os traballadores do Servizo de Prevención de Incendios, do ensino público, dos comedores escolares, de todo iso que é susceptible de progresivamente ir privatizando —chamémoslle como queiramos, pero eu creo que todos sabemos de que estamos falando—.

E o bloque sétimo ten que ver coas corporacións locais. Trátase fundamentalmente de acabar con esa filosofía de que a Xunta invita e os concellos pagan. Trátase de transparencia na repartición de fondos, de criterios obxectivos, de que non sexa *tonto el último*, porque non *é tonto el último, es información privilegiada el primero*. E iso é o único que explica que en doce minutos se cubran os fondos dos programas. Polo tanto, en fin... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dixen que non é tonto o último, que é información privilexiada o primeiro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, desde logo, se hai outra explicación, á miña compañeira Rodríguez Rumbo cando sae aquí nin Deus lla dá, *(Murmurios.)* co cal eu quedo coa que me parece máis razoable, que é esta.

Por certo, vostedes, tan liberais e que falan tanto da libre competencia e dos libres concursos, etc., etc., non está mal que avisen os seus alcaldes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...para que sexan os primeiros en pedir os proxectos e levalos. Estaría ben que, en fin, iso da libre competencia fora para todos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non, terminou o seu tempo. Mire o reloxo, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Miro o reloxo e agradézolle a benevolencia, señor presidente.

Esta é a razón...

O señor PRESIDENTE: Pero é que, se non, hoxe este pleno vai ser moi longo. Moitas grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...evidente de que o Partido Socialista non vai apoiar estes orzamentos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Reafirmámonos nas cincuenta e unha emendas presentadas ao texto articulado. Son unha impugnación á estratexia orzamentaria do Partido Popular, que se ten demostrado como un fracaso en todos estes anos. Tamén definen, na nosa opinión, as liñas básicas dun modelo alternativo á política austericida do neoliberalismo.

Reafirmámonos nelas porque o proxecto de orzamentos que hoxe vai aprobar o grupo maioritario da Cámara insiste na vía equivocada que tomou o Goberno Feijóo cando ocupou a Xunta de Galicia en 2009. A política de austeridade compulsiva que empezou a aplicar no orzamento de 2010 foi un elo con graves consecuencias que aínda seguimos pagando: durísimos recortes nos servizos públicos e na protección social e un brutal incremento da débeda pública.

Ata 2014 a Xunta recortou o seu gasto en máis de 3.000 millóns de euros, o 30 % do gasto orzado en 2009. Menos gasto e máis débeda, porque entre 2009 e 2014 a débeda pública incrementouse en 6.000 millóns de euros, o 250 %. Este é o balance da austeridade: gravísima deterioración do Estado de benestar, acompañada dun endebedamento desbocado. Esa é a herdanza que nos deixa: servizos públicos deteriorados e unha débeda pública, conselleiro, impagable. Unha política económica e orzamentaria fracasada en termos macroeconómicos, que, ademais, provocou unha enorme dor social en termos de desemprego, pobreza, exclusión social e desigualdade. O outro día lino nun xornal: algúns a isto chámanlle o milagre económico. Nós dicimos que é un desastre económico e social provocado por esa política do Partido Popular.

Nos anos da dobre recesión a crise era a xustificación dos recortes. O discurso oficial dicía que, ante a caída dos ingresos, non existía unha alternativa diferente á de recortar o gasto. A falsidade deste discurso quedou demostrada cando no ano 2014 cambiou o ciclo económico; cambiou o ciclo económico en Europa, en España, en Cantabria, en Burgos e en Galicia. Levamos cinco anos na fase expansiva da economía, pero seguimos cunha política orzamentaria de axuste do gasto público. Xa se pode dicir: non é economía, é ideoloxía. O PIB estimado para 2019 é superior en 10.000 millóns de euros nominais ao ano 2009, pero o orzamento nominal está a 611 millóns de euros por debaixo. Este é o motivo fundamental polo que En Marea rexeita este orzamento, porque avulta o crecemento, non está servindo para que mellore o benestar da maioría social. Temos máis riqueza pero menos orzamento, máis riqueza pero menos gasto público, máis riqueza pero menos recursos destinados a financiar a sanidade, o ensino, a protección social, a política de emprego ou o investimento.

É certo que mudou a fórmula, pero a austeridade segue. Na recesión o gasto caía en termos nominais; agora medra, pero faino por debaixo do que crece o PIB. Pasamos dunha fase de axuste duro a unha fase de axuste fino. O resultado, como ben dixo Luís Villares hoxe pola mañá, é que cae a porcentaxe de riqueza que xestiona a Xunta de Galicia. En termos de orzamento liquidado, o 18,5 % do PIB no ano 2009; en termos de orzamento previsto inicial, o 14,9 % para o ano 2019. Eses son 3,6 puntos de PIB. Eu fágolles a conta: 2.400 millóns de euros menos de orzamento público.

Por iso dicimos que a fase alcista do ciclo económico non se está aproveitando para recuperarnos dos recortes aplicados na fase recesiva. É todo o contrario: consolídanse, cronifícanse, fanse permanentes.

Esta política de consolidación de recortes ten consecuencias. Un exemplo paradigmático son os conflitos que percorren a sanidade de Vigo nestas semanas, que sintetizan perfectamente o malestar social que hai no noso país. A dimisión do 80 % das xefaturas de servizo de atención primaria da Área Sanitaria demostra o esgotamento, eu diría a desesperación de persoas que xestionaron con enorme responsabilidade a falta de medios ata que xa non puideron máis. Os motivos da dimisión falan da súa decencia persoal e profesional. Non queren ser cómplices da deterioración insostible do sistema sanitario, non queren xestionar a miseria. Non son palabras que diga este deputado. *(Aplausos.)* Unha dimisión que vén sinalar que dez anos de austeridade ameazan con romper as costuras sociais.

Os servizos públicos, as persoas que traballan neles, as usuarias dos mesmos non poden soportar máis tempo os recortes e a deterioración. Díxoo hai uns días aquí, nesa comisión da que antes falaba o señor Puy, o conselleiro maior. Vou dicir, textualmente, as súas palabras: hai insuficiencia de recursos para atender as necesidades reais do sistema sanitario galego. Iso é o que di o Consello de Contas.

E, claro, falar do gasto sanitario é falar do conxunto do orzamento, porque supón o 43 % do gasto total de cada ano. O que sucede na sanidade ocorre na educación, na atención á dependencia e na exclusión social: insuficiencia de recursos, deterioración, xestión da miseria. Vou dicilo outra vez: estanse rompendo as costuras sociais.

Dez anos de austeridade son demasiados. Por iso hai que deixala atrás e hai que empezar a recompoñer, a reconstruír os servizos públicos e a protección social. Nós dicímolo con total claridade: é imprescindible, é urxente un aumento dos ingresos públicos, o que inclúe obviamente un aumento na recadación fiscal.

Galicia non ten un problema de exceso de gasto público, temos un problema de ingresos. Por iso presentamos estas emendas ao texto articulado, propoñendo un cambio na política fiscal, porque o que non se paga con ingresos págase con recortes ou con máis débeda.

Os ingresos medran —é certo— porque aumenta a base impoñible das diferentes figuras tributarias, pero medran menos que a economía por culpa da súa política fiscal. A fase alcista do ciclo non se está trasladando a un incremento proporcional dos ingresos. Non o fai porque a política fiscal do Goberno central e da Xunta de Galicia ten como un principio obsesivo reducir impostos, a pesar de que o Estado español ten unha presión fiscal oito puntos por debaixo da media da Unión Europea; estamos ao lado de Bulgaria e de Romanía e estamos enormemente alonxados de Francia ou de Dinamarca.

A política fiscal que se ten aplicado nestes anos ten un profundo sesgo ideolóxico conservador, porque reducir impostos sempre beneficia os máis ricos e recortar gasto público sempre prexudica os máis débiles, en especial cando o que se desfiscaliza son as rendas de capital, os beneficios empresariais e os grandes patrimonios.

O orzamento de 2019 é un claro exemplo desta política fiscal para ricos. A medida fundamental é rebaixar o imposto de patrimonio, isto é, a tributación das persoas que teñen patrimonio superior a 700.000 euros. Esta política fiscal forma parte dunha estratexia máis ampla, que é reducir o peso do público na economía: menos ingresos, menos gastos e, polo tanto, deterioración dos servizos públicos. Vou dicilo con claridade: a súa opción premeditada é deteriorar o público para abrir espazo ao negocio privado, *(Aplausos.)* deteriorar como coartada para privatizar. Esta é a clave explicativa da política neoliberal imposta coa crise: canto máis se deteriora a sanidade, o ensino público, a atención ás persoas con dependencia, máis avanza o negocio privado na prestación deses servizos.

Non é unha teoría conspiranoica. O anterior Goberno de Rajoy púxoo por escrito no programa de estabilidade 2018-2021 que presentou na Unión Europea, no que o Goberno Rajoy se comprometía a reducir o gasto público dende o 41 % do PIB actual, do ano 2017, ao 38,6 %; son 2,4 puntos de PIB menos, de recorte de gasto, que se comprometeu Rajoy e Montoro. Eses son 35.000 millóns de euros menos, e os recortes, cando se analizaba a memoria que o acompañaba, concentrábanse fundamentalmente na función de sanidade e na función de educación.

Por iso presentamos estas cincuenta e unha emendas —eran cincuenta e dúas, pero unha foi aprobada, votada a favor polo Partido Popular—, porque, fronte á resignación, aos recortes e ao axuste permanente, nós dicimos que xa no quinto ano da fase alcista debe ser o momento de reorientar a estratexia orzamentaria.

Cincuenta e unha emendas, e vou falar dalgunha delas, porque teñen dous obxectivos. O primeiro é incrementar os ingresos públicos e, o segundo, defender os servizos públicos. Para incrementar os ingresos presentamos unha batería de emendas, da 38 á 41 e a 49, co obxectivo cuantificado de obter 400 millóns de euros máis dentro dun plan plurianual que permita recuperar ao final da seguinte lexislatura o nivel de ingresos previos á recesión e á austeridade.

Para isto propoñemos catro eixos diferentes. O primeiro é un incremento dos recursos procedentes do Estado, actuando sobre o modelo de financiamento autonómico e tamén sobre os instrumentos para o reequilibrio territorial. O segundo é un paquete de medidas fiscais co obxectivo de incrementar a recadación dos impostos propios e cedidos, actuando sobre figuras tributarias que xa existen e creando outras novas. O terceiro eixo que propoñemos é unha minoración selectiva e ponderada do actual nivel de beneficios, bonificacións e exencións fiscais; parece evidente que, se os beneficios fiscais no orzamento do ano 2019 son 490 millóns de euros, é posible reducilos actuando sobre os contribuíntes con maior renda, mellorando así non só a suficiencia do sistema senón a equidade fiscal. E o cuarto punto é un plan reforzado de inspección e de loita contra a fraude fiscal.

O segundo obxectivo das nosas emendas é defender os servizos públicos diante dos ataques privatizadores que está sufrindo. Para isto presentamos as emendas da 15 á 30, referidas á mellora das condicións laborais das persoas que prestan os servizos públicos; a emenda 33, destinada a evitar os contratos de colaboración público-privados; as emendas 34, 35 e 36, destinadas a evitar o incremento dos centros educativos concertados e eliminar os concertos que segregan por sexo.

Son cincuenta e unha emendas para aumentar os ingresos e mellorar os servizos públicos, dando resposta ás demandas da cidadanía. Nin podemos nin queremos aceptar resignadamente a deterioración do público, como parece que fai a Xunta de Galicia.

Vou dicir algunhas palabras do presidente Feijóo que case me provocaron tenrura. Diante do conflito da sanidade de Vigo, o presidente Feijóo dixo: facemos o que podemos, o que supón un recoñecemento implícito de que sen máis medios non se poden resolver os problemas. Necesitamos máis medios, máis ingresos, máis recursos. Esa é a clave, porque se non as lamentacións de Feijóo lévannos á frustración ou á melancolía.

Hai moito en xogo. Xa levamos dez anos de austeridade e a xente non pode máis. Estanse desgarrando as costuras sociais. O malestar da cidadanía está provocando desafección nas institucións democráticas. Necesitamos máis ingresos para financiar unha política económica que impulse un modelo de crecemento baseado na economía produtiva e que esa maior riqueza se traslade a un maior benestar da cidadanía, combatendo a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión.

Señor conselleiro, temos dereito a vivir nun país mellor, a ter empregos estables e decentes, a recuperar os niveis de calidade dos servizos públicos, a ter unha mellor protección social para os pensionistas, as persoas desempregadas, as persoas dependentes. Temos que combater para reducir a pobreza e a desigualdade. Temos dereito a dispor dunha rede de protección pública que remate cos desafiuzamentos ou coa pobreza enerxética. Vou dicilo nunha soa palabra: temos dereito a vivir nun país máis xusto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

A verdade é que eu quero comezar pedindo desculpas por un termo que eu utilicei na comisión para referirme ás emendas, porque as cualifiquei como «emendas basura», e seica non lle gustou á oposición, e eu quero pedir desculpas, porque eu creo que os deputados temos a obriga de usar o galego de acordo coa normativa, e, polo tanto, non son «emendas basura», son «emendas lixo»; *(Aplausos.)* «emendas lixo» son aquelas que farían Galicia moito peor.

«Emendas lixo» é, por exemplo, propoñer que a Administración non dispoña de papel e bolígrafos a partir do 1 de xaneiro de 2019. «Emendas lixo» é propoñer que a Administración quede incomunicada e que non haxa recursos para as comunicacións telefónicas, telegráficas ou dixitais da administración pública. «Emendas lixo» é que aqueles que subiron un 40 % o gasto en gabinetes veñan agora cuestionar o que gasta este goberno, que é un 40 % menos do que gastaban vostedes, máis aínda cando goberna o Partido Socialista en Madrid e gastan un 40 % máis que o Goberno de Mariano Rajoy. Iso é hipocrisía e nós, dende logo, non estamos de acordo con nada diso.

Miren, basicamente o resumo deste debate é o seguinte: os que non fixeron os deberes veñen criticar os que aprobamos a asignatura. Os que gobernan en España e nin sequera presentaron borrador de orzamentos critican aqueles que hoxe, un 18 de decembro, aprobamos aquí nesta Cámara os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano que vén, que entrarán en vigor o 1 de xaneiro. Esa é a crítica que traen os señores do Partido Socialista e das Mareas de Podemos.

Mire, nós dende logo non imos comungar con rodas de muíño. O BNG, efectivamente, recoñece por fin que este goberno ten unha folla de ruta. Claro que a temos, sabemos de onde vimos e sabemos a onde imos. Para o BNG —esta é a modernidade do nacionalismo— *beber Fanta es de ricos*, e por iso o que antes valía 1 euro queren que a partir do 1 de xaneiro de 2019 valla 9. ¿Están de broma? Pero, de verdade, ¿están de broma?

Acúsannos de recortar emprego público en Galicia. Miren, efectivos, ano 2008, 86.858 traballadores públicos en Galicia; ano 2018, 86.995; 125 máis, efectivamente. ¿Pero sabe que pasou durante estes anos de crise noutras administracións nas que gobernaba esa esquerda magnífica? Junta de Andalucía, 12.000 empregados públicos menos que ao inicio da crise. Pero ¡que lecciónsnos veñen dar!, ¡que lecciónsnos veñen dar!

Fala vostede de sanidade. Mire, estamos moi orgullosos do que facemos en materia de sanidade. ¿Sabe por que? Porque os orzamentos da Xunta de Galicia en materia de sanidade para o próximo ano medran un 3,3 %, e estamos falando de 126 millóns de euros máis que este ano. Esa é a diferenza entre o que facemos uns e o que non fixeron outros. ¿E para que? Pois para adicar 10 millóns de euros ao novo hospital de Ferrol, para adicar 12 millóns de euros á ampliación do gran Montecelo, para adicar 12,6 millóns de euros nas novas actuacións en centros de saúde, 1 millón de euros para o plan director do hospital da Coruña, 1,5 millón de euros para a nova Facultade de Medicina, 1,5 millóns de euros parra a reforma do hospital do Barbanza, 5 millóns de euros para o plan director do hospital de Ourense —que ao final se investirán 64 millóns de euros—, 5,25 millóns de euros para o centro integral de saúde do barrio da Residencia en Lugo, 33 millóns de euros para farmacia hospitalaria, 11 millóns de euros para mellorar e reforzar a atención á cronicidade e ao envellecemento demográfico.

Nós estamos traballando arreo por ter unha sanidade cada vez mellor, *(Aplausos.)* e os que nunca fixeron nada non nos van dar lecciónsabsolutamente de nada.

Señor Losada, eu teño que dicirlle que *la propaganda está muy bien,* pero Galicia está por debaixo da media europea da desigualdade e moito máis por baixo da media de España. Esa é a realidade. Polo tanto, eu pregaríalle que use os datos correctamente.

Mire, nós estamos tan preocupados polo emprego coma vostede, tanto ou máis. Dende logo, a nosa folla de servizos é impecable comparándoa coa folla de servizos do Partido Socialista. Vostedes deixaron o Goberno de España preto dos seis millóns de parados; vostedes, no seu último ano á fronte do Bipartito, 50.000 parados máis, entre 2008 e 2009. Esa é a realidade. ¿Que fixemos nós? Baixar o paro. Entre o ano 2013 e 2014, 19.000 parados menos; entre o ano 2014 e 2015, 23.000 parados menos; entre o ano 2015 e o 2016, 22.800 parados menos;

entre o ano 2016 e o 2017, 20.900 parados menos; entre o ano 2017 e o 2018, 18.000 parados menos. No que vai de ano, 16.800 parados menos. *(Aplausos.)* Estamos falando de 120.000 parados menos ao longo deste período, gústelle ou non lle guste.

Polo tanto, preocupados polo emprego e pola calidade do emprego, é ao que nos adicamos, levamos dez anos adicándonos a esa tarefa.

E vostede di que o preocupa algo de Andalucía. Mire, o que o debería de preocupar de Andalucía é que Andalucía é das comunidades cos índices de violencia de xénero máis altos de toda España. Esa é a realidade —diso non falou, diso non falou—, dos máis altos de toda España.

E, polo tanto, nós imos seguir traballando nunha folla de ruta que ten como obxectivo mellorar a política social. Miren, fondos adicados á inclusión social por parte da Xunta de Galicia: cando gobernaban vostedes, no ano 2009, o seu último orzamento, 66,4 millóns de euros; ano 2018, 115 millóns de euros; falamos dun incremento do 67 %. Ese é o noso compromiso coa política social; non de palabrería, ¡eh!, de feitos avalados cuns orzamentos.

Renda de integración social de Galicia. A vostede preocúpao. É que cando gobernaban vostedes adicaban 23 millóns de euros; neste ano van ser 64 millóns de euros; tres veces máis, multiplicamos por tres o gasto na renda de integración social de Galicia. ¿Que lecciónns nos quere dar vostede, señor Losada?, ¿que lecciónns nos quere dar o seu partido? *(Aplausos.)*

Señor Lago, di que o endebedamento de Galicia é desbocado. Pois ten que saber que, se lle fixeramos caso ao seu partido e ao partido anterior, antes, cando se chamaba AGE, se lle fixésemos caso, Galicia estaría endebedada en 1.000 millóns de euros máis. Polo tanto, vostede está propoñendo agora o contrario do que propuxeron nos últimos anos. *(Murmurios.)* ¡Ah, AGE non ten nada que ver con vostedes! ¿Pero son ou non son? Non nos tome o pelo, señor Lago, ¿son ou non son? ¿Son vostedes herdeiros de AGE?, ¿son o mesmo ou non o son?

E, por certo, cuestionar o compromiso coa sanidade do Partido Popular, dende un partido que invita a xente a non vacinarse e que din o que din dende as súas propias filas, é tomarlle o pelo á xente, señor Lago. *Disuélvanse*, xa llo dixen nalgunha ocasión, *(Murmurios.)* fáganlle un favor a Galicia, *(Aplausos.) disuélvanse*, porque dende logo dende esta Cámara fraco favor lle fan cada vez que abren a boca.

Mire, este grupo hoxe podería saldar este debate cunha reflexión moi breve e moi sinxela, e é que, partindo de premisas falsas, o máis normal é chegar a conclusións tamén erradas e tamén falsas. Os tres grupos da oposición volveron traer a este debate uns orzamentos cunha proposta irreal e que dende o noso punto de vista non ten nada que ver coas necesidades actuais de Galicia. A súa folla de ruta quedou perfectamente clara ao longo desta mañá: máis impostos, máis débeda, máis déficit. Iso é o que propoñen vostedes para o futuro de Galicia. Nós, dende logo, cremos que a folla de ruta non debe ser esa.

A vostedes o debate de orzamentos impórtalles moi pouco. Teñen sistematizado presentar as mesmas emendas cada ano. O ano que vén volveremos falar exactamente do mesmo. A

vostedes dálles igual que lles expliquemos que as súas iniciativas, as súas emendas, contraveñen normativa básica estatal. A vostedes dálles igual que lles expliquemos que iso lle restaría axilidade e mermaría a capacidade de xestión dos servizos públicos da Administración galega. A vostedes dálles igual que lles expliquemos que as súas proposta empeorarían o funcionamento dos servizos públicos. A vostedes dálles igual que lles expliquemos que iso prexudicaría a viabilidade das contas públicas da nosa Comunidade.

Vostedes presentan incluso emendas que xa llas aprobamos no debate do ano anterior e que xa están incorporadas no articulado deste ano, e dálles igual, vólvenas presentar, proba de que a este debate eu creo que lle adican bastante pouco tempo.

Vostedes veñen aquí cun discurso, un mantra, que é o mantra do rodillo. Iso é o que lles gusta a vostedes: falar do rodillo. Señor Losada, aforre entrar neste tema, porque en Vigo, cero propostas, cero emendas da oposición aceptadas. Polo tanto, deixe o tema do rodillo para os demais, porque de rodillos quen máis sabe en Galicia é un señor que se chama tamén Losada, pero é Abel.

Mire, a vostedes dálles igual o seu discurso *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, dálles igual que as súas propostas non sexan —pídolle desculpas polo erro— aplicables, a vostedes dálles igual que as súas propostas non sexan axeitadas, a vostedes dálles igual que as súas propostas non sexan beneficiosas para os nosos servizos e a vostedes incluso lles dá igual que non sexan legais; preséntanas igual, deféndenas igual. Porque a vostedes non lles importa nada Galicia. A vostedes o que lles importa é poder vir aquí e vir con ese discurso do rodillo da maioría. ¡Bendito rodillo!, que impide que paralicemos a Administración pública galega, que é a súa proposta, a partir do 1 de xaneiro de 2019.

Aínda así, nós intentamos aceptar emendas dos grupos da oposición. Aceptamos catro emendas dos Socialistas, que entendemos que melloran tecnicamente a redacción; ademais, propuxémoslles unha transacción. E, por outra banda, tamén lle propuxemos unha transacción a En Marea, sobre a periodicidade e o formato de información que se remite a esta Cámara.

O Grupo Parlamentario Popular presentou tres emendas. A primeira, unha aclaración sobre os criterios da adecuación dos nomeamentos nos órganos executivos das entidades instrumentais dependentes da Xunta de Galicia. A segunda, unha matización sobre os custos do persoal docente e investigador e da administración do Sistema universitario galego. E a terceira, unha modificación na que se contempla que, nos casos dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal, nas faixas secundarias de xestión da biomasa, cando sexa a Xunta a que se acorde que actúe, as dotacións destinadas aos concellos serán transferidas á consellería competente.

Eu creo que, logo de escoitalos, teño que dicirlles que o seu discurso desmente a visión apocalíptica que vostedes manexan de Galicia. Tan mal, tan mal, tan mal están estes orzamentos que logo, á hora de presentar emendas, nos recursos que se adican á sanidade, o Partido Socialista propón que se incremente un 1,6 %. ¡Home!, non deben estar tan mal cando só adican un 1,6 % de incremento; nós subimos a partida de sanidade un 3,3 %; non debe estar tan mal.

Tan mal, tan mal, tan mal está a educación pública que dende o Bloque Nacionalista Galego piden que os recursos adicados á educación pública, e que arreglarían a mala situación da educación, son un incremento do 0,4 %. ¡Anda que que mal deben estar! E a Risga, ¡que escasos son os recursos!, e por iso dende as Mareas propoñen un incremento do 0,6 %.

Esa é a cativa oposición que ten Galicia nestes momentos, unha oposición que dende logo pretende que esta administración funcione paralizada. E, ao final, ¿en que se resume a súa proposta? Un novo sablazo fiscal aos galegos. Hai algo no que se poñen de acordo os partidos da oposición, que é en subir impostos. Bloque Nacionalista Galego, Mareas de Podemos e Partido Socialista queren que os galegos paguen 464 millóns de euros máis de impostos. O BNG quere subir impostos por un importe de 190 millóns de euros; o Partido Socialista, 123 millóns de euros; e as Mareas de Podemos, 150 millóns de euros máis, 96 en subidas e 53 millóns de euros en eliminacións de deducións.

Ese é o modelo desta oposición. Iso si, vostedes non aclaran canto se recadaría máis en cada cousa e en concepto de que. É paradigmática a fórmula de eliminación de deducións que plantexan as Mareas de Podemos. Sinalan, por exemplo, no capítulo 110, relativo ao imposto de sucesións, que se eliminen beneficios fiscais por importe de 46 millóns de euros. E eu pregúntolle, señor Lago: ¿a quen?, ¿a quen? Porque estas bonificacións son para fillos que herdan dos seus pais. ¿A eles? Estas bonificacións son para discapacitados. ¿A eles? *(Murmurios.)* Estas bonificación son para a transmisión de empresas que favorezan o traspaso interxeracional. 46 millóns de euros que vostedes pretenden recadar máis eliminando estas bonificacións a discapacitados, a fillos que herdan dos seus pais e a empresas que se traspasan entre pais e fillos. Moi ben, ¡noraboa!, ese é o seu modelo; dende logo, non é o noso modelo.

Tamén propoñen dende ese grupo minorar beneficios fiscais, ao redor de 5 millóns de euros en IRPF. ¿Onde? ¿A quen? ¿Na dedución por suxeitos pasivos discapacitados de igualdade ou superior aos 65 anos que precisan axuda de terceiras persoas? ¿Esas son as bonificacións que vostedes queren eliminar? ¿Ou as de nacemento de novos fillos? ¿Ou as das familias numerosas? Eu agardo que no turno de réplica nolo aclare.

Tamén lle queren eliminar outros 2 millóns de euros a beneficios en imposto de transmisións patrimoniais e de actos xurídicos documentados.

Ese é o seu modelo, un modelo carente de rigor. Propoñen novos impostos sabendo que ao final quen vai pagar esa nova carga son os usuarios, o conxunto da cidadanía, e, polo tanto, cargando máis a todos, independentemente da renda. E, polo tanto, ese é o modelo que vostedes propoñen.

Nós temos un modelo solvente e un modelo acreditado, un modelo que ten demostrado funcionar ao longo dos últimos dez anos. Proba diso é que Galicia medra, Galicia medra máis que o conxunto de España; proba diso é que Galicia crea emprego, crea máis emprego que España; proba diso é que Galicia exporta, exporta máis que nunca; proba diso é que temos unha economía máis internacionalizada; proba diso é que temos uns servizos públicos consolidados e atendendo as demandas da cidadanía. Estaría ben deixar a demagoxia na casa, deixar a demagoxia para eses debates internos de partido...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...para esas asembleas que acaban a patadas, *(Murmurios.)* para esas asembleas nas que discuten todos os días se cargar ou non o portavoz de turno. Estaría ben falar de Galicia en serio, pero tamén dende a oposición.

Nós, dende logo, temos un compromiso, temos un compromiso coa Galicia que nos vota e tamén coa que non nos vota. Temos un compromiso coa Galicia que nos vota a nós pero tamén coa Galicia que lles vota a vostedes. E o compromiso é que Galicia siga medrando, non poñer en xogo o que estamos conseguindo entre todos; non o Goberno, porque o Goberno é un axente máis. Pero, dende logo, o que queda demostrado é que é moito mellor ter orzamentos que non telos. E, polo tanto, nós estamos aquí facendo os deberes...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que é do que se trata.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día de novo.

Ben, di o señor Tellado que estamos de broma. Pois non sei. ¡Home!, nós tomamos estes debates moi en serio, señor Tellado. Quen debe estar de broma é vostede, que veu aquí soltar unha serie de mantras do último argumentario que lle mandaron, que debeu ser o das eleccións de Andalucía, porque o vexo un pouco obsesionado, que ata ao BNG lle contesta con Andalucía. *(Aplausos.)* E vén facer chistes sobre Fantas e non sei que. Pois moi ben, pero explíqueme por que os seus cálculos van estar mellor fundamentados que os que levou a cabo o BNG en base á poboación e á previsión de consumo. En todo caso, dixo: xa o discutirán despois no debate da Lei de medidas fiscais; e xa levamos falado dabondo nestes debates anteriores.

Pero, mire, eu só vou poñer un exemplo do seu desnorte en canto á política social. É neses pequenos detalles onde se ve que realmente vostedes non acreditan en cambiar o modelo social e que haxa unha corrección da desigualdade. A min paréceme incrible a obsesión que ten o Partido Popular de presumir de solicitudes da Risga, ¡como se fora algo bo ter moitas solicitudes da Risga neste país!, ¡como se fora algo bo —e como teñen feito en orzamentos anteriores— ter que recorrer a modificacións orzamentarias para aumentar a contía da Risga! É que iso é o síntoma dun problema social gravísimo. Eu creo que non deberían bater no peito con esa cuestión.

Despois, a estratexia do Partido Popular é vir aquí dicir que a oposición mentimos, porque xa sabemos que a verdade absoluta está en mans do Partido Popular e que o coñecemento

absoluto tamén; o que dicimos os demais son aires que nos dan pola cabeza cando estamos chegando a este Parlamento.

Pero, mire, persoal total —dato da Consellería de Facenda, Instituto Galego de Estatística—, de xaneiro de 2009 a xullo de 2017, aí o que estamos vendo é: 2009, 89.299; 2017, 87.377. Esa é a realidade. Eu a última vez que fun a clase de matemáticas 89.000 estaba por riba de 87.000, non sei se cambiou algo.

Evolución do persoal estatutario temporal, aumenta un 16 %; interino, un 67 %; laboral temporal, ¡un 116 %! É que esa é a realidade. Vostedes non aproveitan o emprego público como un motor para o desenvolvemento, senón para levar á práctica a temporalidade da interinidade tamén a ese sector. É o que levan facendo esta última década, e non hai desculpas, porque vostedes poden vir aquí dicir que foi durante a recesión, pero agora que acabou ese ciclo de recesión —que tanto baten no peito con esa cuestión— non aproveitan o medre do cadro macroeconómico para corrixir a tendencia. Eu puxen exemplos na miña primeira intervención de datos de 2018, dos orzamentos, e de datos de 2019.

Insisto —aproveitando que está aquí a conselleira de Educación—: previsión nos orzamentos —fonte: anexo de persoal dos orzamentos da Xunta de Galiza, dos tomos que temos todos nos nosos despachos—: 2018, docentes, 30.180; 2019, previsión, 30.069. É menos. É que non hai por onde collelo. Pode seguir buscando nas follas, que non o vai atopar.

E isto é un síntoma máis que vén directamente no articulado de cal é a política económica que avalan. E vemos os seus resultados noutros aspectos tamén. Falou vostede de emprego. Eu non sei se o IGE fai coma min e non se entera, pero, vendo o peso dos salarios no PIB galego, alcanzou no 2017 o punto máis baixo da serie, máis baixo desde que gobernan vostedes. É que que se reduza o peso dos salarios no produto interior bruto só ten unha explicación: quen o paga é a clase traballadora. É así, señor Tellado —busquen como busquen—: camuflar a realidade.

E nós nestas emendas e neste debate insistimos nunha cuestión: non se trata só de producir e aumentar o produto interior bruto, senón de ver como se reparte o esforzo e como se reparte a riqueza. E todo indica que a consolidación que este marco de traballo, este marco económico está levando da consolidación da precarización e demais son síntomas e xa piares deste sistema, e, polo tanto, entendemos que require dun cambio radical.

E iso ten tamén a súa translación aos servizos públicos básicos. Eu insisto coa cuestión da sanidade, que foi central neste debate, porque é central o debate arredor desta cuestión tamén no aspecto económico, e poño un exemplo. Tamén ao longo deste articulado incluïamos emendas que ían de cara ao control orzamentario e á planificación, que tamén está de sobra demostrado que vostedes non a fan ben e que sempre acaban recorrendo ao Fondo de Continxencia para pagar gasto previsible. Un dos últimos informes *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento.)* que nos achegaron de recurso ao Fondo de Continxencia pois foi precisamente para coller 31 millóns para pagar persoal do Sergas. Iso significa dúas cousas: que vostedes planifican mal e que o sistema de financiamento e a relación económica que temos co Estado é insuficiente, porque non nos chega para pagar os nosos servizos públicos

básicos. Entón, vostedes poden seguir na torre de marfil de San Caetano negando a realidade, pero, desde logo, o que non poden pretender é que nós nos conformemos con ela.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E, polo tanto, continuaremos insistindo neste e nos debates que cumpran, porque nós si que non comungamos con rodas de muíño, señor Tellado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Ben, a verdade é que son bastante inxenuo, porque, de verdade que pensei, señor Tellado, que ía pedir desculpas polo de «emendas lixo», teño que recoñecer que pensei que ía pedir desculpas. Porque é verdade que eu, aínda que o pense, das que vostede pode presentar nunca o diría, e, polo tanto, pareceume que debía de formar parte da excitación do debate. Pero, ben, xa vexo que non, que era unha cuestión estrutural, o cal mostra, en fin, o que todos sabemos.

Lamento moito que vostede falara tan pouco de desigualdade e de pobreza. De desigualdade para dicirnos practicamente que este é o país máis igualitario da Unión Europea, paraíso terreal. E de pobreza pois nin unha palabra, nin de calidade laboral, nin de salarios..., de nada diso, absolutamente ningunha palabra. Pero, ben, tampouco falou de que goberne a lista máis votada nin falou das coalicións de perdedores. A verdade é que non me satisfixo para nada as miñas expectativas políticas, que eran moi altas, como sempre que vostede intervén.

Mire, ¿se fixemos algo pola sanidade? ¿Sabe o que fixemos, señor Tellado? No ano 1986, unha Lei de sanidade pública, universal e gratuíta, que vostedes votaron en contra. *(Aplausos.)* ¡Iso é o que fixemos!, ¡iso é o que fixemos, señor Tellado! ¿E saben por que votaron en contra, verdade? Porque aos que os apoiaban *se les acababa el negocio*; por iso; e, se non, díganos por que. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois ao mellor Povisa tamén.

Por certo, eu sei moi ben quen defende Povisa. *(Murmurios.)* Cando queira, debatemos sobre Povisa. Pode traer unha iniciativa aquí e debatemos de Povisa.

Porque temos Madrid, temos o País Valenciano, temos Baleares; en Baleares, aquel hospital feito polo sistema do de Vigo, que, se recordan, o promovera o presidente Antich, pero o que está na cadea é o presidente Matas, por meter a man; a verdade é que aí hai que recoñecer

que o señor Antich foi francamente hábil: promovelo el e conseguir que encarceraran a Matas; soa a novela negra.

O que fixemos foi iso: defender a sanidade pública. Pódenlle preguntar ao señor Lasquetty, agora flamante xefe de gabinete do seu xefe máximo, como se fai a defensa da sanidade pública en Madrid, vendéndolles a fondos especulativos non a xestión dos hospitais, senón a propiedade dos hospitais, que logo hai que pagarlles con diñeiro público para volver recomprárllelos. ¡Oia!, de verdade, ¿vostedes poden falar de sanidade? ¿Pero non lles dá un pouco de vergonza?, ¿non lles dá? *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, ¿non? Pois non. *(Aplausos.)* A min nada, a min non me dá ningunha. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Mire, outra cuestión: se me preocupa algo de Andalucía. De Andalucía preocúpanme moitas cousas, preocupáronme en determinados momentos e preocúpanme moitas cousas. Agora preocúpame moito unha, e é que todo parece indicar que por primeira vez a extrema dereita vai estar nun goberno en España. Iso preocúpame. *(Murmurios.)* ¡Iso preocúpame! Se é así, preocúpame. Democraticamente, pero a min preocúpame, ¿que quere que lle diga? *(Murmurios.)* E, desde logo, tendo en conta o que eran as coalicións de perdedores e os gobernos das listas máis votadas, pois preocúpame dobremente. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Preocúpame dobremente.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio. *(Murmurios.)* Está no uso da palabra el. Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu estiven en silencio na intervención do señor Tellado. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ademais, prometino solemnemente. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Correcto. Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ben, mire, vostedes falan aquí —e fíxonos un relatorio, ano a ano— da caída do desemprego en Galicia, que eu en ningún momento cuestionei, señor Tellado. Eu en ningún momento cuestionei a caída do desemprego. Eu o único que dixen é que o mercado laboral galego languidece e que hai 70.000 ocupados menos que cando entrou no Goberno o señor Feijóo, e que a caída do desemprego indubidablemente unha parte débese á creación de postos de traballo —é unha obviedade—, pero outra parte moi importante ten que ver coas características demográficas. E vostede debería de sabelo, pero, ben, polo visto non o sabe.

Mire, as diferenzas son tan grandes que no ano 2009 a diferenza da taxa de ocupación entre Galicia e España era de 1,4 puntos e agora é de 3,7 puntos; é dicir, na recuperación estamos saíndo moito peor que o conxunto de España, sen entrar xa en salarios medios, en fin, en

todas estas cuestións das que vostede fala —se me permite a expresión, eu non vou dicir sen rigor, que non quero parecerme demasiado ao conselleiro de Industria—. Pero —volvo repetir— non me conte o que baixa o desemprego, cónteme o que aumenta a ocupación neste país. Cónteme canta xente traballa, cónteme canto cobran, cónteme que tipo de contrato teñen. Xa sei que baixa o desemprego. Sei ler os datos do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, xa sei. Pero cónteme todo o demais, que eu creo que estaría ben, e, sobre todo, cóntellelo aos cidadáns de Galicia.

E mire, non é verdade esa historia que nos contan da menor desigualdade en Galicia, non é verdade. Hai un indicador do INE, que é un indicador que se utiliza —máis alá de que se poden utilizar outros moitos, efectivamente—, que é o risco de pobreza cun umbral fixo. Porque vostede sabe que o risco de pobreza é en función da renda e, polo tanto, se a renda vai aumentando, pois é posible...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ... —remato, señor presidente— que esa taxa de risco de pobreza baixe. Pois a verdade é que, segundo ese indicador, estamos na media de España —é verdade que non estamos peor, pero tampouco estamos mellor—, e significa que o 22,5 % da poboación, é dicir, 600.000 persoas, están en situación de pobreza ou de risco de pobreza.

Está moi ben que fale aquí, señor Tellado, da «basura» das emendas da oposición, que fale de Andalucía, que fale do que lle pareza, pero ¿que lles vai dicir a esas 600.000 persoas con estes orzamentos, señor Tellado?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada, grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Eu hoxe non me podo enfadar co señor Tellado porque ese enérxico «disuélvanse» que dixo fíxome retrotraer a cando eu era un xove estudante na Facultade de Fonseca e iso era o que dicía a policía franquista antes de aporrear os estudantes que estabamos loitando pola democracia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* ¡Disuélvanse! Señor Tellado, o tic do franquismo está anclado profundamente no subconsciente do Partido Popular. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Ao mellor porque o que dirixía aquela política franquista que aporreaba os que loitabamos pola democracia se chamaba Manuel Fraga Iribarne, que era o ministro de Interior da ditadura de Franco. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Disuélvanse!, señor Tellado.

Señor Tellado, xogo de trileiro. Xogo de trileiro. Cando vostede vén aquí e empeza a dicir 2013 con 2012, 2014 con 2013, 2015 con 2014, ¿que pretende? Ocultar que hoxe hai 120.000

empregos menos que antes da recesión. Non me diga onde está a bolita: ¡120.000 empregos menos que antes da recesión! E, señor Tellado, hai 43.000 persoas en paro máis que antes da recesión. Fíxese, 120.000 empregos menos, só 43.000 parados máis, ¿por que? Grande instrumento para reducir a cifra de paro: a caída da poboación activa, a emigración, o envellecemento.

Non vou discutir que saímos da recesión. ¡Claro que saímos da recesión! Igual que Tesalónica, igual que Burgos, igual que o conxunto da Unión Europea. Nada ten que ver a Xunta de Galicia en que quebrara Lehman Brothers no ano 2008 nin en que Grecia volva crecer. Nada temos que ver con iso, conselleiro. Onde si é en como se aplica, en como se utiliza a fase de crecemento para mellorar o benestar da xente. E, nese sentido, vou facer unha referencia ao que dixo o señor Puy sobre o salario mínimo. Se non subimos agora o salario mínimo, ¿cando o imos facer? Levamos cinco anos de crecemento, cinco anos de enormes beneficios empresariais, cinco anos de rendibilidade extraordinaria do capital, se non o facemos agora, ¿cando o imos facer? O señor Puy mente ou non entende a información. Ou mente ou non entende a información.

Primeiro fala do Banco de España. Déixeme que diga algo, se o Banco de España no ano 2009, en vez de ocuparse dos salarios e das pensións, metera no cárcere a Rato, iríalle moitísimo mellor a este país. O Banco de España que faga o que ten que facer, vixiar as entidades financeiras, *(Aplausos.)* e deixar os salarios e as pensións á marxe.

A Airef non dixo... Non sei se todo o mundo coñece esa entidade, Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal. A Airef non dixo que se ían destruír 40.000 empregos, señor Puy. A Airef dixo: subir o salario mínimo a 900 euros vai beneficiar a 1.200.000 persoas; incrementando a masa salarial en 1.700 millóns de euros; dignificando a vida de moitas persoas asalariadas. Dixo a continuación que o ritmo de creación de emprego se vería reducido e que, polo tanto, en vez de 500.000 empregos no ano 2020 se crearían 460.000. Non dixo que se ían destruír empregos, senón que o ritmo de creación de emprego ía ser lixeiramente inferior, a cambio de que 1.200.000 persoas teñan salarios decentes, señor conselleiro. Si, conselleiro, *(Risos.)* estaría ben que o entendera.

Pero quero rematar con outra idea. Dez anos de austeridade son demasiados, e iso provoca custos insoportables. Estamos vendo en todos os sectores como as costuras sociais se están retorcendo, como xorden conflitos, padecementos, problemas en todos os servizos públicos en todo o territorio, e é normal. Porque un pode soportar, en medio desa gran recesión que provocou a xestión neoliberal, no primeiro ano, no segundo ano, no terceiro ano, no cuarto ano, austeridade, restrición e control, pero non lle poden dicir que o resto da súa vida vai ser así. Non poden dicir que isto é o normal, que a recesión xa pasou pero que este modelo social é o que temos para sempre. Non lle poden dicir que non é posible ter unha sanidade pública diferente á que hoxe temos en Vigo. Conselleiro, iso non o poden dicir. Polo tanto, este é o momento no que hai que cambiar de estratexia orzamentaria. O centro do debate ten que ser como incrementamos os ingresos, señor conselleiro, ese é o seu traballo. Non pode seguir sendo ese latiguillo de baixar impostos, ese latiguillo de a ver de onde recortamos, ese latiguillo de devaluar as condicións de vida da xente.

Remato. Teñen unha responsabilidade enorme porque están no goberno. Señor Tellado, cando gobernemos nós xa lle direi, xa lle diremos, onde imos atacar os beneficios fiscais dos máis ricos. Xa llo diremos nese momento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LAGO PEÑAS: Pero agora o goberno son vostedes, e vostedes deberían aplicar esta política, porque o custo, en termos de desafección democrática, que está habendo no noso país empeza xa a ser perigoso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor Lago, non se confunda, xa están gobernando en España, e ¿que pasa en España? Que non hai orzamentos. *(Murmurios.)* Esa é a realidade. Onde gobernan vostedes, nada funciona. Vaia vostede a Ferrol, invítoo cando queira, e así descubrirá que é o que pasa cando gobernan as Mareas de Podemos: todo se para, nada funciona. Iso si, *contratitos a los amigos, todos, porque para eso fueron firmantes del manifiesto fundacional. (Aplausos.)*

Eu quero agradecerlle á voceira do Bloque Nacionalista Galego que recoñeza o noso compromiso coa política social. Señora Presas, agradézoo profundamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro que incrementamos os fondos destinados á renda de integración social de Galicia! Multiplicámolos por tres. Pasamos de 23 millóns no ano 2009 a 64 millóns de euros neste ano 2019. A realidade, señora Presas —teño que corrixila—, é que o número de solicitantes baixa. Se comparamos os datos deste ano 2018 con respecto ao ano 2017, o número de solicitantes reduciuse un 11 %.

Nós mantivemos o emprego público en Galicia nos peores anos da crise económica: 89.000 efectivos. Na Junta de Andalucía, onde gobernaban eses que son tan progresistas, reduciron 12.000 empregos públicos. Iso é o que diferencia a uns e a outros. Polo tanto, ¿compromiso coa función pública? O noso. ¡Claro que temos un compromiso coa política social! Nós incrementamos o número de prazas en centros de día, en residencias, en centros de Alzheimer, ¡claro que si! Fixemos todo iso no peor momento da crise económica. Neste ano que vostedes están tan comprometidos coa sanidade pública, ¡oia!, os orzamentos aos que agora van votar vostedes en contra incrementan en 126 millóns de euros os recursos para a sanidade pública galega. E vostedes van votar non, esa é a realidade. Nós imos subir os fondos da sanidade pública galega en 126 millóns de euros para o ano 2019, un 3,3 % máis.

Señor Losada, tonto el último, ¿verdade? Iso cóntello vostede ao señor Borrell. Mire, ¡claro que falamos de desigualdade, e claro que falamos de pobreza, cando vostede queira! ¿Como se atende a pobreza? Creando emprego. Nós creamos un 10 % de emprego ao ano, esa é a realidade. Incrementamos os recursos de inclusión social. Cando gobernaban vostedes, 66 millóns de euros; neste ano, 115 millóns de euros. Ese é o compromiso.

E se vostede se quere falar das súas preocupacións con Andalucía, non me entendeu, eu referíame a Chaves e a Griñán. Benvidos a aqueles que queremos modificar a lei electoral para que goberne o que gañe. ¡Lástima que fose necesario que perdera a señora Susana Díaz as eleccións en Andalucía! Unha lástima. Nós, dende logo, defendemos que goberne a lista máis votada. Defendémolo sempre, cando nos interesa e cando non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostedes están nesa situación.

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: A verdade é que queda comprobado. Cando un deputado de Podemos fala de Franco nun Parlamento, é que ten perdido o debate, señor Lago. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Esa é a realidade.

Mire, lecciónsʼ... É que eu era moi pequeno, eu era moi pequeno. Lecciónsʼ de democracia dende o seu partido..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* lecciónsʼ de democracia dende o seu partido...,

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...comprenderá que non llas podemos aceptar..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...nin nós, nin o señor Villares, nin o señor Bruzos. Lecciónsʼ de democracia por parte do seu partido, non somos capaces, esa é a realidade.

Están vostedes instalados na loita interna, na loita permanente. Pero nós estamos aquí para falar de Galicia, da Galicia que vén, da Galicia que medra, da Galicia que avanza. Vostedes están empeñados en *lo suyo.*

Non, non, este debate é para definir as liñas económicas da Galicia que vén, da Galicia do ano 2019. E hai dous modelos: o modelo de Galicia e o modelo de España. O modelo de Galicia, o modelo do presidente Feijóo, un goberno previsible e rigoroso que traballa cunha folla de ruta clara e definida. A que nos mandaron os galegos, a que decidiron nas urnas. Ese é o noso camiño.

¿O seu modelo? O modelo da incerteza, o goberno das minorías que chantaxean a maioría. E o seu modelo non ten orzamentos, esa é a realidade. E hai que elixir entre os modelos, señorías, esa é a realidade.

Hoxe aquí o que se constata é que hai unha maioría e tres minorías. Hai unha maioría responsable, seria, rigorosa, que goberna para todos, incluso para os que os votaron a vostedes.

Nós queremos facer unha Galicia moito mellor que a actual; unha Galicia que avance, unha Galicia que suma. Eu entendo que vostedes están instalados no catastrofismo. É normal que

a vostedes estes orzamentos non lles gusten, porque nós cremos en crear emprego e vostedes apostan reiteradamente por destruílo; nós cremos en baixar impostos e vostedes permanentemente apostan por subilos; nós cremos en reducir a débeda e en reducir o déficit e vostedes o que queren é máis débeda e máis déficit.

Efectivamente, hai dous modelos: vostedes están instalados no catastrofismo interesado e nós estamos instalados na idea de que Galicia avance. Nós traballamos todos os días para que os nenos que están nas escolas infantís; para que os mozos que están na secundaria, na formación profesional, na universidade; para que as persoas que queren emprender e que queren buscar oportunidades de futuro; para que os maiores que están nas nosas residencias e nos centros de día; para que as persoas que están nos centros de saúde de todo o país teñan oportunidades de futuro e que vexan mellorar a calidade de vida cada ano que avanza.

Polo tanto, aquí ou estamos para sumar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...ou estamos para restar. Nós temos claro para o que estamos, para sumar: para que Galicia avance e para que Galicia medre, e, dende logo, cando vexamos o seu voto nestes orzamentos, quedará constatado que vostedes só son profesionais de restar e de dividir. Nese camiño nunca nos atoparán.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Rematado o debate, procedemos ás votacións.

Pechen as portas, por favor.

Primeiro procederemos á votación dos estados de gastos e á votación dos orzamentos das seccións, e logo votaremos o articulado.

Votación do Ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

Votación dos estados de gastos

Votación dos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando os estados de gastos. Neste caso votariamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Por parte do Grupo Parlamentario Socialista pediuse separar emendas —léoas—: Na sección 05, que se corresponde con Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Pú-

blicas e Xustiza, sería a emenda número 12. Na sección 06, que é a Consellería de Facenda, a emenda número 25. Na sección 09, Consellería de Economía, Emprego e Industria, a emenda número 48. Na sección 14, Consellería do Medio Rural, a emenda número 300. E no Servizo Galego de Saúde, as emendas número 147 á 149, 161 á 164, 166, 167, 175, 176, 187 á 189, 197 á 199, 208 e 209. Votamos.

Votación da emenda número 12 presentada aos orzamentos da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), da número 25 á sección 06 (Consellería de Facenda), da número 48 á sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria, da número 300 á sección 14 (Consellería do Medio Rural) e das emendas números 147 á 149, 161 á 164, 166, 167, 175, 176, 187 á 189, 197 á 199,208 e 209 ao Servizo Galego de Saúde, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos tamén por separado as emendas que pediu o propio Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

¿Podémolas agrupar todas? Podémolas agrupar todas. Son emendas todas ao Servizo Galego de Saúde, en concreto: a 148, 150, 151 e 152. Votamos estas emendas.

Votación das emendas números 148, 150, 151 e 152, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, aos orzamentos do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos conxuntamente o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentadas aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos de xeito conxunto as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia presentadas aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea. O Grupo Parlamentario Socialista pediu votar por separado as emendas á sección 10 (Consellería de Educación), en concreto a emenda 175; á sección 14 (Consellería do Medio Rural), emenda 362; e ao Servizo Galego de Saúde, da emenda número 258 á 273

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

¿Perdón?

Si, señor Leiceaga, ¿para que quere a palabra?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Queriamos votar por separado, da sección 10, todas as emendas menos a 175, a 362 e da 258 á 273. Iso é o que queriamos.

O señor PRESIDENTE: Ao revés.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Claro, ao revés na sección 10.

O señor PRESIDENTE: Entón, o que vostedes queren é votar todas as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e separar estas. Estas separámolas á parte.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Queriamos separar todas as da sección 10 menos a 175, a 362 e da 258 á 273.

O señor PRESIDENTE: Perfecto.

Entón, votamos todas as emendas coas excepción que acaba de comentar vostede e que todos entendemos.

Votamos conxuntamente todo isto. Si, si, é o que me dixo vostede.

Entón votamos conxuntamente coas excepcións que acaba de explicar.

Votación das emendas do G. P. de En Marea números 176 á 216 aos orzamentos da sección 10 (Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional), da número 362 á sección 14 (Consellería do Medio Rural) e das números 258 á 273 ao Servizo Galego de Saúde..

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.
En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o resto das emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación conxunta das emendas do G. P. de En Marea presentadas aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos de xeito conxunto os orzamentos de todas as seccións e todas as entidades públicas instrumentais, coas emendas aceptadas se fora o caso.

Votación conxunta dos orzamentos das seccións e entidades públicas instrumentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos de todas as sección e todas as entidades públicas instrumentais.

Votación do texto articulado do ditame

O señor PRESIDENTE: Rematada a votación dos estados de gastos, procedemos agora a votar o texto articulado do ditame. Comezamos votando de xeito conxunto as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que son as emendas da 1 á 35.

Votación conxunta das emendas 1 á 35, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao texto articulado do ditame.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34 ; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos, tamén conxuntamente, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, da 1 á 79.

Votación conxunta das emendas 1 á 4, 6 á 8, 10 á 13, 16 á 47 e 49 á 79, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao texto articulado do ditame.
Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Votamos tamén conxuntamente as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, da 1 á 41 e da 43 á 52.

Votación conxunta das emendas número 1 á 41e da 43 á 52, do G. P. de En Marea, ao texto articulado do ditame.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o texto articulado do ditame.

Votación do texto articulado do ditame.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto articulado do ditame.

O señor PRESIDENTE: Queda aprobado o texto articulado do ditame. Polo tanto, quedan aprobados os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. *(Aplausos.)*

Suspendemos a sesión.

Remata a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde.

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25